

AUNIOS

Nº 18

MAIO 2013



ASOCIACION CULTURAL

Pineiróns



COLABORAN	PÁXINA	ARTIGOS
Luís Rei	2 - 4	RAMÓN CABANILLAS E O MAR DE O GROVE
Celestino Pardellas de Blas	5 - 8	AS FURNAS NOS CANTÍS DA ILLA DE ONS (I). FURNA DO CASTELO DA RUEDA
Lino J. Pazos Pérez	9 - 10	NON ESQUEZAMOS O PASADO
Colexio Rosalía Castro (Grove)	11	A MEMORIA FOTOGRÁFICA DE O GROVE
Francisco Meis	12	EMILIA PARDO BAZÁN E A LENDA DOS BURROS DA TOXA
Manuel Chazo Cores	13	RÍA DE AROUSA
Fernando J. Costas Goberna	14 - 15	OS MONXES DO MOSTEIRO DE OIA ASALTADOS EN BAIONA
Henrique Dacosta López	16 - 18	DO SARTEGO A LAXE DO CREGO
Ana Vilas Paz	21 - 23	O PATRIMONIO INMATERIAL NOS ESPAZOS PROTEXIDOS. O CASO DA ILLA DE ONS
José Miguel Besada Fernández	24 - 27	HOMENAXE A JOSÉ MIGUEL BESADA FERNÁNDEZ. FLOREANO E OS VIKINGOS
Yago Abilleira Crespo	28	OS MODERNOS SAQUEADORES DE NAUFRAXIOS
Javier Fernández Soutullo	31 - 34	PISADAS DOS ANCESTROS NA ILLA DE O GROVE
Paula Ballesteros Arias	35 - 38	PRÁCTICAS AGRÍCOLAS E PROCESOS DE CAMBIO NO ARQUIPÉLAGO DE ONS
Fernando Cabeza Quiles	39 - 41	ONS, A ILLA DA AUGA
Jose Taboada García	42 - 44	O BUSCAVIDAS
Ricardo Arnaiz Ibarrondo	45 - 48	A EXPLOTACIÓN DAS ALGAS EN GALICIA
Emilio Ferrer Jaureguizar	49 - 51	CABOTAXE DE BUQUES DAS RÍAS BAIXAS A NOVA YORK
Xoán Xosé Pérez Labaca	52 - 54	O VOCEIRO DO CUCORNO, UN PERIÓDICO FUGAZ. UN "TALENTO" CHAMADO DELMIRO
Fernando Alonso Romero	57 - 59	ALGUNHAS ANTIGAS CRENZAS TRADICIONAIS DA ILLA DE ONS
Francisco Calo Lourido	60 - 62	O ETRAÑO DAS ILLAS É QUE HAXA PESCADORES
O. A.	63 - 64	O GROVE: OS CONTOS DO TARNO (III)
Julio Santos Pena	67 - 69	ONS, O MEU PARAÍSO DE ONTE (XII). ADEUS ONS, MISIÓN CUMPRIDA
Lolita Aguín	70 - 72	O YAPAYÚ
José Manuel Dopazo Entenza	73 - 74	INTRODUCCIÓN Á FALA DA ILLA DE ONS
Ana Liste	77 - 80	ONS: FRAGMENTOS DE LA MEMORIA ROTA
Cosme D. Ramay Cousido e Emilio Martínez Sabarís	81 - 84	QUE FUTURO LLE ESPERA AO COMPLEXO ONS-OGROVE?

FOTOGRAFÍAS E DEBUXOS CEDIDOS POR:

PÁXINAS

Celestino Pardellas de Blas	5,6,7,8,11,13,16,39,40,41,44,45,46,52,53,57,58,60,61,62,67,68,69. Portada
Luís Rei	2,3,4
Paula Ballesteros Arias	35,36,37,38
Lino J. Pazos Pérez	9,10
Jesús Emilio Ferrer Jaureguizar	49,50,51
Javier Fernández Soutullo	31,32,33,34
Cosme Damian Romay Cousido	83,84
Miguel Besada Costa	25,27,63,64
Fernando J. Costas Goberna	14,15
Lolita Aguín	70,72
Henrique Dacosta López	17,18
Ana Vilas Paz	21,22,23
Francisco Meis	12
Miguel Múñiz (Grove)	24,71
Yago Abilleira Crespo	28
Ricardo Arnaiz Ibarrondo	45,47,48
Ana Liste	54,77,78,79,80
Fernando Alonso Romero	59
Jose Manuel Dopazo Entenza	73

DIRECCIÓN DA ASOCIACIÓN CULTURAL "Pineiróns"
Rúa Conchases, 39 - 2º Esq. - 36980 O GROVE
Pontevedra - Galicia - España
Telf.: 649 424 950
E-mail: tinopardellas@edu.xunta.es

CORRECTOR LINGÜÍSTICO: Anxo López Vergara

A asociación non se fai responsable do contido dos artigos inseridos neste número.

RAMÓN CABANILLAS E O MAR DE O GROVE

Por: Luís Rei

Na cumprida obra do vate cambadés Ramón Cabanillas, entre os milleiros e milleiros de versos que publicou, non atopamos por ningures o nome de O Grove, así que, se cadra, este artigo só se xustifica pola moita lei que quen subscribe lle ten ao poeta de Fefiñáns. Pero tamén pode ser que o nexo lírico entre o bardo e o mar de O Grove ben mereza un artigo, incluso pode que, aínda sen citarse O Grove, o mar que o circunda sexa suxeito (elíptico) dunha presada de interesantes poemas de don Ramón. Que o lector xulgue, pois, se os moradores da península meca debemos incluír ao ilustre escritor na listaxe de autores que cantaron as belezas da nosa paisaxe.

Sinalemos para comezar que antes de que as musas e as circunstancias da vida elevasen a Cabanillas ao rango honorífico de “Poeta da Raza” o home tivo que foguearse escribindo prosas e versos en modestísimos xornais locais ou comarcais, cabeceiras que el mesmo dirixía e practicamente redixía en solitario. Nese tempo e neses medios o nome de O Grove si que andaba con frecuencia no prebe daquelas tintas. Sabemos, por exemplo, grazas a Cabanillas e ao seu decenario *El Umia*, que o mestre que na primavera de 1907 levaba a escola de nenos de San Martiño de O Grove, o marinense Juan Novás Guillán, estaba proposto pola Liga Marítima Española, para ser condecorado coa “Cruz al Mérito Naval” grazas aos seus esforzos para incluír conceptos básicos de náutica na educación primaria, a única que recibían parcialmente todos aqueles nenos que máis pronto que tarde ían ser mariñeiros e moitas veces náufragos. Tamén publicou o citado xornal unha sentida nota polo falecemento de Francisco Otero Moraña, “Alcalde del Grove, modelo de padres y caballeros”. Xustamente a esta relevante familia, que tanto poder ostentou na historia local tivo ocasión de dedicarlle Cabanillas uns versos en *El Cometa*, unha publicación satírica por el dirixida en 1910. Escribía o humorístico xornalista falando de Francisco Otero Goday, que herdara do seu pai a xefatura política de O Grove:

*Bueno, simpático, amable,
no es su centro la política.
Mejor fuera y más querido,
-libre de los que le inspiran-
si pudieran vivir juntos
el cacique y la justicia.*

O inspirador do caciquismo ao que se estaba a referir Cabanillas non era outro que o marqués de Riestra, dono e señor dun emporio financeiro e empresarial e cabeza dun “cacicato” que comprendía varios distritos electorais na provincia de Pontevedra, entre eles o noso, e que daquela andaba a voltas co proceso de expropiación ao seu favor da illa de Louxo. Por iso ironiza Cabanillas, de novo en *El Cometa*, cando afirma nuns versos que imaxinaban como sería o mundo setenta e cinco anos despois, cando o cometa Halley -responsábel do nome da revista- volveuse por estas terras:

*Peral, olivo o ciprés,
cada árbol dará su hoja:
las acciones de la Toja
serán todas del Marqués.*



Ramón Cabanillas


Non acertou Cabanillas: cando o Halley retornou por estes lares, alá por 1986, xa os descendentes de don José Riestra deixaran de ser propietarios do balneario de Louxo. Tamén o tempo -e disque os amaños- levara o campo de fútbol de A Toxa. Histórico terreo de xogo do que debemos a *El Cometa* unha das primeiras noticias. Nin máis nin menos que do verán de 1910. Aínda nin se rematara a ponte pero xa había campo. Sabémolo porque un alcalde da comarca foi por alí a ver se “pescaba” algo e a retranca de Cabanillas caeulle enriba inmisericorde:

*El alcalde de un pueblo que yo sé
una tarde de Julio a Loujo fue
á ver jugar un match de balompié
Desembarcó en la isla e incontinentemente
vislumbró paseando gravemente
a un marqués y un gerente [...]
quienes con afectado disimulo
le volvieron el ...*

Vaia esta pequena mostra para que fique negro sobre branco que Cabanillas se ocupou de O Grove cando escribía noticias “serias” e tamén cando publicaba versos satíricos. Pero o asunto cambiou cando o xornalista se converteu en “poeta-poeta”. Din as crónicas que cando Cabanillas emigrou a Cuba o sol tropical disipou do seu numen as néboas galaicas e así murcharon retranscas e sátiras para abrollar lirismo intimista e versos de loita. Nese punto esqueceu o nome de O Grove pero, como veremos axiña, non as súas paisaxes e contornas.

O primeiro poema que comentaremos titúlase “A Calzada de Cambados” e foi escrito en 1925. Comeza cunha descrición das vistas que se poden ollar desde ese fermoso e céntrico paseo:

*Sol de vran. O mar de Arousa,
de praia a praia tendido,
canso de loitar, repousa.
Ceo azuado e senlleiro.
Limpou de néboa á Curota
o maino vento mareiro.
Alá na boca da ría,
dende a solana da costa
o Con de Noro vixía.
A luz que cai brava e roxa
encende as cunchas de nácar
dos areerios da Toxa,
atolada e cantareira
crava frechas de diamante
nos negros cons da ribeira,
e, ardendo e brincando, chove
moída en pingas de ouro
nos pinales de Tragove.*



É certo que se nos poñemos meco-chauvinistas poderíamos preguntarlle ao poeta se para el entre Noro e A Toxa non había nada salientábel, pero non é menos certo que poucas veces se escribiron uns versos tan fermosos falando desta nosa ribeira, onde o sol *encende as cunchas de nácar*.

Foi Cabanillas o gran bardo do Salnés. Houbo moitos poetas que cantaron este curruncho do mundo pero poucos teñen un repertorio de poemas *salinienses* coma don Ramón. Nun deles, para o meu gusto o mellor, titulado “O Casal de Caticovas” e publicado en 1924 preséntanos o val ollado desde o monte Castrove. Non se esquece o poeta de citar o lindeiro do sur, que é o noso mar:

*O Castrove xigante,
montaña nai da terra benquerida
que se alonga soave, verdecida,
até as praias de Atlante,
- ou meu berce de neno! Ou branco fume
do meu fogar deitado na ribeira!-
está diante de min, cinguido o cume
de brétema esgasada,
ollando a cruz de ferro de Lobeira
e axexando o mar outo da Lanzada.*

Outro ámbito da creación literaria na que o cambadés traballou moito e parece que traballou ben foi a da recreación de mitos e lendas. Narrou a paixón e morte de Pardo de Cela; imaxinou as cabalgadas da raíña Urraca por Galiza; situou o santo Grial no Cebreiro e a espada Escalibor en Sálvora...

*[...] hai unha illa encantada
de rochedos de coral,
esmeralda verdegaiá
ó resplandor do luar,
bicada das manseliñas*

*ágoas de limpo cristal
nas que as sirenas ensaian
seu namorante cantar
mentres os pinos lanzaes
escoltan voces leviáns
que chegan esmorecidas
do misterio de alén mar.*

Eses piñeiros que escoitan na noite o cantar das sereas de Sálvora teñen que ser por forza os de Aguiño ou os de San Vicente, así que non é para queixarse do papel mítico que Cabanillas lle outorga á brava costa do noso mar de fóra. As sagas do “Sant Graal” foron publicadas en 1926 baixo o título de *Na noite estrelecida*.


Castelao e Cabanillas compartían afección polos cantares de cego e xuntos fixeron un libriño con debuxos do rianxeiro e versos do de Fefiñáns no que se fabulaba a vida e milagres de Santo Amaro. O estilo quería imitar a arte popular dos amentados romances de cego, pero mantendo as características da obra culta. Situouse a historia no Salnés e, segundo o relato, foron os mariñeiros destes mares os primeiros devotos do santo:

*Mariñeiros da Lanzada
que o trebón no mar colleu
chamaron por San Amaro,
do mar saíron con ben:
ceguiños que nunca viran,
na cova lograron ver:
tullidos que arrastro foron
volveron polo seu pé.*

Para ir rematando sinalaremos que outro ámbito literario no que o poeta destacou e perseverou foi o da evocación e descrición de xentes e lugares e nese terreo a súa infancia resultou unha patria poética que foi inzando de versos ao longo da vida. Xa no final dos seus anos cultivou con especial énfase as “memorias poéticas”, lembrando as tardes nas que de neno ía a xogar ao Monte da Pastora e o rebulir mariñeiro da hora do axexo, tras o solpor, cando moitos barcos retornaban a porto:

*Abocaban ó porto
as lanchas de enviada coa sardiña
das postas da Barrosa. Da lonxana
punta de Aguiño, lentas, esvaídas
chegaban armoñosas resoancias
de mareiras cantigas
e o chas! chas! das paladas dos remeiros
franxindo a fror das ágoas cristianas;*

*viñan as arriscadas volanteiras,
-proas panzudas e lixeiras quillas-
de Muros e do Son, de Corrubedo
na costa brava, nevoenta e irta.*




Portada da segunda edición de *Vento Mareiro* (1921), o dibuxo da portada é de Castelao

Na precedente estrofa cítanse, certamente, as postas da Barrosa, pero aínda que así non fose penso que calquera mariñeiro de O Grove sentiría o poema como unha descrición do seu mundo e do seu pasado. Esa é, finalmente, a razón pola que pensamos que Cabanillas ben merece o favor dos lectores mecos. O mundo mariñeiro do poeta é o noso mundo: idéntico no léxico, próximo nos temas e irmandado nos sentimentos. E para que non fiquese dúbida do preto que temos a poesía mariñeira de Cabanillas, fechamos o artigo cun poema que non fala de ningures en concreto, seguramente é o retrato fiel dunha taberna cambadesa de comezos do século XX (o poema foi escrito en Cuba en 1912), pero este servidor sempre imaxina a acción da poesía que a seguir reproducimos nalgunha vella taberna do Corgo*. A ver que lle parece a vostedes:

*Os mozos mariñeiros da fiada
lémbrense rindo alleos de coidados:
cheira a aceite e pemento requeimados,
rustido de xurés en caldeirada.
Conta o patrón nun corro a trebonada
do ano setenta, -hectoria de afogados-
e empuxándose, inando, entran mollados
os homes dunha “lancha de enviada”.
Pasa de man en man a xerra roiba
de albariño, e namentas cai a choiva
e o vento fai temblar a casa enteira,
de trás do mostrador crarexa o ceo
nas trenzas de ouro, no mirar sereo,
na surrisa de luz da taberneira.*

O GROVE, xaneiro de 2013

* Sendo así, que menos, que dedicarlle este artigo ao meu taberneiro favorito, Moncho Lavandeiro.



AS FURNAS NOS CANTÍS DA ILLA DE ONS (I) FURNA DO CASTELO DA RUEDA

Por: Celestino Pardellas de Blas

Furna : É o nome co que coñecemos en Galicia a todas as covas, cavernas, buracos,..., que hai ao longo dos cantís.

En toda a costa galega, atopámonos con zonas de fortes e altos cantís que son bañados con dureza polas augas do Mar Cantábrico e polo Océano Atlántico, e outras, situadas máis ao sur, entre Fisterra e a Garda, con cantís moito máis suaves aínda que tamén sofren a dureza dos mares oceánicos que coas súas fortes ondas, baten con ímpeto contra eles, causando nos puntos onde a composición das rochas que forman o cantil é máis feble, que o forte mar fure a parede dando lugar á formación de covas mariñas, furnas.

FURNAS NA ILLA DE ONS

Estas illas, a diferenza das Cíes, teñen unha paisaxe que se presenta máis suave e homoxénea, inda que non evita que se esgace ao contacto co mar pola actuar das ondadas, a través de fracturas nas rochas, que dan lugar a numerosas furnas ao longo de toda a súa costa, tanto na banda máis batida, a que mira cara ao Océano, como na súa parte máis resgardada, a que mira cara á ría de Pontevedra.

Por mor de ser a costa oeste a máis zorregada polos temporais, as súas furnas son máis espectaculares contando con máis altitude e profundidade, chegando en moitos dos casos, a facerse case que impenetrables.

Estimularon numerosas supersticións, sendo a que leva a palma a coñecida polo BURACO DO INFERNO¹, que a carón da súa grandiosidade coma furna, ten unha saída vertical cara ao monte, formando un enorme buraco de máis de 30 metros de profundidade por 5 metros de anchura que unido aos murmurios que, segundo os veciños, escóitanse no seu interior, fixeron remexer a fantasía dos habitantes da Illa ao traveso dos séculos.

As da banda leste e as que se atopan ao norte e sur da Illa, son menos pomposas pero non por iso perden

importancia, pois ao carón da súa mellor accesibilidade, son o suficientemente profundas como para convertelas en interesantes para a súa exploración e estudo, contando todas elas con numerosos contos e lendas ao estar ligadas aos castros e castelos - fortificacións existentes nas súas proximidades.


As furnas presentan un interese, aparte de espeleolóxico e etnográfico, tamén natural e ecolóxico xa que todas elas teñen os seus niños particulares tanto de aves mariñas como terrestres, de pequenos paxaros, sen esquecermos que son refuxio doutros animais terrestres e mariños, entre os que hai que destacar as londras

PRINCIPAIS FURNAS DA ILLA DE ONS

Aínda que sempre atoparíamos algo que contar de cada furna de Ons e, aínda que un gran número delas agochan unha grande historia natural e etnográfica que contarnos, só nomearei as que considero máis representativas.

Para seguir unha orde, partirei dende o peirao de Ons e iremos polo NORDÉS, cara ao norte, alí destacaremos: a *Cova do Castelo da Rueda*, a *Cova da Londra* e a *Cova da Loba*.

Chegados ao NORTE da Illa, ao lugar coñecido coma a *Cova da Vella*, destacaremos: a *Cova do Touro dos Cornos Douro* cunha fermosa lenda e a *Cova do Xovenco*.



¹Sobre esta furna ler en AUNIOS: Beatriz Bruna Quintas. "O Burato do Inferno, un emblema da Illa de Ons". Aunios nº 16. 2011.

Celestino Pardellas de Blas. "Ritos, contos, lendas e historia da Illa de Ons: O Buraco do Inferno". Aunios nº 12. Páxs. 40 - 41. 2007.

Xa pola zona OESTE resaltar: as de *Niño do Corvo*, *Con do Palleiro*, a de *Fontenova*, *covas do Altar*, *covas dos Regueiros*, a do *Cano das Bombas*, *cova das Palomas*, *cova das Grellas* e a mítica do *Buraco do Inferno*.

No SUR sobresaen, na hoxe inaccesible praia de Fedorentos, a súa misteriosa *cova da Praia de Fedorentos* e os segredos que agocha, a cova do *Tobo dos Conexos* e as *Pontes*

E xa por último, polo SUESTE, camiño de novo ao peirao, pasaremos pola *furna das Coviñas* con varios niveis de altura, grandes bóvedas e estalactitas de barro e a *Buraca do Conliño*.

COVAS DA ZONA DO NORDÉS

FURNA DO “CASTELO DA RUEDA”

Á que algúns autores bautizaron tamén co nome de “*Cova das Pombas Bravías*”, xa que nela e ata 1990, aniñaban esas aves.

Características:

Situación : Dende o peirao da Illa e se miramos cara ao norte, veremos os restos do que, no seu día, intentara ser unha batería de defensa da ría de Pontevedra e que os veciños bautizaron como *Castelo ou Fortaleza da Rueda*, ao seu lado esquerdo, mirándoa dende o mar, atópase a furna.

A distancia dende o peirao, en liña recta, é de 200 metros aproximadamente, á que hai que engadir outros 100 máis ao ter que rodear a praia das Dornas.

Acceso : Ten tres posibilidades :

- Ir polas rochas, se temos a habilidade suficiente para andar por elas, e percorrer os case 300 metros dende a praia das Dornas.

- Coller un sendeiro (Ruta do Castelo) que dende a mesma praia das Dornas nos leva ata o Castelo da Rueda e dende alí baixar ata a furna.

- Polo camiño que leva a Melide dende Curro, coller o sendeiro que leva ao Castelo da Rueda (está sinalizado) e chegados a el, baixar, con moito tino, ata a furna.

Dificultade : Mínima, sempre que os sendeiros ata o castelo estean limpos de maleza e , chegados alí, baixemos con coidado polas rochas ata a entrada da cova.

Entrada: Ten unha altura aproximada de 8 metros por 3,5 de ancho. Doado acceso coa marea baixa.

Lonxitude, Ancho e Alto : Inda que a súa longura non é moi representativa, arredor de 10 metros, sen embargo certos buracos que atoparemos nun dos seus lados farannos supoñer que era máis longa, pero que algún derrubamento tapounos.


O Ancho do seu interior é igual ao da entrada, sobre 3 metros. O alto pode chegar aos 10 metros.

Ecología:

Aves Nidificantes : Algúns autores, ao non coñecerse ningún nome popular, puxéronlle *cova das Pombas Bravías*, xa que ata finais dos anos 80 nela aniñaban estas aves pero, debido á caza furtiva que se realizaba durante os invernos decimounas ata o punto de case desaparecer da illa. As que agora miramos en cantidade, son produto da cría nas casas illáns e polo tanto non aniñan nesta cova.

Etnografía:

Historia, contos, lendas,...: Esta furna atópase preto das ruínas do Castelo da Rueda. Estes restos deron moito que falar aos historiadores e investigadores, xa que, para uns eran os vestixios dunha cheminea de aviso contra as incursións que viñan por mar. Para outros, pertencían a un castelo de época medieval. Aínda que a teoría máis exacta e á que se refire ás baterías que, a principios do século XIX, se ían erguer para defender a entrada da Ría contra as posibles invasións francesas...



Castelo de Rueda

LENDAS DA FURNA DO CASTELO DA RUEDA:

FARO DE AVISO E PASADIZO DE FUXIDA²:

Hai autores que din que a orixe destas ruínas veñen dun primitivo “Faro de aviso” que empregaban os antigos moradores da Illa para anunciar aos habitantes da península próxima (bisbarra do Salnés), máis concretamente aos moradores do Castelo da Lanzada, da


² Para saber máis sobre estas sinais de aviso. Fernando Trigo Fontán. “Illa de Ons: As sinais de aviso”. AUNIOS nº 17.2012.

chegada de naves inimigas cara a esa costa.

Hai que ter en conta que ao estar á beira do Camiño de Santiago polo mar (Ruta Xacobeá Marítima), por estas augas internáronse, ao traveso dos séculos, naves comerciais pero tamén outras que trouxeron para estas costas destrución, saqueos e morte

Din que os poboadores de Ons por aquelas datas, ao ver chegar polo poñente naves descoñecidas, ían a este "Faro" e prendían lume nunha das súas chemineas co fin de facer unha enorme fumareda que puidera ser vista polas xentes de toda a Península do Salnés, para que despois, no Castelo da Lanzada se fixera outra, co fin de que os habitantes da Ría de Arousa se decataran da chegada de posibles naves inimigas.

Illa de Tambo na ría de Pontevedra



Desde xeito, coñecedores na Ría de Arousa do perigo, prepararían a forma de defensa adecuada e así, dende a Torre de Santo Tomé en Cambados, tamén con lume, avisarían da posible remontada desas naves polo río Ulla e intentar, nas Torres do Oeste en Catoira, frear a chegada desas naves a Pontecesures, xa camiño de Santiago.

Os habitantes da Illa de Ons, despois de prender o lume de aviso, preparaban a súa fuxida polo túnel da furna.

Os dous principais ían por debaixo da auga e chegaban, un, ata o Castelo da Lanzada e o outro din que comunicaba Ons coa Illa de Tambo.

O PASADIZO DA FURNA DO CASTELO²

A furna do "Castelo da Rueda" ten uns pasadizos que comunican, por debaixo do mar, a Illa de Ons co Castelo da Lanzada e coa Illa de Tambo.

Houbo un tempo en que, en Ons, vivían monxes e compartían cos veciños as tarefas agrícolas e pesqueiras. Como xa tiveran a experiencia de piratas que invadían a Illa e levaban todo o que posuían, ata as mulleres, decidiron preparar entre todos a fuxida da Illa no caso de seren atacados.

Os veciños escaparían polo pasadizo que levaba ao castelo da Lanzada e os monxes cara á Illa de Tambo, onde tamén existía un mosteiro e ían a ser ben recibidos.

Comezaron a preparar os pasadizos dos seus respectivos lugares de fuxida co fin de confundir ao inimigo e ter alí as cousas de valor para poder levalas en caso de perigo. Din que chegaron a construír, ao carón do túnel principal, outras galerías, algunhas con numerosas trampas.

Cada familia sabía por onde tiña que escapar, é dicir, cal era o corredor principal, pero, en lugares estratéxicos del, tiñan agochadas as súas pertenzas máis valiosas para, en caso de ter que escapar, recollelas.

Os monxes, non tiñan cousas de valor, pero, aínda así, tamén prepararon agochos para gardar todo aquilo que necesitaran para a fuxida.

Na entrada principal da cova, sempre deixaban varios baús cheos con diversos materiais. A maioría contiñan cousas sen valor agás un que enchían de moedas, xoias alfaías,..., que foran doadas por todos os veciños para entreter aos inimigos mentres fuxían.

O motivo non era outro que confundilo e retrasar o seu avance, pois, mentres se pelexaban polo primeiro botín atopado, os veciños e monxes tiñan tempo de abondo para afastarse cara ao seu lugar de refuxio.

O PITO DE PRATA⁴

Contaba a Sra. Juanita que á familia de *Fentos* escapáraselle unha galiña. Nun principio pensaron que os rapaces da Illa Ila roubaran de noite para comela, como facían nos días de San Xoán, o día da festa de San Xaquín ou algún fin de semana despois de vir das mozas nas

³Conto relatado por Manuel Reiríz Otero. Veciño da Illa de Ons.

⁴Lenda contada por Juana Otero, veciña de Ons que en 1975 contaba con 75 anos.

pandereitadas que se facían na taberna do Sr. Arturo.

Pasados uns días, o home da Sra. Juanita mirou unha galiña ceiba preto da praia das Dornas, cousa que lle pareceu moi rara. Quixo collela, pero escapoulle pola corredeira que ía á fonte do Castelo. Os mariñeiros que estaban con el para axudarlle a baixar a dorna ata a orela, díxéronlle que, ao mellor, era a que lle faltara a Fentos e que había que dicirlllo para que deixara de falar mal dos rapaces ao pensar que lla roubaran.

Cando, á tardiña, viñeron da marea, díxéronllo á muller de Fentos e esta foi na procura dela polas veigas preto do Castelo da Rueda. Xa anoitecía cando veu brillar o que lle pareceron uns ollos. Coidando que era un gato, mandoulle unha pedra pero mirou que, ao escapar, estendeu unhas ás. Botou a correr cara a ela e comprobou que, efectivamente, era unha galiña, pero en nada se parecía á súa, tiña unha cor brillante. Sen saber como, a galiña desapareceu ao carón do castelo. Estivo a buscala ata que se fixo de noite pecha e, ao non atopala, regresou a casa.


Ao chegar, comentoullo ao seu home (Fentos) e este cachondeouse dela: - Ti estas boa! Como ías mirar unha galiña de cor gris. Mira, deixa, non se vaian rir de nós por unha galiña, que lle aproveite a quen nola colleu, eu tamén comín as doutros.

Pero a muller seguiu coa súa teima e ao día seguinte, despois de que o seu home marchara para o mar e ela deixara a cousas da casa feitas, volveu ao Castelo da Rueda e comezou a chamar por ela, ao igual que facía coas súas galiñas. Levaba un tempo e cansa de dar voltas polo lugar, sentouse nunha das pedras que no seu día formaban parte do Castelo.

Atopábase mirando cara ao peirao cando de súpeto veu aparecer nas rochas, rente ao mar, a galiña. Tiña unha cor resplandecente, era coma de prata. Chamou por ela: - Pita, pita, pita,..., pero esta nin se inmutaba,

polo que decidiu baixar a collela. Mentres baixaba polas rochas, veu como a galiña se dirixía á cova do Castelo e metíase dentro. Como a marea estaba baixa, entrou e asombrada veu como a galiña tiña unha chea de pitos, tamén de cor prata.

Aínda con medo a esvarar entre as algas que tiñan as pedras, quixo coller algún dos pitos, pero estes, case sen ela decatarse, desaparecían por debaixo das rochas e non aparecían máis. Fíxolles a espera, pero facíase tarde e




Ruínas do Castelo da Rueda. Á esquerda, preto do mar, a Furna do Castelo.

non aparecían, polo que decidiu marchar.

Durante varios días estivo indo á cova, pero da galiña e dos pitos nunca máis se soubo. De todos os xeitos foi a onde, como che chaman na Illa, <unha muller desas> (meiga) e contoulle o acontecido. A muller, díxolle:

- O que miraches non era unha galiña era unha moura que as veces toman forma de animal. Aínda podes ir á procura dela, agás que decidira marchar. Hai que levar un pano de man, pero antes tes que ir bendicilo á igrexa de Beluso e deixalo alí para que escoite tres misas. Despois vai ao sitio onde miraches os pitos e lévao no peto, cando os mires, achégate e, ao estar preto deles, guíndalle o pano enriba e todo se converterá en ouro.

Seica a muller de Fentos pasou días enteiros ao carón da Cova do Castelo, pero a galiña nin os pitos apareceron endexamais.



NON ESQUEZAMOS O PASADO

Por: Lino José Pazos Pérez

Quixera que este sinxelo artigo se entendera como unha homenaxe a todos aqueles que nos fixeron pasar algúns dos días máis inesquecibles da nosa vida (aquí inclúo a Toñy, a miña compañeira da alma, e ás miñas fillas, Montserrat e Susana, que tanto disfrutaron da illa). Aí van unhas cantas instantáneas que atesouro no meu arquivo, sobre os inicios dos PINEIRÓNS; e que me fan quince anos máis xove.

A min tocoume en sorte presentar na Facenda o coidado expediente con que demos de alta a Asociación Cultural e Gastronómica PineirÓns o 30 de xullo de 1998 (escasos cen anos dende que perdemos as posesións do Caribe e Filipinas), despois de que foran aceptados os estatutos (24 de xuño dese ano) na Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Xunta de Galicia.

A Presidencia estaba a cargo de Laureano Mayán, eu exercía de Vicepresidente, Celestino Pardellas de Secretario, López-Dóriga de Tesoureiro e Carlos Moreira e Toñy Pedrosa como Vocais.

Impulsábanos unha profunda ilusión, aínda que todo comezara moito antes.

Sempre con presas íamos achegándonos ó peirao de Bueu onde nos esperaba, paciente, dona Carme, poucos requisitos para embarcar, aínda que fomos multitude (para o desprazamento do barco) os que non queríamos quedar en terra.

Nós case sempre íamos a popa, sentados na cuberta, arrebuxadas as fillas nos chaquetóns, porque a Ons había que ir abrigados, incluso no verán.

Alí nos esperaba xeralmente Tinón, que xa arranxara a casiña que habitabamos todos os amigos que por alí aparecían. Tíñamos unha porta destartalada, como cociña unha lareira e vistas ó ceo nunha zona da vivenda que perdera parte do teito nalgunha treboada, que foi rapidamente arranxada; as latrinas, nunca mellor dito, estaban nun dos pequenos cortellos apegados á casa, todo era precario, pero estupendo...

Organizada a familia, saíamos de inmediato para a praia ou a pescar, camiñar ata a outra cara da illa ou simplemente nos sentabamos na base do piorno que facía as veces de sala de estar compartindo un *quórum*.

Despois á taberna de Checho ou Acuña, indistintamente, anos máis tarde chegaría a terceira baiuca onde pasar o tempo, "O que faltaba", para completarse a oferta hostaleira cun magnífico *chiringuito* na mesma área da Praia, fronte á Laxe do Crego, gobernado por Mari e Mino, bos coñecedores da idiosincrasia da clientela, cunha decoración *ad hoc*, na que destacaba a proa dunha dorna, aparellos de pesca, etc.


Destas viaxes, e moita ilusión, xurdiu PineirÓns.



Unha das primeiras fotos realizada na illa de Ons o 7 de xuño de 1998. Co báculo (remo) Laureano Mayán, que sería elixido Presidente de la Asoc. Por unanimidade.



Outra foto oficial de PineirÓns realizada o mesmo mes de xuño do 98 pero con tempo adverso.



Agosto do 98, na terraza de Acuña; Miguel, Carlos e Tinón ante uns carolinos de tinta femia.



Festa dos Maíos de 2001.



A miña familia ás portas da casaña que nos daba acubillo na illa de Ons, fotografía realizada o 18 de marzo de 1984.



Na porta da tenda de Casa Acuña, fronte ao bar, fotografía realizada o 29 de xullo de 1984.



¡Que non falte a música!, fotografía realizada en agosto de 2000.



Tinón sae a recibir ós recién chegados, fotografía realizada o 29 de xullo de 1984.

A MEMORIA FOTOGRÁFICA DE O GROVE

Fotos colección Colexio Rosalía de Castro
Tino Pardellas: Profesor co CEIP "Rosalía de Castro"

Como xa quedou explicado en anteriores revistas, o Patrimonio Inmaterial das zonas nas que traballamos, principalmente Illa de Ons e O Grove, é moi rico e importante pero, tristemente, pouco estudado. É polo que unha das nosas teimas foi intentar dalo a coñecer, conseguir que os colaboradores o traballasen e, sobre todo, animar aos investigadores a que non o deixen de lado pois de facelo, morrerá definitivamente.

Hai anos sacamos á luz nos nº:14 - 15 a lista de Chatas de O Grove que os alumnos do CEIP Rosalía de Castro traballaran cos seus mestres hai xa máis de 12 anos. Daquela explicabamos que nós só íamos a dar a coñecer a lista de chatas que os rapaces elaboraran, pero que sería interesantísimo, xa que é parte principal da cultura desta vila, o aumentala e, sobre todo, explicalas na medida do posible. A nosa chamada foi escoitada e, en dous anos, dende a concellería de cultura do concello de O Grove xunto con varios profesores dos IES de O Grove, viu a luz unha publicación sobre as Chatas e o seu significado que, aínda que para moitos contén moitos erros, foi un paso de xigante para que, no futuro se poida corrixir, completar e aumentar.

O mesmo estamos a animar para a recompilación de contos, lendas, sucesos, personaxes, ditos, ..., gastronomía e, como non, sobre o importantísimo patrimonio fotográfico que axudaría moitísimo a coñecer a vila meca, as súas xentes, os seus oficios, as súas festas, a súa economía,... É importante que, como pasou coas Chatas, se publiquen e que a cada foto lle acompañe o texto que a explique e a poña en valor. Está moi ben o facer macroexposicións retrospectivas pero se non lle engadimos a explicación a foto perde todo o seu valor.

Aquí lles deixamos algunhas das centos de fotos que os alumnos do colexio Rosalía de Castro trouxeron dos álbums familiares para incorporalas ás exposicións que anualmente se facían co gallo das Letras Galegas.



EMILIA PARDO BAZÁN E A LENDA DOS BURROS DA TOXA

Por: Francisco Meis

A historia da illa está ligada por moitas e innumerables razóns a xentes anónimas que procuraron nas augas sanadoras un remedio as súas dores e aos seus males. Dentro desa innumerable ligazón aos mananciais, a diversidade de clases sociais e profesións foi tan ampla como as areas das praias da Cabreira. Entre os piñeiros, en algún momento do século pasado, mantiveron conversas ilustres músicos como Jesús Guridi, literatos como Unamuno, Wescelao Fernández Flórez ou a mesma Emilia Pardo Bazán. Dela trata este artigo xa que buscaremos de esclarecer a súa vinculación á illa a través da famosa lenda dos burros da Toxa. Logramos saber a través dos seus artigos que no ano de 1894 aínda non visitara o lugar e o que coñecía del era o que outras persoas lle contaran, pois dicía que aínda que gozaba dunha situación das máis poéticas e admirables do mundo a viaxe era insufrible. As mensaxes dos enfermos que chegaban a Madrid dunhas recuperacións sen parangón, como se de milagres se tratase, non lle facía esquecer o feito de que *“os que veñan a irremprazable Toxa terán que resignarse a viaxar en tren, en dilixencia e en dorna ou barca chata, a aloxarse sen confort e a encerrarse nunha illa”* pero aínda así, a pesar de todo isto, para a escritora que tiña aqueles antecedentes de curación na súa testa, remataba argumentando que *“o caño do manantial da Toxa debería ser de ouro”*.



Un dos burros fariñeiros de a Toxa.

A últimos do século XIX xa visitara a illa e o que comentara anteriormente por oídas puido definitivamente comprobalo no lugar. Emilia relatará con certo estupor como na illa *“carecíase de aparatos de hidroterapia, non había botica nin botiquín, nin auga potable que se traía en botixos dende o Grove”* e aínda a pesar de todo isto *“a xente, con case supersticiosa fe, agolpábase, apiñábase, estrugábase á porta dos cuartos de baño porfiando por tomar vez”*. É certamente ilustrativo como describe aos bañistas que, se non encontran acomodo na fonda, dormen na sala de billar ou ao lado do piano agardando que, en algún momento, non se queden *“sen a inmersión no bendito lodo vermello milagroso”*.

E de milagres tamén falou pois, moi probablemente cando veu á illa, puido visitar ao seu amigo Luis A. Mestre, ou mesmamente escoitalo ás xentes do lugar que lle darían pé a crear dunha maneira máis ou menos literaria o milagroso xerme da creación da historia do balneario da Toxa. De pais a fillos segue transmitíndose tal e como a relatou ela por escrito cando aínda non remataba o século XIX: *“conta a lenda que no Grove un aldeano posuía un burrico tiñoso, tan pelado e tan cuberto de costras e mataduras que daba horror. Apiadado o seu dono, non querendo matalo, abandonouno na illa; e grande foi o asomo ao encontrar, na volta dalgún tempo, un rucio sano, gordo e sen mácula, e o observar que o animal tiña a costume de revolcarse en certo charco fangoso, donde emerxía un chorro de auga fervendo. De este descubrimento ao ensaiar o remedio no ser humano pouco vai; e o ver que o home enfermo se curaba igualmente, descubertas quedaron as virtudes dos barros”*.

Máis de 100 anos xa pasaron dende aquela vez que así o relatara a escritora coruñesa e a pesar de tantas xeracións que xa van aló segue tendo a mesma actualidade e perseveranza no tempo, e se cabe, fortalecida e emulada por eses dous pequenos burros fariñeiros que, de embaixadores das augas, quérannos trasladar ao orixe lendario dos mananciais.



RÍA DE AROUSA

Por: Manuel Chazo Cores

Ría de Arousa, brazo de mar que se interna formando grandes enseadas, onde poden fondear voluminosos mercantes e barcos de guerra. Ría longa, ancha, fermosa e moi xenerosa.

No seu mar desembocan ríos como o Ulla e o Umia e regatos como o Currás, o Pedras, Sima, Grenlla, Lagarteira, Campelos, Freitaso, ... Nesta ría atópanse os portos pesqueiros e comerciais máis fermosos e concorridos. Ría con moitas illas, como a da Arousa, Cortegada, Rúa, Sálvora, A Toxa, Yorma, Vionta, Gavoteira, ..., e tamén chea de baixos, de escollos e praias preciosas. Rías de plácido mar que cos vendavais vólvese furiosa. Ría chea de bateas, ás veces de pesca escasa, aínda que as súas praias dan bos e saborosos mariscos. Ría de mariñeiros valentes e curtidos. Ría con faros e torres que alumean cos seus escintileos dende a noite ata o amencer. Balizas e boias que indican o paso libre e marcan o rumbo dos barcos no seu ir e vir.

Rías dende onde se divisan montes como o de San Alberto, A Curotiña, Xiabre, Lobeira e a Serra do Barbanza. Ría con portos de mar como o de Aguiño, Santa Uxía de Ribeira, Poboá do Caramiñal, Boiro, Cabo de Cruz, Rianxo, Carril, Vilagarcía, Vilaxoán, Vilanova de Arousa, Cambados e o Grove, portos con toda clase de aparellos e artes de pesca.

Nos seus fondos mariños atopamos, en época de pesca, centolas, vieiras, zamburiñas, camaróns, nécoras, ..., e toda clase de peixes, brancos e azuis. Foi, en anos pasados, unha ría chea de sardiñas do xeito, con abundancia de xouba ou parrocha, escasa por anos en bocareos, con tempadas de moito polbo e xiba ou chopo. Pero houbo tamén anos de moita pesca de patexo ou pateiro, que daquela valía cartos, e servía para estercar os campos, aínda que, sen saber como, desapareceron e ultimamente se vendían para comer.

Como o mar non ten portas, non sabemos o que nos dará cos anos aínda que esta ría é moi xenerosa. Recordo cando saía á ría co meu pai vogando mar adentro dende o porto de Vilanova de Arousa pasando polas rochas de Corbalas, buscando as Tousas de San Roque ata o Con

de Calogo, seguir vogando ata o Con de Bueiro, logo ata as Sinas de fóra para alí fondear e preparar o bou de vara, colocar o pau na pica, o traste, acomodar a vela, izala, meter o rizón a bordo e velear buscando a Illa de Yorma con nordés fresco. Cambiar a escota e darlla ao meu pai, que levaba o temón. Cando chegabamos á marca que pon

a illa Yorma co monte Lobeira, largar o bou de vara ao mar e ir soltando cabo suficiente. Logo amarrar o cabo e ir lentamente co arrastre para, antes de chegar ao perigo do fondo, tirar polo cabo ata que chegaba o aparello ao barco para metelo polas pernas ata que subía o cope e con el a pesca. Ás veces a pesca era abundante: fanecas, lorchos, acedías, chopos, algún linguado. Se o vento seguía, dábamos catro lances ata o medio día para logo regresar vogando a porto.

Alí, no peirao, nos esperaba miña nai para levar a pesca á praza de Vilanova. Esta pesca facíase durante o inverno pois, chegado o mes de xullo, deixabamos este

oficio e preparábanse os galeóns para ir pescar cara á ría de Muros.

Xa, naqueles caladoiros, cando o patrón mandaba a comprar sardiñas a Cabo Fisterra, á ría de Muros ou ao Fox de Carnota, fondeabamos en Caldebarcos; alí esperabamos a calma para que as lanchas do xeito saíran do Ézaro, do Pindo, de Lira e do mesmo Caldebarcos. Se observabamos que non pescaban, acendiamos o motor auxiliar e íamos a probar sorte ao mar de Fisterra.

Chegado o mes de setembro poñiamos rumbo cara a dársena do Berbes á espera da pesca do cerco nas costas de Leixoes, chegando ás veces ata Aveiro. Mentres agardabamos, de todas as parroquias viñan mulleres a

vender leña e mallas de palla que traían en cestas e, co que gañaban, mercaban peixe da ría. Isto ocorría en plena Guerra Civil española; había moita fame pero, aínda así, nas fincas sementaban de todo: millo, cebada de trigo, verduras, coliflores, fabas, chicharos, ..., que logo intercambiaban ou vendían.

A vida, que dura é a vida. É unha constante loita diaria.

REMA MAR ADENTRO

Miña barca mariñeira
onde vai o meu querer,
tantos anos traballando
sempre no medio do mar.

Miña barca mariñeira
onde vai o meu amor,
tantos anos traballando
sempre no medio do mar.



OS MONXES DO MOSTEIRO DE OIA ASALTADOS EN BAIONA


Por: Fernando Javier Costas Goberna

Na primeira metade do século XVII, os monxes de Oia alcanzan una certa relevancia, e prestixio no seu papel de defensa da costa co afundimento de embarcacións berberiscas, e todo son parabéns. Pero as circunstancias cambian e na segunda metade do século vanse a producir feitos que porán a proba a posición do mosteiro. A entrada en outubro de 1665 dun exército portugués polo Suroeste de Galicia, supuxo para o Mosteiro de Santa M^a de Oia una serie de problemas coa poboación e autoridades da praza militar de Baiona, que non entenderon a postura de entendemento dos monxes co exército invasor. Os sucesos sucederon do seguinte xeito segundo os relata o “Tumbo” a nosa disposición do mosteiro de Oia de 1789 no capítulo XII, 31 :

En treinta y uno de Octubre de mil seiscientos sesenta, y cinco el Portugués con ejército formado en el Valle del Rosal, no dejó casa que no abrasase, y saquease, y una de ellas fue la del Priorato de esta casa sin que dejase más que las paredes muy maltratadas del fuego. Volviose a fabricar en el mismo año por ser inevitable la asistencia del Prior en el Valle por la ocurrencia de accidentes, que después sucedieron. El día de todos los Santos subió el Portugués desde el Rosal por la montaña de Acevedo abrasando y saqueando este lugar y asimismo las dos Feligresías de Burgueira y Loureza. Desde Burgueira marchó por la estrada real al Valle Miñor donde hizo el mismo estrago que en el Valle del Rosal, y solamente en el coto de Panjón quemó veinte, y tres casas, librose la del Priorato, por haber tenido el Prior ánimo para quedarse en casa, ... Desde Panjón marchó el ejército al Valle de Vigo, entró en Bouzas, y sin entrar en Vigo fue al Porriño, y abrasó todo el lugar. Cuando todos entendieron que iba a Tuy ó Salvatierra por el mismo camino se vino a poner sobre la Guardia.

Ante a situación creada as autoridades aconsellan ao Abade do Mosteiro de Oia que se retiren os monxes ao Priorado que teñen en Panxón,:

“...mandaron a su P. sacase todos los granos, y alhajas del Monasterio, y lo pusiese todo en la fuerza de Baiona dándole a entender convenía a su seguridad, y de los Monjes desamparar el Monasterio, y retirarse al Priorato de Panjón, y expresamente se lo dijo delante de sus Excelencias Don Manuel de León Maese de Campo, El Sr. Obispo Don Juan de Villamar aconsejó a su P. casi lo mismo excepto el desamparar el Monasterio, pero añadió ser forzoso consumir el Santísimo, y entregar las imágenes y cosas sagradas por correr peligro con los desafueros que se habían experimentado de los ingleses.”



Baiona. Murallas de Monterreal.

De volta de Baiona para o Mosteiro, a altura da ponte de Viladesuso, o Abade é informado de que os portugueses están xa no mosteiro con unha forza considerable de cabalería. O Abade da a volta para Baiona, e decide regresar ao mosteiro ao día seguinte pola mañá. Xa no mosteiro, decide escribirlle unha carta a D. Francisco de Sousa, Conde de Prado, xeneral ao mando do exército portugués que vai responder de xeito favorable as peticións do Abade de Oia de que nin o mosteiro nin os


monxes sexan maltratado polas tropas portuguesas. De feito segundo expresa o relato do “tumbo” consultado, nin no mosteiro nin no seu entorno se detectou ningunha violencia. Pero esta postura non foi entendida en Baiona, onde non gustou este entendemento co inimigo, dándose os feitos que reproducimos a continuación tal como os presenta o “tumbo de 1789” no capítulo XII, 33, a nosa disposición:

“...no se experimentó ni conoció desconveniencia hasta que se vieron los efectos en Baiona, pués en esta ocasión se les conoció la mala voluntad, que siempre han tenido a esta Casa, ya sea por lo General de Religioso, o por lo especial de ser foreros, y confirmar las Jurisdicciones. Las demostraciones en que prorrumpieron fueron notables. Lo primero fue como el pueblo desenfrenado ofendían a los monjes de palabra llamándoles a boca llena traidores, amenazando de venir luego a quemar el Monasterio, apoyándolo todo el Gobernador de la Plaza, el cual inducido de los Regidores, y Corregidor de la Villa fue a la Casa, que tiene el Monasterio, echaron las puertas al suelo, y sacaron todos los granos que tenía allí el Monasterio embargándolos para el servicio del Rey según decían, y de hecho se los llevaron a la Fuerza. Y sabiendo que en el Monasterio de las Monjas había granos de esta casa, quisieron hacer violencia a la Clausura, queriendo echar las puertas en el suelo, y porque las Monjas se opusieron a intento tan depravado les dijeron muchas pesadumbres indecentísimas al estado Religioso y volviendo muchas veces a intentar

la misma acción, fueron resistidos de la misma suerte, hasta que viendo la constancia de las Religiosas desistieron más avergonzados, que arrepentidos.

Y como procuraban los de Baiona protestar las acciones de la cualesquiera ordenes de los Capitanes del Rey, pareció forzoso al Abad ir luego a sus Excelencias, así para dar cuenta de su Persona, como para que pusiesen remedio a tales desordenes, y no hallándose a la sazón el Monasterio con cabalgaduras se vio forzado air a pie hasta Baiona con un compañero. Y llegando a la Campaña pidió audiencia a los Señores Generales los cuales le recibieron con algún ceño, mal informados de algunas personas que tenían muchas obligaciones a este Monasterio, y aunque el P. Abad informó de todo lo sucedido, y la ocasión que tuvo para ir a visitar al Conde de Prado (les dio cuenta) como el punto tocaba en materias de Estado no se dieron por satisfechos, y el Abad los dejó poco gustosos. Volviendo el P. Abad a Baiona le pareció conveniente fingir que venía muy favorecido de los Generales, porque, la mala voluntad de los vecinos no cobrase más alientos como sucedió, pues siendo el P. Abad preguntado de algunos de lo que había sucedido con los Generales, y respondiendo que se habían hecho las honras, que siempre, corrieron todas sus noticias al vuelo, y dejaron de perseguir a los Monjes.”

Pero as desgrazas dos monxes non terminaron aquí; o 17 de marzo de 1667 os portugueses viñeron ao Mosteiro, onde foron agasallados e ben tratados, pero cando se despedían para sorpresa dos monxes, apresaron a varios estando entre eles o Abade, e o Prior do Mosteiro que foron levados ata A Guarda ese día, e a Viana o día seguinte onde foron retidos e recluídos no convento de San Antonio. Esta medida tomada polo Conde de Prado, parece que se fixo como represalia do apresamento de tres monxes en Monçao por parte de tropas do Condestable de Castilla. Cando os monxes portugueses foron postos en liberdade o 14 de setembro, foron liberados tamén os monxes de Oia.



Mosteiro de Oia. Vista xeral.

DO SARTEGO A LAXE DO CREGO

Por: Henrique Dacosta López

Neófitos somos (por non dicirmos ignorantes) en case todo o que se refira á Illa de Ons. Visítala nunha única ocasión antóllasenos insuficiente para facer un estudo de calquera tema medianamente serio, por máis que se pretenda pouco profundo. De aí que tentarmos unha aproximación á toponimia insular - pois foi o noso primeiro propósito - ficase totalmente descartada unha vez soubemos que Fernando Cabeza Quiles xa o tiña bastante avanzado e estudado, logo de comprobalo en varios números de *Aunios*, a presente revista.

Quen lles escribe deu os seus primeiros pasos no asunto técnico e filolóxico dos nomes de lugar alá entre os anos 1989-1990. Acontecía isto en Fene e facíao auspiciado por unha bolsa de investigación que o propio concello sacara a concurso-oposición. O traballo, plasmado cun certo pormenor (ademais de presunto rigor) e hoxe soporte útil para a cartografía municipal, permanece desde aquela sen publicar, publicación que estaba contemplada nas bases da bolsa de investigación e que nunca foi levada a efecto. Con todo, e sen pretensión de nos estender sobre a intrahistoria deste infeliz asunto, si podemos aseverar que dita investigación acabou por propiciar en nós unha especial querenza polo estudo da toponimia, querenza amadora, claro está, e nada que ver, por suposto, coa que avezados expertos como Cabeza Quiles ou outros como Elixio Rivas, Abelardo Moralejo, Isidoro Millán González-Pardo ou Álvaro Porto Dapena levaron ou levan a cabo de maneira moito máis científica e con, por descontado, maior coñecemento de causa que o noso.

Permítasenos, no entanto, a deformación profesional a este respecto e apuntar o curioso feito de que a “Laxe do Crego” (ou “Con da Laxe do Crego”) en Ons, un grupo de penas que fica illado de terra coa marea alta na praia da Area dos Cans, conteña esculpido un sarcófago antropomorfo, que hai quen di que puidese corresponder ao enterramento dalgún frade eremita ou talvez ao dalgunha pequena congregación. Dito sarcófago, coñecido tamén polo topónimo “Sepultura”, segundo Cabeza Quiles, xorde por veces con outro nome de lugar no noroeste peninsular galaico, “Sartego”, tal e como acontece, por exemplo, na parroquia fenesa de Sillobre. Denominación esta, “Sartego”, que descoñecemos a que cousa debeu responder con exactitude no seu momento, e que hoxe designa un monte, ademais dun túnel, o máis longo da

AP-9, límite entre os actuais concellos de Fene e Neda, na marxe sur da ría de Ferrol.


Sartegos estes que nos traen á mente o mundo fantasioso dun sillobrés de sona, o narrador e xornalista Ramón Loureiro, construíndo a través do realismo máxico un universo de sombras, de ánimas e pazos, de realidades ambivalentes ou planos distintos da realidade en que ás veces eses dous niveis, o dos vivos e o dos mortos, alternan entre si creando unha atmosfera ambigua e intemporal. A mítica

Terra de Escandoi, co seu marqués, co seu príncipe incorpóreo Henrique Caldaloba ou co seu vello Merlín, para introducirmos na maxia desbordante de Cunqueiro. E é que Loureiro reivindica precisamente esa tan cunqueiriana Galiza do Norte (territorio que comprendería desde Mondoñedo a Ferrol), futuro advento dunha Terceira Bretaña.

Sarcófagos, sartegos, modias, mámoas, antas, arcas ou barcas, á fin e ao cabo todas elas, todos e cada un destes vocábulos que tamén remiten á idea do seu continente. Falamos dun receptáculo cóncavo que conterà no seu interior algo, que é preciso para a existencia dun contido, neste caso, corpóreo ou incorpóreo, tal e como a seguir anotaremos. As míticas barcas de pedra ou barcas petrificadas en que os nosos máis afamados santos e santas de carácter popular disque chegaron ás nosas costas (Santo André, Santo

Amaro, Santa Comba, etc.), costas en que logo fundarían o seu santuario e que nos liga a través dun antiquísimo vínculo cos celtas das illas británicas, tal e como se recolle no *Libro das conquistas irlandesas (Lébor Gabála Érenn)* do séc. XI. Así temos o ben célebre do Santo André de Teixido, ao que “vai de morto quen non foi de vivo”, en terras de Cedeira, mais tamén o máis modesto de Santa Comba, na illa do mesmo nome da parroquia ferrolá de Covas. Desta maneira, Santa Comba, ao igual que o Santo André, chegaría á illa homónima nunha barca de pedra, logo de ser repudiada por Deus ao ser tachada de bruxa. “Enmeigar enmeigarás, pero no meu reino non entrarás”, sentenza por El promulgada e que, tras o arrepentimento de Comba e mudanza piadosa, conduciraa a un longo periplo mariñeiro até se asentaren e fundar a ermida na illa, no extremo da praia homónima da nosa aldea ferrolá de Covas.

De facermos hoxe unha breve visita á illa de Santa Comba - preferentemente, de marea baixa -, levaranos



Sarcófago antropomorfo “Laxe do Crego”
Illa de Ons

obrigatoriamente a ter que ir contemplar a pía de pedra, medio afundida na terra, que disque é a embarcación en que a santa chegou navegando por mar. Pero, aí de quen a pretenda arrancar do lugar!, pois canto máis se tente erguer, máis se afundirá na terra. Velaquí o símil co sartego, neste caso co do da Laxe do Crego, aínda que o de Ons, sen dúbida que corpóreo, e incorpóreos o de Santo André e o de Santa Comba, a ollos cando menos dos que se teñan por non crentes.

A embarcación pétreo de Santa Comba, en certo sentido, garda forma de maseira, e hai mesmo quen apunta que se puidese tratar dun sarcófago altomedieval. O caso é que a lenda, a nosa crenza popular e a que, alén diso, nos liga cos pobos célticos das Illas Británicas, é citada dun xeito bastante semellante en Escocia, concretamente nas Illas Hébridas, coa fundación do mosteiro de Ion por San Columban, santo irlandés conversor dos escoceses ao cristianismo; ou tamén no caso do bretón San Carantoc que, chegado a Gales, preguntara ao lendario rei Artur se vira o seu altar de pedra que perdera na travesía que por mar fixera; ou, así mesmo, no caso do San Patricio quen, desde Irlanda, navegou sobre o seu altar cara á Bretaña, a Armórica francesa. Non hai dúbida de que o mito, polo que se ve, é común aos pobos da ribeira atlántica, estendéndose até Escandinavia. As *Arenas Paradisi* (Areas do Paraíso), ese lugar de rastros no mar deixados á caída do sol e en que as ánimas agardan a súa viaxe para o Alén, xorde xa nos petróglifos neolíticos, ficando así inscrito nas pedras desde tempos inmemoriais. Os relatos populares que falan dese edén do outro lado do océano, do Avalón ou da Eterna Illa da Mocidade, acaban por ser referendadas polas lendas de barcas petrificadas de santos e santas a que nos referimos. As vidas de San Brandán en Irlanda ou do Santo Amaro en Galiza, entre outras, véñennolo corroborar.

De regreso á Illa de Santa Comba, certo é que non podemos establecer moitos máis paralelismos con Ons fóra da condición insular de ambas. Illa aquela, doutra parte, que realmente se converte en tres, a Insua do Medio (verdadeira de Santa Comba onde se encontra a ermida), xunto coa Derradeira e coa Insua do Toxo. Existe entre esta última e a do Medio unha pequena canle, mentres que a do Toxo fica practicamente pegada a terra a través doutra porción de terra, desta vez non illada, que recibe o nome de Insua de Cardido, conectada coa propia praia; e cuxo extremo forma

un cóbado, en ángulo recto, pasando a chamarse agora polo nome de Praia da Fonte. Así pois, o longo areal de Santa Comba, as illas case pegadas a terra firme e no seu fonal, ollando para o nordeste, a praia da Fonte, que conforman este belo conxunto, en certa medida moi semellante ao do tómbolo da Lanzada, tanto por razóns topográficas como pola súa ermida.


O asentamento humano da illa de Ons data da época castrexa, non en van os castros do Alto da Altura e o da Cova da Loba así nolo testemuñan. Na Illa do Medio de Santa Comba, ao pé do carreiro, e unha vez superadas as escaleiras que soben ao alto, certos rumores dos máis vellos viñeron confirmar, tras unhas interesantes escavacións, a aparición de restos altomedievais, pero tamén anteriores, castrexos, que falan de fornos de fundición, da Idade do Ferro pois, e alúdese a enterramentos dun antigo cemiterio que poderían remontarse ao séc.XII, talvez aos dunha pequena congregación relixiosa.

Suponse que as tres illas ou insuas estiveron conectadas entre si a terra, non eran illas no primeiro momento en que foron habitadas, quérese dicir, en época castrexa. A súa posición estratéxica, canto á defensa se trata, favoreceu o enclave, e outros vestixios nas outras dúas insuas máis próximas á praia, a do Toxo e a de Cardido, dan fe da existencia de estruturas amuralladas.

A parroquia de vivos e a de mortos xorde, logo, testalana nese seu xogo de ambivalencias. Esa conxunción en que ambos os mundos se teñen que explicar e comprender, coa mesma naturalidade con que o Henrique Caldaloba de Ramón Loureiro se entremete desde o seu mundo incorpóreo no anódino e real do día a día. Tal como acontece coa Riparia de Xosé Antonio Perozo, con ese trasunto se cadra

dunha sorte de Ons, ora por veces nos poida recordar tamén á Illa de Arousa, na novela *Caderno de Riparia*. Trasunto de Ons como a Auria de Blanco Amor foi para Ourense ou a Marineda de Pardo Bazán para A Coruña.

A ficción novelada de Perozo converte a Illa de Ons nunha especie de plató cinematográfico (novela por entregas que foi premiada por *La Voz de Galicia* en 2003 e garda unha estrutura moi filmica), colocando nel todo un elenco de personaxes, ademais dun pazo, de casas e rúas, unha igrexa e un cemiterio, un faro, etc. que chegamos a confundir coa Illa de Arousa pero no fondo queremos e entendemos que sexa Ons, quer polo transporte en barco quer pola súa proximidade con



Illa de Santa Comba.




EN TEMPORADA:
Caza
Lamprea
Angulas
AMPLIA CARTA

Restaurante

Casa Dora

José del Río, 6 - Teléf.: 986 881 383 - MARÍN



Marín e Pontevedra. Fálase nos acerca dun escritor vindo a menos que perdeu a inspiración e ten problemas conxugais, e que se refuxia en Riparia para tentar dar solución a estas dúas circunstancias. A aparición dunha visión, a dun aforcado na casa dos Catro Camiños en que el mora, será o detonante inicial para o enredo narrativo. Tal feito incitará a ter que indagar nunha realidade oculta que vive latente no pobo. Existe toda unha serie de acontecementos ligados aos tempos previos á Guerra Civil e á represión durante ela que o escritor, Simón Carrera, terminará por desvelar. O caso é que, sen pretendelo, Simón Carrera acabará por construír así a súa historia, o relato novelado que lle facía falta e que andaba á súa procura.

A narración, sobre todo, está trazada de fantasmas, de ánimas que non descansan tranquilamente. Así pois, para algunhas destas, o sono dos xustos non haberá de chegar entrementes non consiga Simón Carrera descubrir toda a verdade que alí se oculta, que os vivos saben ou intúen pero que ninguén ten a ousadía de tirar á luz pois existen forzas externas que o están a impedir, forzas que teñen que ver co imperio do caciquismo e da Igrexa, representada esta por medio de Don Clodio, o cura párroco. Así mesmo, tampouco recaerá a xustiza divina sobre os que represaliaron nin sobre os que asasinaron por celos ou por retesías políticas ou de veciñanza entrementes vivos e mortos non teñan vontade de se comunicaren entre si para desvelaren a verdade; non en van, atezados polo medo, os vivos viven unha tensa vida silenciada.

As tres divisións do mundo xudeu-cristián conxúganse aquí dándose cita: o celestial, o terreal e o ultraterreal — neste último caso, o dos avernos. Ora ben, a cita ou o encontro (marcado ou non previamente) ten lugar nun espazo e nun tempo, sexa no da ficción narrativa dun Loureiro ou dun Perozo, sexa no dos crentes que xulgan veraces aparicións e lendas, mitos e milagres, mais tamén no daqueles que disque non cren en meigas pero que habelas, hainas. E é que deste xorne somos os galegos. Para o caso con ese sartego de pedra dun suposto clérigo, o do da Laxe do Crego, enterrado non despropositadamente nesa sorte de barca para que a marea o leve, quen sabe se para ese edén ou non de que máis atrás falabamos. Barcas e arcas de pedra en que santos e santas puideron contravir as regras máis elementais da física, sempre dispostas para o celestial; mais tamén, do lado oposto, co seu reverso en forma de averno. Velaquí o “Buraco do Inferno”, lugar en que se suicidará unhas das personaxes do relato de Perozo, e que se trata dun topónimo real da illa de Ons, como real tamén o é o “Pozo do Inferno”, por exemplo, no cabo Prioiro, non lonxe de Santa Comba.


Concluindo xa, resúltanos interesante poder observar o topónimo “Con da Laxe do Crego”, nome completo cuxa primeira voz “Con” (*Con* dos Galos, *Con* das Bombas, *Cons* do Cura, *Cons* Pequenos, Rego *Con* da Londra, etc., todos eles na illa de Ons) nos é descoñecido para o ámbito galego máis ao norte. Vocábulo que, como di o propio Cabeza Quiles, estaría tamén na raíz da última das palabras de “Punta da Canteira”, **can-t* ‘rocha’, procedente do céltico, e que tampouco descartaríamos totalmente para “Area dos *Cans*”, este último termo resultado se cadra dunha deformación de *Cons*.

Na nosa área xeográfica máis setentrional teríamos o seu equivalente pétreo ou rochoso en *coio*, igualmente de procedencia céltica e con connotacións bastante semellantes. Estaríamos, do mesmo modo que acontece en Ons e noutras áreas das Rías Baixas, falando dun termo, neste caso, asociado a un topónimo que sempre se acha na beiramar.

Falamos logo de talasónimos, ou sexa, topónimos relacionados con accidentes xeográficos mariños. Na nosa aldea de Covas, e máis concretamente na área granítica e acantilada do cabo Prioiro, achamos talasónimos como “O *Coio*”, “O *Coído*”, “O *Coi* Fendido”, así como, polo menos, outros tres que van precedidos de *Coidal*, isto é, “*Coidal* do Aguiúcho”, “*Coidal* da Pateira” e “*Coidal* do Golpe”.

Rematamos, deste xeito, case do mesmo modo que comezamos, falando da condición pétreo de tres elementos. Coa do “Sartego” de Sillobre, cuxo monte mira para o mar de dúas rías, a de Ferrol e a de Ares, así como coa da “Laxe do Crego”, que fai o propio para a de Pontevedra, e ás cales teríamos que achegarlles agora a pía (con forma de maseira) de Santa Comba, ollando directamente ao océano, ao Atlántico, e que algúns coidan antigo sarcófago altomedieval. Os

peregrinos que van ao Santo André de Teixido, do mesmo modo que o fan os que van a Compostela, depositan desde tempos inmemoriais pequenas pedras sobre montículos aos que logo se lles pode engadir unha cruz. Estámonos a referir aos milladoiros, lugares, á fin e ao cabo, ligados á humildade, lugares en que os peregrinos renden ese pequeno tributo polas ánimas doutros. Co que novamente regresamos ao mito pagán e cinxido á cultura céltica, ao concepto da ánima externada, ao das pedras da humildade, pois disque conteñen almas no seu interior. Pedras, en definitiva, que abren camiño sobre o mar até crear unha ponte imaxinaria que conduce para o alén. Como para o alén, polo que se ve, tamén se dirixen, e con rumbo certo, os nosos devanditos sarcófagos ou sartegos de pedra.



Pía de Santa Comba.

O PATRIMONIO INMATERIAL NOS ESPAZOS PROTEXIDOS. O CASO DA ILLA DE ONS

Por: Ana Vilas Paz


O patrimonio é, se miramos a definición que figura por exemplo no dicionario da Real Academia Galega, “o conxunto de cousas materiais ou inmateriais de certa antigüidade e importancia recoñecida, pertencente a unha colectividade”. Que cabe neste concepto? Todo ou nada, segundo decidamos como sociedade, xa que o patrimonio, como reconece a parte final da definición, nos pertence. Porque é a nosa decisión (ou a nosa emoción) como colectivo, como sociedade, a que converte un ben en parte dese patrimonio que todos queremos conservar.

Así o cesto no que imos gardando todo aquilo suficientemente importante para que o consideremos noso, cos anos vai-se ampliando e cambiando de forma para dar cabida a novos tipos patrimoniais e para establecer novas relacións entre estas categorías. Que un espazo protexido ou unha especie en perigo de extinción sexan patrimonio é algo hoxe aceptado por todos, pero non tan obvio ata hai ben pouco. Non foi ata o 2007 cando a lei estatal relativa á conservación destes elementos cambiou o seu nome, con todos os cambios conceptuais que implica, dende o antigo e técnico “da conservación dos espazos naturais e a flora e fauna silvestre” ata o actual “do patrimonio natural e a biodiversidade”. Dunha forma parecida, non sempre o inmaterial foi considerado patrimonio. É certo que hai xa moito que se levan a cabo estudos etnográficos, pero o recoñecemento consciente e o consenso na sociedade de que un elemento inmaterial pode ser tan patrimonio como un monumento non chegou ata hai algúns anos. Significativamente, se a Convención da UNESCO sobre a protección do patrimonio mundial, natural e cultural, data do ano 1972, a Convención para a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial non chegaría ata o 2003. Nese mesmo ano o V Congreso Mundial de Espazos Naturais Protexidos recomendou integrar os valores culturais e espirituais na planificación e na xestións das áreas naturais protexidas.

De que falamos exactamente cando nos referimos a patrimonio inmaterial? Pode incluír, se o restrinximos ao patrimonio cultural inmaterial, técnicas artesanais tradicionais, coñecementos e usos relacionados coa natureza e o universo, usos sociais, rituais e actos festivos, artes do espectáculo e tradicións

e expresións orais. No que respecta aos espazos naturais, segundo EUROPARC-España, os elementos máis relevantes a ter en conta poden ser sociais, etnográficos, orais, lingüísticos, relixiosos e espirituais ou artísticos, considerando esta mesma vertente máis cultural, pero tamén os valores e elementos estéticos e da percepción xogan un importante papel na conciencia que ten a sociedade destes espazos como parte do seu patrimonio. De feito, aspectos como a tranquilidade, o silencio, ou a beleza das paisaxes acostuman a ser os máis valorados polos visitantes ás áreas protexidas, contribuíndo así a crear vínculos emocionais entre as persoas e os espazos que repercuten positivamente na conservación.

Se analizamos o caso concreto da illa de Ons, dentro do Parque Nacional marítimo terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, o patrimonio inmaterial nas súas múltiples manifestacións evidénciase como sumamente importante. Isto é así en boa medida debido ao desenvolvemento e diferenciación que nela acadaron elementos da cultura tradicional mariñeira e á boa conservación dos mesmos debida a distintos factores. O factor distintivo desta illa coas outras que compoñen o mesmo espazo protexido é a pervivencia na actualidade dunha pequena poboación estable que aínda ten interiorizados estes valores profundamente interrelacionados cos modos de vida.



Aspectos inmateriais como o silencio ou a beleza das paisaxes son dos máis valorados polos visitantes aos espazos naturais protexidos.

COLABORA:



Deputación
Pontevedra



Todos os modos de vida relacionados co mar acadaron en Ons, como non podería ser doutra maneira, un desenvolvemento importante

A continuación inclúese unha relación que serve como primeira aproximación a un inventario do patrimonio inmaterial da illa de Ons, revisando os números anteriores desta mesma revista e outra documentación que teñen contribuído ao coñecemento e divulgación da riqueza que este arquipélago agocha en forma de elementos intanxibles. Ao final do artigo inclúense algunhas referencias con información sobre os mesmos. En calquera caso débese ter en conta a necesidade dun inventario completo deste rico patrimonio intanxible e das fontes de información existentes, para enfocar mellor os esforzos de investigación e documentación encamiñados ao recoñecemento do seu grande valor e á xestión activa para a súa conservación en harmonía co resto de elementos patrimoniais do espazo.

Primeira aproximación aos elementos do patrimonio inmaterial da illa de Ons

- Coñecementos sobre o medio terrestre ou mariño, ligados á supervivencia dunha poboación fortemente dependente do entorno: meteoroloxía, ciclos naturais, ...
- Coñecementos asociados con usos ou oficios tradicionais, en especial aqueles relacionados co mar: arranxo de dornas, fabricación de cestos, navegación a vela ou a remo,...
- Festas e tradicións relacionadas: lugares de reunión, festas ou celebracións cotiás ou relacionadas con eventos concretos (San Xaquín, a matanza, ...).
- Gastronomía: os produtos e pratos típicos, con todas as súas conexións con outros elementos como os coñecementos sobre pesca, as tradicións festivas, os ciclos naturais, etc.
- Xogos tradicionais, tanto os xogados polos nenos coma polos adultos.
- Cancioneiro popular.
- Coñecementos de medicina tradicional: uso de plantas medicinais e outros elementos, ensalmos,...
- Feitos históricos relevantes: a instalación da salga ou da fábrica de secado de polbo e congro, certos naufraxios que deixaron pegada no cancionero ou na toponimia, ...
- Sistemas de manexo dos recursos naturais, sistemas de gobernanza ou sistemas de comunicación, coma os sinais de aviso en caso de traslado dun enfermo á terra firme.


- Lendas, contos e ditos, moitas veces asociados á sabedoría popular que se transmite a través dos mesmos.
- Vocabulario relacionado cos usos tradicionais, con especial relevancia do vocabulario mariñeiro, referido a estados do mar ou do vento, a partes da dorna, etc.
- Topónimos relevantes, relacionados con outros valores, con usos tradicionais, etc.: Punta das Xestas (facendo referencia á abundancia de *Cytisus insularis*, xesta endémica só existente en Ons e Vionta), Burato do Inferno (con todas as súas lendas asociadas), ...
- Relixiosidade, espiritualidade e crenzas: a relixiosidade máis oficial (San Xaquín, a Virxe do Carme, ausencia do cura), pero tamén a espiritualidade ou crenzas menos institucionalizadas (A Compañía, mal de ollo,...).
- Elementos estéticos e de percepción: a tranquilidade, a paisaxe como percepción, a beleza auditiva e olfactiva que configuran tamén a paisaxe,...

Ao mesmo tempo que o noso patrimonio se amplía con estas novas tipoloxías, fanse evidentes as relacións existentes entre elas, relacións fundamentais en moitos casos para comprender o proceso de nacemento ou de conservación de moitos dos elementos considerados. Incluso o monumento máis maxestoso é tan só un froito da cultura que o creou, de forma que os bens patrimoniais materiais e perfectamente tanxibles gañan en valor cando os consideramos conxuntamente cos valores, coas crenzas ou cos coñecementos da sociedade que fixo posible a súa existencia. Tamén as relacións entre ser humano e natureza crearon moitas das paisaxes que hoxe configuran a maioría dos espazos naturais protexidos en continentes como Europa. O Burato do Inferno como formación xeolóxica, o Burato do Inferno inmerso na paisaxe que o enmarca e o Burato do Inferno como topónimo e como lugar lendario son inseparables e se enriquecen mutuamente, de forma que para entender o valor do lugar debemos tomar en consideración estas múltiples dimensións. Igualmente unha paisaxe é moito máis que unha mera percepción visual, e o son das gaivotas ou as ondas ou o cheiro a mar forman un todo indisoluble coa visión dun cantil, constituíndo o conxunto a verdadeira experiencia perceptiva.

Cando reducimos a realidade a categorías para poder incluíla nas nosas clasificacións, esquecemos frecuentemente a complexidade e riqueza que amosa o mundo que nos rodea, pero calquera intento para xestionar ou conservar esa realidade debe obrigatoriamente tomar en consideración todas as relacións existentes. Sabemos que os sistemas máis diversos e complexos son máis resistentes fronte ás agresións externas. Da mesma forma que poñemos os nosos esforzos na conservación da biodiversidade, tamén deberíamos enfocalos cara a conservación integrada de patrimonio cultural e natural, material e inmaterial, que orixinará espazos mellor preparados para o futuro e máis aceptados pola sociedade.

Referencias

- Alonso Romero, F.** 1981. Los orígenes del mito de la Santa Compañía de las islas de Ons y Sálvora. Cuadernos de Estudios Gallegos vol. 32, nº 96-97, pp. 285-306.
- Cabeza Quiles, F.**
2006. A toponimia da illa e Ons. Revista Aunios nº 11, pp. 11-15..
2007. A toponimia da illa e Ons (II). Revista Aunios nº 12, pp. 57-61.
2009. A hidronimia da illa de Ons (I). Revista Aunios nº 14, pp. 48-49.
2010. A hidronimia e a toponimia da illa de Ons (II). Revista Aunios nº 15, pp. 26-28.
2011. A hidronimia da illa de Ons (III). Revista Aunios nº 16, pp. 24-26.
- Castroviejo Bolívar, M.A.** 1984. La medicina popular en la isla de Ons. Cuadernos de Estudios Gallegos vol. 35, nº 100, pp. 613-630.
- Castroviejo Bolívar, M.A., Alonso Romero, F.** 2004. Antiguas prácticas tradicionales de la isla de Ons relacionadas con el embarazo y el parto. Anuario Brigantino nº 27, pp. 313-324.
- Das Casas, A.** 1934. A illa de Ons. Revista Nos nº 131-132, t.II, pp.167-181.
- EUROPARC-España.** 2012. El patrimonio inmaterial: valores culturales y espirituales. Manual para su incorporación en las áreas protegidas. Ed. Fundación González Bernáldez. Madrid.
- Mörling, S., Otero Patiño, J.** 2001. Documenta-lo funcionamento das velas tradicionais. Revista Aunios nº 3, pp. 11-12.
- Pardellas de Blas, C..**
2000. Mitoloxía. A Santa Compañía en Ons (I). Revista Aunios nº 2, pp. 37-40.
2001. Mitoloxía. A Santa Compañía en Ons (II). Revista Aunios nº 3, pp. 41-43.
2002. Mitoloxía. A Santa Compañía en Ons (III). Revista Aunios nº 5, pp. 44-47.
2004. Mitoloxía. A Santa Compañía en Ons (IV). Revista Aunios nº 9, p. 84.
2006. O Cancioneiro popular da illa de Ons. Revista Aunios nº 11, pp. 21-28.
2007. Ritos, contos, lendas e historia da illa de Ons. Revista Aunios nº 12, pp. 38-42..
- Trigo Fontán, F.** 2012. A illa de Ons: Os sinais de aviso. Revista Aunios nº 17, pp. 24-28.



A xestión dos valores inmateriais traerá beneficios ás sociedades e á propia conservación dos espazos naturais

HOMENAXE A JOSÉ MIGUEL BESADA FERNÁNDEZ


Por: Anxo López Vergara

Xa van aló máis de vinte anos que levo no Grove e coído que xa podo considerarme coma un máis desta terra. Pero se tivera que dicir como entrei nela ou case millor dicir como esta *illa* entrou en min tería que citar en primeiro lugar ao meu querido e non esquecido José Miguel. Foi por medio del como eu empecei a coñecer ás xentes, os costumes, as historias,...en fin todo o que aconteceu, acontece e, case que diría, podería acontecer aquí.

É del de quen hoxe quixera falar un pouco. Non vou facer aquí un panexírico pois todos sabemos como era e a miña amizade con el fariame ter, posiblemente, unha visión moi parcial. O que eu quero é recordalo sobre todo como colaborador desta revista desde os seus comezos. Como tal sempre estivo á disposición da súa redacción para o que fixese falta e sempre disposto a participar e a facer artigos sobre o Grove, a súa historia, as súas tradicións, personaxes ou sobre calquera tema que tivese que ver co seu pobo. Escribiu moito e aínda moito

máis lle quedaba pois non paraba de ter ideas, dicindo continuamente “ Mirade teño preparado un artigo sobre... que vos parece?.....Non! mellor vou contar sobre ... e iso déixoo para máis adiante.ben pensado vou facer sobre isto outro...”, e así continuamente

É por iso que aquí e, coma homenaxe a el neste número queremos inserir unha das últimas cousas que escribiu aínda que non propiamente para a revista Aunios. É un artigo que, en principio, era para preparar un guión para facer unha rodaxe sobre Floreano na homenaxe que se lle fixo no Grove. El era consciente de que podería ou non ser levado a cabo e por iso dicía que, no caso de non realizarse que o mandaría para que a revista o publicase.



José Miguel Besada Fernández nunha exposición na Toxa no ano 1984.

AO NOSO QUERIDO MESTRE E AMIGO JOSE MIGUEL BESADA


Por: Celestino Pardellas de Blas

José Miguel, aparte de excelente mestre e magnífico pintor, sería a persoa ideal para ser o Cronista de O Grove pois, sobre o seu pobo, era unha verdadeira enciclopedia, ao que todos acudiamos para que nos resolvera calquera dúbida que xurdira de todo o relacionado coa península meca.

El, sempre disposto, dábatche todo tipo de detalles sobre o preguntado que, unido ao sentido do humor que sempre o acompañaba, facía da conversa un inesquecible rato que superaba con moito o que ti querías saber.

José Miguel colaborou connosco en todas as revistas, dende o número cero. Comezou pola Lanzada, falounos sobre a Toxa, fixo un percorrido por todas as festas curativas do Salnés, mergullouse no Adro Vello, paseou polo Carreiro, informounos sobre o Meco, sobre a Pesca, tocou o Novo Emden, etc. Era unha peza fundamental de AUNIOS no relacionado con O Grove o coa bisbarra do Salnés.

José Miguel sempre estará presente nesta revista e sei seguro que se algún fallo topa nela, nolo fará saber dalgún xeito. Unha forte aperta amigo! No nome de todos os socios de Pineiróns e dos colaboradores desta Asociación.



FLOREANO E OS VIKINGOS

Por: José Miguel Besada Fernández

Era no ano 968 cando o Deus Thor, atendendo as súplicas do seu pobo, fixo unha gran exhibición dos seus poderes desencadeando un forte temporal na ría de Arousa cun gran despregue de raios, tronos e chispas e un vento tempestuoso do sueste. Foi daquela cando unha gran flota viquinga desembarcou no porto de San Tomé en Cambados para internarse terra dentro por Vilariño, Sisán, Castrelo e por todas as corredoiras causando un gran estrépito.

A medida que avanzaban, nas aldeas, co temporal e o barullo que armaban os viquingos, os animais dos currais berraban todos: os cabalos rinchaban, as burras orneaban, os cans ladraban, os gatos miaban, ata os ratos chiaban e un canario vello que crían que era mudo púxose a cantar na gaiola. Os veciños, que non saían das casas, asomáronse para mirar o que pasaba e, cando viron a aqueles homes cos cornos, empezaron a berrar tendo por certo de que era a fin do mundo e, como si se puxeran de acordo fuxiron todos monte arriba, rumbo ao Castrove, uns a cabalo, outros en carros de vacas outros correndo; o mais dramático era ver a algunhas nais que levaban no carriño ás súas crías monte arriba e ás vellas que ían en angarellas.

Na súa fuxida, mellor dito, na gran evasión, entre choros e gritos histéricos entendíanse frases coma

-Eu cria que había un solo demo, pero hai centos deles.

-Isto é a apocalipse. Tiña razón don Ovidio de que no ano mil acabábase o mundo.

-Pero estamos no 968 e aínda faltan 32 anos.

-E que veu adiantado coma as colleitas ou o inverno, é como cadre.

-Eu o que sinto é que non habrá ninguén a quen contarllo.

Todas as aldeas quedaron sen xente. Todos fuxiron con algúns animais que levaron. Aos demais deixáronos nas cortes e nos currais; as colleitas, que por certo fora un ano moi bo, quedaron enteiras nos hórreos, nos faios e nos alboios e cando parecía que non quedaba ningún humano escapou e saíu o sol só na bisbarra.

En canto todo estivo en calma, o xefe dos viquingos subiu a un outeiro, tocou o corno para reunir a tropa e darlle grazas ao deus Thor cunhas verbas que, traducidas

ao galego, mais ou menos dicían; Oh Thor!, deus do mal tempo, graciñas por ouvir as nosas súplicas. A túa axuda foi grandiosa, propia de ti, que sabes facer as cousas perfectas, e así podemos recoller estas excelentes colleitas biolóxicas de primeira calidade, con denominación de orixe “O Salnés”. Levaremos os alimentos para manter ás nosas mulleres, meniños, avós e avoas, sogros e sogras, sen causar vítimas mortais pois todos fuxiron e aforraronos o traballo. Grazas Thor outra vez.

Non obstante, fuxiran todos?. Non, todos non. Quedaban dúas persoas nun loureiro: Floreano e Servando o taberneiro, mais coñecido por “O Frangulleiro”. Floreano sabía que era unha parvada fuxir e o Frangulleiro, como sabía que Floreano era sabio fixo o mesmo.

Nestas estaban cando un viquingo entrou e, estrañado de velos, preguntoulle a Floreano:

-E ti, que andas a facer?

-Non ves cornudo que estou bebendo? Eló a ti, pódese saber quen che puxo os cornos?

-Púxenos eu só

-Humm

-Qué bebes?

-Non o ves?, é tinto da casa. E o néctar dos deuses, o que beben Zeus, Baco, Apolo e os demais deuses no monte Olimpo. Este viño da saúde, fortaleza e sabedoría. E quen é o teu deus?

-Son uns cuantos, pero o xefe é Odín.

-Quen o din? Quen o di?

-Odin é o nome do noso deus supremo.

-De seguro que eses tamén o beben, por iso son deuses.

-Podo probalo?

-Estás nun loureiro e a estes sitios vense a beber e a falar, é obrigatorio. Servando, ponlle unha tinta o cornudo e anótama a min.

Bebeu todo dunha sedada e, cando rematou, automaticamente exclamou *Que ben sabe! Podo tomar outra?*

-Non faltaría mais. Outra, Servando.

-Marchando –contestoulle.

En vez de botala na taciña –dixo o viquingo– bóta-ma mellor nun caldeiro que teño moita sede.

-Animal, cando vas ao oftalmólogo é recítache un colirio para botar un par de pingas en cada ollo, botas o colirio cunha manguera? Pois o viño é o mesmo; hai



que bébelo a grolos e falar pausadamente senón é malo para todo. O mais importante é saber beber.

Fixo o que lle recomendou Floreano e quedou extasiado. Sen medíalo, rapidamente saíu fóra e correu a un outeiro, (*parece ser que foi en Besomaño*), para avisarlles aos seus do gran descubrimento que fixera. Sacou un corno da cabeza e púxose a soprar tuuuuuuu tuuuuuuu tuuuuuuu. Acudiron todos porque xa sabían polo toque do corno que era algo moi importante. Despois de contarlles a experiencia do tinto, saíron disparados, correndo coma sempre - esta xente nunca ían andando a ningún sitio - sempre a correr, ao loureiro do Frangulleiro. Empezaron a beber, pero non como llelo recomendara Floreano. Todo o contrario: uns en caldeiros, outros pola billa, outros por unha goma; houbo pelexas entre eles porque se disputaban as billas, que era coma mais lles gustaba e acabaron todos borrachos e desfacendo con todo o que se lles poñía por diante. Cando se recuperaron da borracheira o viquingo que estivera con Floreano, chamouno para que lles dera unhas charlas sobre como hai que beber o tinto. Dou moi bo resultado, Floreano coa súa elocuencia, o seu timbre de voz, a súa psicoloxía e o seu don de xentes convenceunos rapidamente e ata daba gusto velos beber, facéndose, a maioría deles, enólogos autodidactas.

O que non puido evitar Floreano foi o saqueo. Requisaron en todas as casas primeiro o viño e despois o resto: animais, centeo, cebolas, allos..., ou sexa, todo que se puidera comer levando todo para San Tomé, que era onde estaban os barcos. Despedíronse de Floreano e prometéronlle que volverían para a próxima colleita e que lle traerían un traxe de gala do seu país cos cornos de reno, cousa que non lle sentou nada ben, porque lle pareceu que se rían del aínda que o facían de boa fe. Saíron e pedíronlle a Thor que non mandara tronos nin raios pero que mandara vento, que os barcos ían moi cargados e era moito traballo ir vogando nesas circunstancias.

Cando retornaron todos os fuxidos ás aldeas atopáronse con todo arruinado. Só había leña na lareira, pero nada que comer, nin viño, e no salgadoiro non había nin sequera unha area de sal. Os hórreos sen portas, os campos sen herba, ou sexa, nada de nada e outra vez como na fuxida, gritos, choros, lamentacións...

-Non temos nin sequera un ovo.

-Nin teremos, non hai galiñas para poñelos.

-Isto é a apocalipse, quen me dera morrer.

-E ti queixábaste de que non habería ninguén a quen contarllo e agora queres morrer. En qué quedamos?

Mentres Floreano, que era moi previsor xa que unha catástrofe pode vir calquera día sen pensar, tiña na súa casa ben agachado uns barriliños de tinto para o consumo dun ano e medio, por si acaso, ata a seguinte colleita. Neste asunto non pasou apuros (*estaba tan afeito ao tinto da bisbarra que os outros non lle ían tan ben*). Ante

a emerxencia de estar sen viño, os taberneiros tiveron que traer viño de Castela que aínda que eran bos non era o mesmo. Os loureiros perderon o encanto durante unha colleita, cousa que é normal pois perdérase a esencia, o relax e o benestar da bisbarra para veciños e os forasteiros, eses que ao probar o tinto quedan enfeitizados e son os maiores admiradores e amigos do Salnés.

Floreano, que estaba pasando un dos momentos mais tristes da súa vida, despois de moito cavilar, dou coa solución para evitar que volvera a suceder o mesmo na bisbarra, xa que aos viquingos saíralles tan ben a “expedición”, que xa dixeran que volverían o ano seguinte só a polo viño.

Decidiu entón crear unha plataforma reivindicativa, para o que se xuntou nun loureiro cos parroquianos de sempre. Estirou un mapa enriba da mesa para expoñerlles o seu plan, debatelo e de forma globalizada estudar sobre os puntos estratéxicos para a construción e situación das fortalezas defensivas dos previsibles desembarcos viquingos.

Despois de facer unha análise profunda e meticuloso da bisbarra, chegaron a conclusión por aclamación de que o plan de Floreano era perfecto. Nin un equipo de enxeñeiros, xeólogos e estrategos militares podían facelo igual. A única e segura solución consistía na construción de tres fortalezas: polo norte - por si viñeran de Santiago - faríana en Catoira que controlaría a parte de leste do Barbanza; pola parte sur, a Lanzada era fundamental por ter un bo acceso ao Salnés. Ademais por esta zona estaban as salinas - que aínda non deran con ela os rapieros - cunha produción de sal gorda de primeira calidade tan necesaria para os nosos salgadoiros. A eles viríalles moi ben para salgar o bacallau tan abundante nos seus mares que ademais é o seu prato favorito pois tíñano tanto ao pil - pil como en caldeirada con allo e pemento e sobre todo asado á brasa con aceite e cebola crúa. Esta foi unha previsión moi importante que só podía saír dun xenio coma Floreano.

A terceira fortaleza sería en San Sadurniño preto de san Tomé, por se se dera o hipotético caso de que fallaran as defensas do norte ou a do sur, ademais de que a porta da casa - como quen di - mete respecto xa que daría a impresión de ser unha zona inexpugnable, cunha chea de canons ben visibles para asustar ao inimigo xa que se adiviñaba que habería detrás un forte e ben adestrado exército.

Xa todo planificado, despois de constituír a plataforma cos correspondentes estatutos e todo o demais que leva consigo para a súa legalización, Floreano, que era o presidente, redactou o escrito reivindicativo que levarían a Santiago para presentarllo ao señor bispo. Empezaron, primeiro a recoller firmas por toda a bisbarra, encargándose

diso o propio Floreano, don Ovidio e Servando o Frangulleiro, que eran os seus homes de confianza. Cada un tiña o seu papel: don Ovidio fixo o censo a partir dos bautizados; o Frangulleiro, que coñecía ben a todo mundo encargouse da planificación e Floreano sería o supervisor. Así foi que non quedou ninguén sen firmar. Aquilo resultou un éxito, pero foi moi complicado xa que o noventa e catro con seis por cento asinaron co dedo emborreado xeralmente en touciño rancio ou en chourizo, e había que escribirlle o nome de cada un; a verdade é que foi un traballo de moita paciencia.

Despois de ter todo listo, Floreano mandoulle unha carta o bispo para pedir audiencia. Este ao ver a firma de Floreano como presidente da plataforma e a de don Ovidio como secretario – ao Frangulleiro non o coñecía – púxose un mundo de contento por varias razóns; porque o problema das invasións viquingas era o mais grande que tiña Galicia e sobre todo Compostela e non vían a maneira de remedialo; por coñecer persoalmente a Floreano, do que oíra falar moito e ao mesmo tempo cambiar impresións con don Ovidio ao que lle unía unha gran amizade desde que estiveron no seminario. Así, mandou rapidamente a un emisario contestándolles que podían ir cando quixeran, que foran polo palacio episcopal a calquera hora do día, mellor á hora de xantar porque para el sería un pracer comer e falar con eles.

Foi unha boa noticia para os dirixentes da plataforma e para os veciños por esa boa acollida por parte do bispo polo que decidiron saír xa ao día seguinte a Compostela. Os tres puxeron o traxe dos días de festa en nun carro tirado por un cabalo – Floreano levou tamén un barriliño de tinto, *por s'ascaso, dixo el* – e tira para a capital. Xuntouse todo a xente a despedilos e desexarlles sorte, indo tamén con eles bastantes homes pola súa conta para arroupalos e recibir as noticias do resultado directamente, de primeira man. Chegados á praza do Obradoiro, acércanse ao palacio episcopal e don Ovidio, que era un home da casa, doulle recado a un cóengo de que lle dixera ao bispo que xa estaban aquí os da Plataforma de Salnés con Floreano á fronte; o cóengo, que xa estaba ao tanto da visita, con toda amabilidade mandounos pasar á sala de invitados. (Por certo, o Frangulleiro, que nunca saíra do loureiro, pero que sabía a vida de todo veciño, quedou asombra-

do, mellor dito, aparvado xa desde que entrou pola rúa do Franco e na catedral xa perdeu a fala que non recuperou ata chegar a aldea.

Xa no salón de actos do palacio, chega o bispo e saúda aos tres con moita ledicia dicíndolles que estaban como si fora a súa casa, e que sería unha honra para él que quedaran alí a comer ao que accederon moi gustosos.

Dirixíndose a Floreano díxolle:

–É un gran honor, don Floreano, coñecelo persoalmente. Lembro que falamos moito de vostede nun sínodo que tivemos en Roma onde me decatei da súa sabedoría e da súa humanidade cos necesitados.

–Eminencia – respondeulle – eu non son don Floreano, son só Floreano para todo o mundo, e estar aquí e unha das experiencias e satisfaccións máis grandes que tiven na vida ata este momento.

Despois de contarlle ao bispo o que pasou na invasión viquinga, mostroulle as firmas dos veciños para que vira que estaban moi avalados; sacou o mapa da bisbarra e explicoulle con todos pormenores o proxecto das fortalezas. O bispo quedou asombrado de Floreano, desde o timbre de voz, a seguridade con que falaba do tema e o poder de convicción. Tanto foi así que dou por aprobado o proxecto e mandou que se fixeran as construcións por vía de urxencia, sen consultarlle previamente á curia episcopal como manda o protocolo e os estatutos.

Unha vez acabada a reunión o bispo invitounos a pasar ao comedor e Floreano foi a buscar o barriliño do tinto que tiña en reserva despois do saqueo. cando o bispo veu aquilo, estrañouse dicíndolle: Floreano, aquí no palacio temos viño dabondo e si vas pola rúa do

Franco tes de todas clases, para todos os gustos, ata os padais máis esixentes.

O que quero eu no o hai aquí – respondeulle – O viño meu e o de denominación de orixe “Tinto de Barrantes” e ata a próxima colleita non queda mais ca o que tiña eu escondido en previsión dalgún cataclismo, como pasou.

Acabado todo e despois do éxito, volta ao Salnés, onde foron recibidos polas bandas de música de Meaño e Castrelo. O mellor foi que a Servando o Frangulleiro volveulle a fala e desquitouse de todo o tempo que estivo calado.



OS MODERNOS SAQUEADORES DE NAUFRAXIOS

Por: Yago Abilleira Crespo

Este é un deses artigos que un non quere escribir, pero que hai que facelo. Como buzo que son, vexo moitas cousas que os demais non ven, e é a miña obriga denunciar o que se fai no fondo das nosas augas.

Duns anos para aquí xente sen escrúpulos dedicouse a sacar, ilegalmente, restos históricos, para facer un uso privado de algo que é de todos. Ademais, os obxectos que extraen do fondo do mar, precisan dunha serie de tratamentos de restauración que esta xente nin sabe nin pode facer, o que acaba provocando a desaparición total do obxecto recuperado. O sal da auga mariña que está no interior das pezas cristaliza ó evaporarse a auga, o que produce que o obxecto rebente de dentro para fóra. Pero é peor no caso do ferro: o simple contacto co aire tras estar somerxido moito tempo provoca unha serie de reaccións químicas irreversibles e imparables.

A continuación enumérase un listado de pezas roubadas. Non son todas, só as que nós detectamos:

-Praia de Samil (Vigo): Ó Leste da mesma, xusto no seu comezo, hai unha punta de pedra que penetra no mar (a "Barra de Samil"). Alí había dúas grandes áncoras, unha moi grande que posiblemente fora dun vapor, e outra algo máis miúda, pero máis antiga, e que probablemente pertencera a un galeón. Buscámolas dúas veces e non as demos atopado. Este tipo de pezas son moi solicitadas para poñer nos xardíns. Parece ser que hai xente á que lle gusta... alá eles. Ogallá lles visite o xardín a Garda Civil.

-Cabo Home (Cangas): Aquí, no ano 1800 naufragou a fragata inglesa "HMS Stag" (cervo en galego). Nos anos 80 un mergullador sacou de alí un pequeno canón, tipo carronada. Tras varias peripecias, conseguiu levalo ó seu xardín e alí o chimpou, sen darlle ningún tipo de tratamento. Segundo el mesmo nos comentou, o canón acabou no contedor do lixo. Foino levando ós poucos cunha carretilla, "a medida que ía rompendo", foron a súas palabras. Non lle durou nin dous meses. Outro obxecto perdido para sempre.

-Illas Cíes: Preto do faro de do Príncipe, no medio do canal entre as illas, había un antigo canón de ferro. Foi extraído e levado ó chale dun médico, parece ser. Seguramente para

poñelo no xardín... Non se fixo ningún tipo de estudo. Descoñecemos a que época pertencía e o estado actual da peza, que debe de ser moi malo.

-Illa de Onza: O noso arquipélago non escapa á acción dos ladróns, por desgraza. Ó Sur de Onza foi contra a costa o "Barsac", un patrulleiro francés, en Xaneiro de 1940, en plena II Guerra Mundial. Preto do Con dos galos estaba a gran hélice de bronce do barco. Pois ben, fai ben pouco, certo señor, que nin sequera é da Illa, sacouna. Sabemos quen foi, pero non o podemos demostrar, por sorte para el. Esa hélice tiña que quedar en Ons. O Centro de Visitantes sería un sitio perfecto e onde todo o mundo se faría unha foto... un barco da II Guerra Mundial sempre é un bo reclamo. Coidadiño con este home cando visite a Illa, xa


sabedes que lle gusta coller o que non é seu...

-Illa de Ons: Posiblemente esta foi a maior perda, non polo valor económico (que non o ten) senón polo valor histórico-arqueolóxico. Na enseada de Caniveliñas, había un canón de ferro. E digo había porque xa non está, e iso que o buscamos dúas veces. Seguramente o levou algún "pijo" que decidiu que lle quedaría ben no xardín. A artillería é un arma que foi evolucionando e que cada país adaptaba as súas necesidades. Un simple canón, ben estudado, pode darnos abundante información: Época, nacionalidade, tipo de barco,... Pois ben, agora todo iso está perdido, borrándose unha parte da historia da Illa, posto que o ignoramos todo sobre este naufraxio. Por se fora pouco, ó sacar o canón perdeuse a posición do mesmo. Se agora se quixera facer un estudo arqueolóxico do naufraxio... Por onde buscamos? Poñémonos a remover area por toda a enseada? Impensable. O peor de todo non é

iso, non. Tendo en conta o deterioro que sofren os canóns de ferro que estiveron a pouca profundidade en fondos de area, o máis seguro é que se desintegrara debido ás alteracións químicas. Posiblemente, o único canón que había en Ons perdeuse para sempre.



Bola de canón recuperada do mar. Completamente agrietada por falta de tratamento.



Estudo dun canón de ferro extraído do mar. O interior está cheo de óxido, por falta de tratamento. O exterior está irrecoñecible.



PISADAS DOS ANCESTROS NA ILLA DO GROVE

Por: Javier Fernández Soutullo

O plan de escavacións en xacementos abertos cobra sentido cando son áreas de gran entidade e tamaño aínda que a dispersión do xacemento non favoreza a súa comprensión, sobre todo, cando existe distanciamento entre estes. As épocas, as datacións,..., a non articulación de todos os datos, supón un desperdicio dunha serie de evidencias aproveitables.

A primeira interpretación que se pode dar, cando atopamos algún resto é o seu carácter fortuíto, depositado unicamente polo azar. Cando nos preguntamos: por que está alí é cando xorden respostas. No caso de se atopar nun lugar fóra do poboado, á forza tiña que ter unha disposición intencionada. Este tipo de achados non outorgan, nun principio, un carácter habitacional, pero pola contra a súa presenza exclúe o seu carácter fortuíto ou de azar.

A relación espazo tempo con respecto a outros elementos coñecidos pode ser considerado de distintas maneiras: habitacional, funerario ou de actividades produtivas e comerciais. Nesta última opción, de existir, os restos serían vinculantes con un poboado, polo que a función de habitacional tampouco sería equivocada.

Este é o caso do achado do que imos a falar neste artigo, o porto de LAMBRACA


Dada a concentración, tipoloxía e cantidade de materiais, penso que é posible identificar este tipo de xacemento aínda que a súa estrutura se encontre moi deteriorada ou destruída, xa que non sempre a crítica do rexistro arqueolóxico resolve todos os casos formulados, pero pódese tamén considerar un erro non ter contemplado o valor exemplar que posúe o xacemento con respecto a outros que se encontran na mesma área cerca del. Estudáronse todos os poboados existentes na mesma zona pertencentes a distintas épocas, permitindo extraer outras conclusións sobre o poboamento humano da zona, dándome a entender a necesidade dunha análise arqueolóxico - xeográfica, usando por unha banda unha base cartográfica do relevo costeiro, aínda que debido á escasa falta de datos desta índole que afectan ao noso país necesitei acudir a mapas cartográficos que non superan os cinco séculos no tempo. En calquera caso non pretendo definir o territorio deste achado, senón describir as condicións de emprazamento, xa que o máis interesante atópase no seu entorno inmediato e na súa área de influencia para os poboadores.

Por outra banda, son os accesos os que, aparte da xeografía e da rede hidrográfica, influían na xerarquía dos poboados de tal maneira que axudaban a establecer diferenzas entre uns poboados e outros. Estas situacións permiten saber como distintos poboados utilizaron o mesmo espazo de forma distinta e por prioridades diferentes.

Logo existía o trazado de vías de tránsito que percorrían todos estes puntos e enclaves sen excepcións. Os castros e aldeas estaban situados ás beiras dos ríos ou fontes que garantían o continuo manado de auga; tamén elixían proximidades de terras de monte e brañas e por último, e non menos importante, un emprazamento orograficamente defensivo que garante a supervivencia socio-económica do grupo. Tendo presente que os achados de enterramentos non aseguran a presenza dun poboado inminente e viceversa, penso que todo o aquí exposto é obviamente discutible, máxime no campo da arqueoloxía no que as verdades absolutas non abundan. Ao meu entender, é verdadeiramente importante aportar datos e deixar unha porta aberta.

Coa conquista definitiva da Galicia o xeógrafo romano Rufo Festo Avieno no século IV d.C., na "Descriptio Orbis Terrae", falando da súa viaxe ás costas galegas, fai un inventariado moi metódico da costa e da illa do Grove da que fala como punto importantísimo de aprovisionamento de auga para a flota romana. Cita a Fonte das Furnas, ao pé dun gran rochedo xunto a unha cala

pequena sita a uns escasos douscentos metros do porto da Lanzada. Anos despois, seguramente para unir a fonte e o próximo porto, xa na romanización, constrúese a calzada romana denominada Camiño de Druidantes no SW que aproxima este lugar coa "Villae marum de Adro Vello" pasando pola Torre de Balea e os lugares de Veiga Grande, Outeiro e a Torre. Outros camiños enlazaban a "Villae de Lovaxeira" en Meloxo (brañas matogueira), a Villavella e o Corgo (corgus cannalis, río canalizado) e esta con "Vilar Ardenan" ao través do despois coñecido como Camiño Real de Castilla, que utiliza esta antiga vía para bordear a costa leste do litoral interior da ría e dar saída ata o Con da Gaiyota no límite xeográfico SE. Séculos despois, este camiño, a través de dúas pontellas (as primeiras contan que de madeira, despois substituídas por unhas de pedra) nos uniron a Noalla no concello de Sanxenxo. Pomponio Mela usa datos dunha viaxe realizada



Antigo camiño de Druidantes.

por outro filósofo e navegante latino Eforo no século VI a.C., narrado en verso latino que constitúe a primeira referencia escrita sobre Hispania.

Falamos de que o chumbo era o máis valioso, ao que os gregos chamaron “Casiterum” e estas illas do Atlántico posuíano en gran cantidade. Pequenos barcos cosidos con coiros abarloban ás naos e comerciaban a flote.


LAMBRACA.

En moitas familias do Grove e mesmo de Noalla, había o costume entre os vellos de contar historias en noites longas e frías, ao carón do lume. Nelas foise transmitindo ao longo dos séculos a crenza de que na antiga illa do Grove existiu, en tempos moi remotos, un poboado moi importante, acorde con tempos esquecidos xa de toda pista excepto da memoria dos ancestros. Falaban dunha poboación denominada “LAMBRACA” e sitúana na Idade do Ferro na etapa final do Neolítico tamén coñecida como Bronce IV, época de grandes invasións. Este pobo, como todos, explotaba os recursos mariños, a recolección e tamén se manexaban con destreza no aproveitamento da metalurxia.

Falan dun terremoto no mar que levantou semellantes ondas que os varreu a todos. Contan os de Noalla, que tiñan os mortos arriba e eles vivían embaixo por iso o mar os tragou. En Castrelo exprésanse de maneira semellante. O seu nome soa coñecido, se o aparelamos co da Lanzada, xa que este ben puido conservar o seu nome durante máis de vinte e tres séculos coas variantes que os distintos pobos lle engadiron ou quitaron.

O PORTO DE LAMBRACA

O señor Manolo da parroquia de Aios en Sanxenxo, vello mariñeiro xa finado, contoume ala polo ano 1997 as primeiras historias sobre este tema da cidade de Lambraca e dicía que, aínda hoxe, na praia da Lanzada quedan soterrados por metros de area parte do seu porto construído. Nun intre, eu interrompino para preguntarlle se se trataba dun porto natural, un ancoradoiro ou un lugar da costa para fondear embarcacións. El respondeume, algo cabreado como se apreciase en min restos de dúbida da súa historia, que non, que o embarcadoiro estaba alí soterrado e que el, na súa longa vida, tan só o vira unha vez.



O peirao da Lanzada. Vista dende o sur

Dous anos máis tarde recibín unha chamada do Sr Manolo. Era unha tarde de xaneiro con moi mal tempo, (xa levabamos 20 días así). Tan só me dixó unha frase: “*Javier vaite agora mesmo á Lanzada e poderás velo todo*”. Non o dubidei, agarrando a cámara de fotos e unha cinta métrica, que polo meu oficio sempre levo no coche, achegueime ao lugar antes mencionado.



O peirao da Lanzada. Vista dende o oeste

Ao chegar, alí o estaba. Non saía da miña sorpresa ao admirar o que alí vin. Saqueille as cinco fotos que me quedaban no carrete e dispúxenme a medilo. Doume un longo de 62 metros por unha anchura de tres, con forma de rampla en liña recta, construído con grandes bloques de pedra e un aliñado case que perfecto. Nace na desembocadura do río dos Pozos da Tomada e colle dirección SW, coa illa de Ons ao fondo, onde os restos se parten e desaparecen dando a indicar se cabe que era algo máis longo que hoxe. O mesmo temporal que o destapou nunhas horas volveuno a cubrir. Fai agora trece anos daquela e non o volví mirar, tan só cando me acordo del volvo a ollar as fotos que saquei.

As grandes mareas nas ribeiras, xunto cos frecuentes temporais lograron que as veces a placa intermareal se xuntase coa supramareal quedando todo mergullado. O almirante Tofiño no 1787 no seu traballo “*Derroteiro da costa de España*” describe o Bao como un brazo areoso que enlaza a costa da illa do Grove co continente, e que as augas oceánicas, durante as grandes premares, acostumaban a saltar o istmo e xuntábanse coas da ría de Arousa, desto tan só fai un par de centos de anos. Xa na cartografía o primeiro que puxo o Grove como illa foi Fernando de Ojea na súa carta feita en Amberes en 1603, pero dende a máis longa antigüidade Ptolomeo (filósofo grego s.II a.C) falaba destas costas e os seus habitantes. Foi Pomponio Mela (xeógrafo latino de orixe hispánico) quen, no século I. emprendeu a redacción do máis antigo tratado xeográfico e descritivo das costas de Hispania, onde cita fontes de Herodoto, Estrabón e Varrón, os cales citan á súa vez unha illa grande e moi habitada e a cidadela de Lambraca.

Estrabón conta na súa obra que eran dez illas e unha delas estaba despoboadas. As demais estaban habitadas por homes vestidos con mantos negros e túnicas ata os pés, cingidas no peito, e que moitos camiñaban cun baral que facía

as veces de arma, ferramenta e de bastón de apoio segundo a idade. Vivían do gando e tiñan estaño, chumbo e peles que trocaban cos comerciantes fenicios por cerámicas, sal e obxectos de bronce, posto que, daquela, unicamente os fenicios realizaban esta ruta marítima.

O contacto permanente dos habitantes indíxenas das illas Cassiterites (nome que os romanos lle puxeron debido aos minerais que posúen como a casiterita vital para a obtención do estaño) co medio mariño forxa que dende aproximadamente uns 13.000 anos as poboacións destas illas e de moitos lugares da costa estivesen nun contacto próximo e directo. A pesca e o marisqueo constituían a súa base alimenticia como así o testemuñan os moitos cuncheiros atopados nos arrabaldes dos castros.



O peirao da Lanzada. Vista dende o leste

MAPA ARQUEOLÓXICO DA ILLA DO GROVE

O uso da arqueoloxía da paisaxe como perspectiva dun estudo é loxicamente o resultado dunha opción persoal, que me permite o estudo dunha paisaxe social imaxinaria, da época que estou a considerar. Para este estudo e definición dos poboados e poboadores da época engado a esfera propiamente residencial (enterramentos, tesouros, manifestacións artísticas, restos, etc.) Outros datos a ter en conta poden ser as condicións do emprazamento, trazando un circulo de radio fixo, duns cincocentos metros aproximadamente que consiste nunha área de visibilidade limitada, e outra de accesibilidade que analice un antes e un despois da época en cuestión atendendo ás vías de tránsito tanto marítimas como terrestres, e tamén as condicións hidrográficas.

En calquera época pareceume correcto centrar o estudo paisaxístico, nos poboados, aínda que existen outros

motivos como a concentración de materiais. É importante a busca destes últimos para establecer unha comparación de cada xacemento cos das súas zonas próximas, e con outras series de achados de actividades humanas, sexan prehistóricas ou non. Sendo consciente do discutible do meu criterio persoal, pareceume positivo o feito de explicar o traballo xunto da clase de xacementos que nos ocupa este traballo.

Por tratarse de indicios de poboación da antigüidade, poucas veces se conta con algo máis que unha concentración de materiais. Ante isto cabe a actitude de sinxelamente ignoralos, ata que non se recuperen outros indicios que me permitan realizar outra función de forma menos arriscada.


Neste gráfico trátase dunha retrospectiva do que sería a illa do Grove sen a presenza do areal do Bao. Nel reflíctense claramente as diferentes manifestacións máis importantes dos achados da época castrexa, (S.III a.C.) e os efectos da posterior romanización da illa. (s.I d.C.) Lendo e interpretando o mapa obsérvase que a disposición dos xacementos ten unha orientación variable; atende máis ben a situacións de visibilidade, polo tanto defensivas e sempre cerca dun acuífero ou fonte.

Apréciase tamén que dous mananciais non son cruzados, nin tan sequera quedan cerca das vías ou camiños: son o de Con de Loureiro, do que cabe destacar que a súa auga non era expresamente para o consumo, tampouco é abundante; tratábase dunha auga especial que a xente antiga recollía nas filtracións do chamado Con de Loureiro polas súas propiedades máxicas e curativas. Ata fai pouco os veciños de Meloxo subían ao monte a por esa auga pois din que trataba os males da vista entre outros.


Outro acuífero é o do Caverna onde existe un río canalizado na rocha e noutros tramos vai somerxido en túneles escavados en terra e rocha dunha distancia considerable. O nome do lugar xa nos conta algo. Transcorre por un pequeno val que forma entre a pena Calabeira e o monte do sanatorio.

Ese río chámase o dos Pozos da Tomada. Casualidade ou non, cando vai cheo e se dan as circunstancias adecuadas, é o que nos descubre o porto da Lanzada. E de preguntarnos nun eixo de superficie duns escasos catrocentos metros, que función tiñan na época que describimos unha fonte de abastecemento (as Furnas) o inicio dun camiño romano, (Druidantes), un río canalizado en pedra (Pozos da Tomada) e por último, e máis sorprendente se cabe, un porto soterrado, ou tragado polas augas, na Lanzada.

Estes catro achados dunha gran importancia penso eu que tiñan que estar directamente relacionados coa presenza dalgún poboado nas súas proximidades. Quizais LAMBRACA ?



Castro de Cantodorso. Pedras graníticas de forma circular.
Encóntranse oito pezas espalladas.



PRÁCTICAS AGRÍCOLAS E PROCESOS DE CAMBIO NO ARQUIPELAGO DE ONS*

Por: Paula Ballesteros-Arias

Colaboradora do Laboratorio de Ciencias do Patrimonio (Incipit), (CSIC).

Neste artigo tomouse como referencia principal a paisaxe agraria como unha manifestación máis da sociedade, e como reflexo cultural das diferentes comunidades establecidas neste territorio insular ao longo do tempo.

A paisaxe agraria tradicional, que afortunadamente aínda se conserva, vén remarcar a insularidade deste territorio debido a que os longos temporais de inverno facían imposible vivir cara ao mar, o que limitaba fortemente os ingresos económicos da pesca da comunidade da illa. Desenvolveuse entón un sistema económico de carácter tradicional, nos que os seus habitantes ademais da pesca e marisqueo “a pé”, desenvolveron manufacturas de salgadura, e dedicáronse á agricultura e á gandería.

Do mesmo xeito que os sitios arqueolóxicos documentados (Vilas *et al* 2005, Ballesteros-Arias 2008, Ballesteros-Arias *et al* 2012 e.p), a ocupación tradicional en forma de pequenas agrupacións, denominadas barrios, emprázanse na ladeira orientada ao nacente e abrigada así dos fortes e fríos ventos do oeste. É tamén nesta vertente, onde a orografía preséntase con formas suaves, onde se atopan os areais e as zonas marisqueiras (coa excepción dos acantilados da vertente oeste onde se recolecta o percebe). Aquí atópanse as mellores terras de cultivo e é por onde discorren e desembocan a maior parte das correntes de auga. En contraposición está a vertente oeste, onde se atopan os acantilados e as enseadas de cantos rodados, e onde están as zonas de monte baixo e de pasto para o gando.

Para entender a dinámica poboacional máis recente, foi consultada unha serie de documentación histórica, grazas á cal puidemos comprender en profundidade os procesos dinámicos de poboación-despoboación-repoboación, asociados a cambios de propietarios e de tipo de propiedade.

A documentación histórica da illa remóntase cara o ano 899 no que o monarca Alfonso III doa a illa de *Aunes* ao bispo compostelán (Lucas Álvarez, 1997). A partires desta data atopamos outros documentos que nos permiten observar diversos cambios de propiedade que se deron ao longo do tempo.

Sucedo o mesmo cos procesos de poboación. Nos documentos do Catastro da Ensenada do século XVIII a illa aparece deshabitada e en momentos anteriores a documentación reflíctenos unha alternancia entre a ocupación e o abandono e será a partir do século XIX cando estea habitada de forma permanente.

A finais do século XIX uns inventarios de capitais de arrendatarios móstranos unha plena explotación da illa, cunha considerable presenza de gando vacún, unha fábrica de salgadura de peixe, abundante pesca de polbo cuxo único comprador tiña que ser o dono da illa, o cultivo de millo e centeo, ademais da presenza de colonos que traballaban no seu aproveitamento e explotación.

Este escenario é drasticamente alterado co estoupido da Guerra Civil en 1936, cando se xera un novo cambio de propiedade xa que o novo estado franquista decide facerse coa illa, expropiándoa á familia Riobó con fins militares. Tales fins nunca se levaron a cabo, e en 1964 pasa de pertencer ao Ministerio do Exército para depender do de Agricultura. Mentres a poboación da illa seguía aumentando, conseguindo o seu máximo en 1955 con 530 habitantes. A finais dos anos 60 empezouse a levar a cabo a remodelación de parte da illa coa realización de obras como lavadoiros, tarefas de electrificación e a construción dun novo centro cívico social en Curro. A partir dese momento comeza a súa caída, especialmente a partir dos anos 70/80 que será cando comece o acelerado descenso da súa poboación (18 habitantes segundo un censo de 1986). Na actualidade aproximadamente 6 persoas viven na illa durante todo o ano ademais da xente de Parques (un garda e varios operarios). Esta poboación vese incrementada notablemente en época estival, cando a maior parte das familias retornan ás súas casas, aumenta o número de empregados do Parque Nacional e o turismo “convencional” e “especializado” fai patente a súa presenza.

A illa como paisaxe agraria

En termos xerais, a paisaxe rural galega está constituída por dous tipos de espazos produtivos diferentes e especializados, o monte e o labradío. Este modelo de paisaxe baséase na complementariedade entre estes dous espazos (Bouhier, 2001) ata o punto que un cambio na explotación e xestión dun espazo afecta ao outro. Así como o labradío é o sustento alimentario da poboación e base da economía rentista, o monte é o sustento base do labradío e, polo tanto, do sistema económico tradicional.

No monte concéntranse catro usos importantes: abastecemento de leña ao servizo doméstico, lugar de pasto para o gando, para o cultivo de cereal con sistema de rozas e lugar de produción de toxo. Concretamente a especie que nos atopamos na illa así como no resto da costa do NW peninsular e N de Portugal é o *Ulex europaeus subsp latebracteatus*, toxo costeiro ou toxo mariño, adaptado ás duras condicións ecolóxicas que se dan neste medio. Caracterízase por un menor tamaño, porte achaparrado e presenza de espinas máis grosas e máis curtas que o toxo arnal, *Ulex europaeus subsp europaeus*, implantado no resto do territorio (Vilas *et al*. 2005. 87). Esta leguminosa, ademais de fixar nitróxeno ao chan, constituía a base do abonado que permitía manter a fertilidade do labradío e, polo tanto, era o auténtico soporte do sistema. Nos pobos costeiros ademais utilizábanse as algas mariñas como abono para as terras.

Tal como puidemos observar trala análise da documentación histórica, este modelo xeral de paisaxe vese representado diacrónicamente na illa de Ons, a cal estivo caracterizada a nivel produtivo por unha explotación agrícola onde se desenvolvía unha agricultura baseada no policultivo de

subsistencia da unidade familiar, ademais do cultivo de bens excedentarios, millo e centeo, como unha das rendas a entregar aos sucesivos donos que tivo a illa, ademais do polbo capturado en pesca de baixura. Segundo Staffan Mörling (2006: 38) “*O par de vacas, o xugo de bois e a dorna eran as bases da economía do fogar da illa*”.

Esta paisaxe agraria é unha dimensión fundamental da paisaxe cultural da illa xa que, ademais, representa a pequena escala un proceso rexional de abandono de prácticas preindustriais que ocorreron en Galicia a partir dos anos 60, coa mecanización da agricultura, uso de fertilizantes químicos e o abandono do campo, entre outros factores.

No espazo agrario de Ons distínguense catro zonas ben diferenciadas tanto pola súa orografía como pola súa orientación e calidade dos solos. A inicios dos anos 30 do pasado século, Das Casas narra o contraste entre o N e o S da illa:

“*A metade Norte da illa é prove, pouco habitada e tristeira; a do Sul rica, fermosa, máis habitada e leda: nesa metade fica a ermida do S. Xoquín, co sagrado redor, a escola instalada na antiga reitoral...*” (Das Casas 1934: 168).

Ademais desta diferenciación N-S existe outra E-W, xa que as terras agrícolas máis produtivas están situadas na vertente orientada ao E, cara ao continente, as que reúnen as condicións óptimas para o desenvolvemento da agricultura. Esta zona está protexida dos ventos e, polo tanto, da salinidade, que afecta tanto aos cultivos como a outras especies vexetais. Ademais, por esta vertente discorren abundantes regatos que permiten o regadío destas terras. Destacou o cultivo do millo como base de alimentación de persoas e animais e como especie rendible. Pero ademais, desde a súa implantación no s. XVII, orixinou un aproveitamento máis intenso da terra, polas datas da súa sementa e recolección, xa que permitía alternar o seu cultivo con cereais de inverno e forraxes. Na actualidade só quedan unhas parcelas moi marxinais dedicadas a este cereal. Tamén se cultivaba centeo e pataca (esta última aínda na actualidade). Unha importante porción de terreos destinábase a horta, beneficiada dun traballo intensivo e abonado continuo. Fabas, cebolas, allos, herbiñas, repolos e coles eran os cultivos máis frecuentes. Portela Pazos (1954: 69) rexistra que houbo un tempo no que tamén se cultivaba azafrán. (Figura 1).

Noutro fragmento, Álvaro Das Casas (1934) describe a diversidade ecolóxica deste territorio naqueles momentos:

“*...alguns piñeiras na vertente sul, poucos eucaliptos e nen um castiñeiro, nen um carballo, nen unha nogueira, nen unha árbore secular (...). A montaña aparez cuberta de fentos, toxos carpazas, xestas, margaridas, alecrin e prixel, este em cantidad inmensas. Cheira a tomillo, a herva boa, anís, orégao e ruda. (...) os eidos están a millo (colleitanse de 12 a 15 ferrados, de*




Figura 1. Vertente da illa orientada ao leste, de formas suaves e chans moi fértiles, dedicados historicamente ao labradío e na que quedan algún cultivos de xeito residual. Canexol, imaxe tomada en 2009. Fonte: Incipit-CSIC.

20 kgs. cada ferrado) centeo, patacas, fabas e legumes de horta com moita abundanza as herbiñas” (Das Casas, 1934:168).

Este autor fai unha interesante descrición dos usos do chan e da produción agrícola rexistrada nese momento na illa. Pero sobre todo ofrécenos a súa percepción da paisaxe da illa no primeiro terzo do século XX, da dualidade tan marcada deste territorio. A zona E, gran parte dedicada a labradío, e a outra, a W, máis alta e escarpada, a monte baixo. Un mosaico de especies no que as arbóreas teñen unha mínima representación, posiblemente debido á escaseza da terra laborable nun medio moi limitado e á necesidade de facer produtivo calquera espazo que minimamente prestárase a iso. De feito, este uso intensivo do chan chega a límites extremos. Na zona N e na ladeira orientada a poñente, en Centulo, pódense observar algunhas estreitas valgadas de pendente moi acusada que desembocan directamente ao océano aínda que algo abrigadas dos ventos dominantes. Nelas percíbense numerosos aterraxamentos agora baixo a capa de mato. Segundo os veciños que noutras épocas vivían nesa zona, alí íase a buscar herba para o gando porque alí non era posible cultivar nada máis debido ás extremas condicións ambientais do lugar. (Figura 2).




Figura 2. Zona do Centulo, onde se poden apreciar os sucesivos bancais abandonados que aterraxan as ladeiras de forte pendente. Fonte: Incipit-CSIC.



Hemicar, S.L.

Pintura al horno
Bancada de Carrocería



TALLERES

HEMICAR, S.L.

CHAPA - PINTURA - MECÁNICA

Avda. Médico Ballina, 5
LÉREZ -PONTEVEDRA

Teléf.: 986 870 045
Móvil: 689 300 438
Particular: 986 852 525

A cara oposta desta illa é a orientada ao poñente, onde se atopan os cantís e as zonas máis batidas polo vento e o mar. (Figura 3). É a zona de monte baixo, onde o toxo, a uz (*Erica sp.*) entre outras, son as especies vexetais dominantes. En termos xerais, estas terras a monte teñen un significado complexo e polivalente na agricultura. Como xa vimos anteriormente, esta é unha zona de produción de madeira e leña para o fogar para cocer os alimentos e quentar a casa, abastece de pasto para o gando, lugar de cultivo de rozas e aporta materia prima para o abonado, o toxo, base do mantemento da fertilidade das terras de labranza. Manolo¹, de 65 anos, nacido na illa e agora residente só en etapa estival lembra onde antigamente recollían o toxo, ben fose para o uso doméstico, ben para o abono:

“... ata fai non moito tempo o toxo para cocer recollíase nas fincas situadas na parte do nacente. No poñente recollíase o toxo para os animais, máis miúdo e non tan basto” (libreta de campo do 27 de 02 de 2012).




Figura 3. Vertente oeste da illa, rochosa e acantilada, a monte baixo, e na que se recollía o toxo para o abonado ata non fai moito tempo. Fonte: *Incipit-CSIC*.

A recolección de toxo para manter a fertilidade e incrementar a produción das terras de labradío figura nas fontes documentais do s. XVIII nun momento en que a illa estaba despoboadada pero da que facían uso os veciños que habitaban nas costas máis próximas para manter fértils as súas terras de cultivo. Así, no Catastro do Marqués da Ensenada (1750 – 1753) apúntase:

“... parte produce toxo de que tamien se utilizan los que quieren cojerlo, tanto los vecinos de este partido, como los de la otra vanda del mar, leñando en ella unos y otros en comunión; y producira cada año dos mil Carros de toxo”².

Neste parágrafo, de vital importancia pola súa profundidade histórica e etnográfica, ofrécenos unha idea real da importancia do toxo como fertilizante indispensable no mantemento dentro do sistema agrario, dános o dato real da cantidade de toxo que carrexaban da illa e estanos ofrecendo información relevante en canto á técnica e xestión complementaria do monte e labradío, que nese momento pódese entender que no século XVIII é un sistema que xa está afianzado, que se mantivo en activo ata fai moi poucas décadas e que de

forma residual séguese utilizando na actualidade.

A longa perdurabilidade deste procedemento fai supoñer que se trataba dun sistema válido, eficiente e que favorecía o equilibrio do amplo ecosistema no que vivían as comunidades campesiñas. Calquera alteración podería supoñer a ruptura dese sistema e polo tanto a desestruturación da economía e modo de vida campesiño. Álvaro Das Casas tamén escribe sobre este proceso: *“...estruman com toxo e golfeiros ou algas”* (Das Casas, 1934:170).

Ademais de documentarnos historicamente sobre o uso desta leguminosa como abono, engade o manexo das algas utilizadas igualmente como fertilizante do chan. Esta práctica de abonado, denominada argazo, consiste en engadir algas en fresco ao terreo, provocando a diminución da acidez do chan, á vez que se aumenta o contido en materia orgánica, nitróxeno e fósforo. Na actualidade esta práctica é totalmente circunstancial e mantense en moi poucas zonas de Galicia, algo similar ao que ocorre co abonado con toxo a partir da chegada e uso masivo dos fertilizantes químicos como consecuencia da modernización do campo galego.

Para darnos conta da importancia deste espazo de monte para a recoleita de toxo, da necesidade de dispoñer de grandes extensións e, por suposto, do seu mantemento, X. Fernández de Leiceaga (1990) ofrece o seguinte dato bastante explicativo: por cada hectárea de terra de labradío necesítase case tres veces máis de toxo. Evidentemente esta cifra depende do tipo de cultivo (así por exemplo a pataca é máis esixente que o millo, e este que o trigo), de aí deriva que a proporción monte-labradío en Galicia sexa tradicionalmente 3/1. No pasado era ata superior, así en 1752 o 92% do monte correspóndese a monte raso. Estes datos encaixan ben cos ofrecidos por Alonso Romero (1984: 179) para a illa en torno aos anos 30, cando di que tiña unha superficie de duascenas hectáreas (entre monte e labradío) das que cincuenta estaban destinadas a cultivo. Antonia, habitante da illa, de 65 anos lembra a cantidade de toxo que carrexaban para o abonado das súas leiras, alá polos anos 60:

“... había anos que traíamos 14 ou 15 carros de toxo e despois traíamos outro aparte, os toxos grandes pa cocelo pan, pa forno”. E así como o labradío estaba repartido e a cada familia correspondíalle unha serie de porcións de terreo, co monte non sucedía o mesmo. Nas entrevistas defínese como un espazo baldío, espazo común para as familias da illa aínda que había sitios nos que cada familia sempre ía alí a buscar o toxo. Do mesmo xeito que Onza era un espazo baldío, sen repartir. Este fenómeno de intensificación é tamén advertido polas persoas entrevistadas quen nos din que, en ocasións, era necesario ir á illa veciña de Onza a recoller herba para os animais.

“Na Onza íbamos a buscar herva para o ganado, íbamos a apañar a herva, a playa da Onza, cargábase a dorna en sacos e despois íbamos con carros. Onza era valdío, alí había moito, antes era una explanada de herva para darle de comer a todas as vacas de Ons” (libreta de campo do 27 de 02 de 2012).

Para entender a dinámica de intensificación e abandono da illa a nivel territorial e, por suposto, agrícola,

¹Nalgúns casos optouse por poñer un pseudónimo, respectándose a decisión do informante de non querer aparecer co seu nome orixinal.

²Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra, Sección Catastro da Ensenada, Interrogatorio, C- 548/ 3-1, f. 19. (Outra versión: Microfilme 181, L. 247, f. 35)




Figura 4. Comparación entre as dúas fotografías aéreas de distintos anos. A da esquerda correspóndese ao voo americano de 1956, onde se percibe un maior número de elementos e de formas agrarias relacionadas co uso e a xestión dun espazo tradicional. A da dereita, de 2003, a paisaxe anterior está totalmente invisibilizada, destacando outros novos usos. Fonte: *Incipit-CSIC*.

foi necesario levar a cabo unha fotointerpretación comparativa e unha análise superficial do terrazgo. Para a fotointerpretación utilizáronse as fotografías do voo americano de 1956, que se compararon con outras máis recentes do ano 2003. A un nivel xeral, esta comparación permítenos observar que a illa de Ons presenta unha serie de cambios estruturais que coinciden cos cambios de explotación e uso do espazo agrario en Galicia. Como podemos ver na **Figura 4**, na imaxe de 1956 destaca a microparcelación do espazo nunhas terras de monte de formas moi alargadas dispostas de xeito tanto lonxitudinal como transversal sobre o terrazgo e con diferentes aproveitamentos (cultivo de cereal, barbeito, monte baixo, etc.). Na mesma zona, en 2003, advírtese unha homoxeneización completa do terreo; o mosaico anterior convértese nun espazo totalmente uniforme, no que priman outras lóxicas diferentes de entender a paisaxe asociada, neste caso, ao abandono do campo. A comparación de imaxes mostra a importancia que alcanza a explotación forestal con especies alóctonas fronte ao labradío, o aumento de monte baixo de xeración espontánea.

Outro cambio evidente está en relación coa rede de camiños. Na fotografía de 1956 podemos ver que a estrutura da rede estaba composta por unha grande cantidade de camiños, moito máis ramificados que na actualidade. Isto permitía unha maior intercomunicación entre as zonas de monte, de labradío, obtención de recursos pesqueiros e espazos domésticos. Na fotografía máis recente pódese observar que desaparece o deseño anterior e aparece unha nova estrutura de camiños orientados a fins forestais fundamentalmente.

Agora queda a percepción dunha antiga paisaxe agrícola de innegable abandono, reducida á mínima expresión. Como mostra deste pasado quedan unicamente algunhas leiras destinadas ao autoconsumo, sendo a xente de máis idade a que continúa traballando estas terras, grazas á cal mantéñense os métodos e coñecementos tradicionais de traballo no campo.

* Este traballo enmárcase dentro do proxecto “*Procesos de formación y cambio del paisaje cultural del Parque Nacional de las Islas Atlánticas de Galicia*” (HAR2010-22004) do Plan Nacional I+D do Ministerio de Ciencia e Innovación (IP Cristina Sánchez Carretero)

Agradecementos

Á xente que traballou e aínda traballa nestas terras. A Camilo, o último pirata.

Bibliografía


- Alonso Romero, F. 1984. O ocaso da cultura popular na illa de Ons. En: *I Coloquio de Antropoloxía de Galicia*, Museo do Pobo Galego 4-6 de febreiro 1982. Cuadernos do Seminario de Sargadelos. A Coruña: Edicións do Castro. Pp. 178-181.
- Ballesteros-Arias, P. (2008): “O xacementos romano do Cantil de Canexol (Illa de Ons, Bueu). O esquecemento do recurso mariño (Illa de Ons, Bueu). *Aunios*, 13: 45-54. Asociación Cultural Pineiróns.
- Ballesteros-Arias, P.; López-Romero, E.; Güimil-Fariña, A.; Daire M.-Y. (2012 e.p) *Human occupation and formation of the cultural landscape in Galicia's Atlantic Islands National Park*. BAR Internacional Series, Oxford.
- Bouhier, A. (2001): Galicia: ensaio xeográfico de análise e interpretación dun vello complexo agrario. Santiago de Compostela Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria Caixanova.
- Das Casas, A. (1934): “A illa de Ons.” *Revista Nós*, 2, pp. 167-181.
- Fernández de Leiceaga, X. 1990. *Economía (política) do monte galego*. Universidade de Santiago de Compostela. Servicio de Publicacións e Intercambio Científico.
- Lucas Álvarez, M. (1997): La Documentación del Tumbo A de la Catedral de Santiago de Compostela. León. Estudio y edición.
- Mörling, S.; Otero Patiño, J. y Mörling, M. (2006): A Illa de Ons, unha cultura, unha identidade. Xunta de Galicia. Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.
- Portela Pazos, S. (1954): “Apuntes para la Historia de la Isla de Ons.” Cuadernos de Estudios Gallegos IX, pp. 35-73.
- Vilas, A.; Gamallo, M.; Framil, J.; Bomache, J.; Sanz, K.; Lois, M. e Toubes, M. 2005. *Guía de visita do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia*. O. A. Parques Nacionales.

ONS, A ILLA DAAUGA

Por: Fernando Cabeza Quiles

Se algo caracteriza á illa de **Ons** é a súa extraordinaria abundancia en fontes e mananciais de auga doce, que é o detalle natural, segundo pensamos, que produciu o seu topónimo en tempos pre ou protohistóricos dende unha raíz indoeuropea, tratada e citada por Pokorny (Pokorny, 2005: 78), *aw(e)-, awed-, awer-*, “fluír (auga), mollar, humedecer”, que, dende o seu grao cero *aw-*, formou o tema hidronímico *aun-* do que debeu saír, aínda que non está documentada, a base **Aunes*, que é da que cómpre partir ata chegarmos ao actual **Ons**. A secuencia evolutiva moi verosímil, aínda que reconstruída, sería: **Aunes>Aones* (esta forma si está documentada)*>*Ones>*Ôes>*Ôds>Ons*; evolución do topónimo actual, **Ons**, dende o seu primixenio **Aunes*, que aparece recollida na Wikipedia para explicar o nome da illa e que reproducimos tal cal, porque a consideramos moi verosímil e probable, sen esquecermos outras evolucións fonéticas moi parecidas, como a que, partindo da base así mesmo prerromana **Anones*, tamén “auga, auga que flúe, fonte”, chegaría así mesmo ao actual **Ons**, como propón o profesor Paulo Martínez Lema para o topónimo **Ons** referido á parroquia dese nome pertencente ao concello coruñés de Brión (Martínez, 2010: 72), onde os habitantes prerromanos do lugar tamén se referirían a unha fonte ou manancial na lingua de seu coa palabra **aunes*, **anones* ou algunha similar que aludise ao elemento auga, o mesmo que debeu suceder no proceso da creación do topónimo homónimo **Ons** referido á illa dese nome, na cal os seus primitivos habitantes, contemporáneos ás xentes que viviron na contorna do lugar chamado **Ons** do concello de Brión, tamén se referirían á fonte que lles subministraba a auga que necesitaban coa

palabra **aunes* ou unha parecida; remotos habitantes illáns que puideron ser a mesma comunidade antiga que gravou os petróglifos existentes nas proximidades do Chan da Pólvora e no barrio do Caño.



Fonte do Caño. Ons 1965

En canto á manifesta e palpable abundancia de fontes e nacedoiros de auga doce da illa de **Ons**, Celestino Pardellas apunta os seguintes: a Fonte (e lavadoiro) de Pereiró. A Fonte (e lavadoiro) de Canexol. Un nacemento de auga a carón da igrexa. Outra fonte na praia das Dornas. A Fonte do Caño (en realidade do Cano). A Fonte do Curro. A mina de auga da Entenza. A Fonte do Castillo (en realidade do Castelo). A chamada Fonte Rego de Ignacio. A Fonte de Melide, situada a uns douscentos metros cara ao sur da praia do mesmo nome. A Fonte do Gaitero na cal Álvaro das Casas recolleu, a principios mediados do século XX, a lenda dunha raíña peiteándose nas augas da fonte (Álvaro das Casas, 1987: 174). A Fonte (con lavadoiro) de Cucorno, situada no barrio do mesmo nome, a uns 500 metros do Faro, na parte máis alta da illa, da que mana auga de maneira abundante. A Fonte de Canivelñas, na enseada do mesmo nome, onde, na nosa primeira visita á illa, hai xa ben anos, vimos un exemplar de pomba brava ou *columba livia*, atraído ata este lugar polo devandito acuífero.



A Sr. Juanita e a súa filla Aurita, collendo auga na fonte do Caño. Ons 1975.

Á parte dos anteriores, existiron hidrónimos illáns que poderíamos chamar históricos, hoxe desaparecidos, pero presentes na cartografía antiga, como o de La Fuente de los Ingleses (sic), topónimo illán de certo moi interesante, que aparece nun mapa do ano 1856 e que sinala a existencia dunha antiga fonte, situada na costa leste da illa, que debeu ser frecuentada por uns moi probables antigos navegantes ingleses, talvez



Leña Verde

ZONA PEATONAL BANDA DO RÍO

BUEU

Teléfono: 986 323 483

corsarios ou piratas, que moi ben puideron ter aquí o seu punto de augada, onde facer provisión de auga potable para as súas embarcacións (Cabeza Quiles, 2011: 27); suposto que concorda co que nos di no século XVIII o Catastro del Marqués de la Ensenada, segundo o cal (tradución do español ao galego do profesor Calo Lourido): “todo o seu terreo [refírese á illa de **Ons**, daquela, mediados do século XVIII, despoboad] está inculto: parte do chan produce pasto do que se aproveitan xeralmente cantos queren levar a ela [á illa] gando mular e bravo (*cerri*), pero non de la nin vacún, polo medo de que llelo rouben as embarcacións inimigas [moi probablemente inglesas] que adoitan facer augada na dita Illa [o subliñado é noso]” (Calo Lourido, 2005: 79).

Algunha das anteriores fontes, ou algunha outra hoxe desaparecida, debeu ser o detalle causante do hidrónimo **Ons**, referido á illa dese nome, sen dúbida un hidrónimo antiquísimo, que lle deu á illa de **Ons** o seu significado de illa da auga, en contraposición ou contrapunto toponímico co que debeu suceder con respecto ás próximas illas **Cíes**, que aparecen como nome latino de “*Siccas*” en Plinio (Plinio, IV, 112), moi probablemente, aínda que o seu nome antigo de *Siccas* sexa un acomodo latino dunha voz prerromana indíxena similar, as illas secas e abruptas en contraposición coa de **Ons**, a illa da auga.

Outro topónimo **Ons** que corrobora o significado hidronímico deste nome de lugar, repetido varias veces en Galicia, documéntase no concello coruñés de Brión. Referímonos á devandita parroquia de Santa María de **Ons**, que ten na súa aldea chamada **Ons (de Abaixo)**, lugar onde debeu nacer o topónimo (logo tomado como o nome de toda a parroquia), unha magnífica fonte da que mana auga de maneira abundante, a cal, xunto con outros nacedoiros de auga que ten ao seu carón, verte o seu abundante caudal, que descorre entre espadanas e demais plantas de auga, no próximo Río Pequeno, que flúe, á súa vez, ao río Tambre.

O elemento auga volve estar presente noutro lugar chamado **Ons**, neste caso **Fonte de Ons**, pertencente á parroquia de Noalla, do concello de Sanxenxo (Pontevedra), o cal, aínda parecendo e podendo ser un clarísimo hidrónimo referido ao elemento auga dúas veces, coas palabras, moderna, *fonte*, e o seu correlato prerromano *ons* (orixinariamente **aunes*, “auga que brota, fonte), tamén podería tratarse dun topónimo máis ou menos moderno e recente, copiado ou trasladado dende a próxima illa de **Ons** e relacionado con ela, xa que, segundo nos comentaron, polo lugar chamado **Fonte de Ons**, hoxe rodeado de edificios, pero que aínda conserva visible e súa fonte, pasaban de camiño cara á contigua Marisma do Vao, xa na Ría de Arousa, xentes procedentes da veciña illa de **Ons**, que, portando grandes cestos, debían ir na

procura dalgunha clase de marisco ou cangrexos. Ao respecto, a nosa amable interlocutora, unha muller duns sesenta anos de idade, natural e residente do lugar de **Fonte de Ons**, alias A Revolta, recordou para nós que cando ela era unha nena transitaban a cotío polo antigo camiño que pasaba pola fonte á que se refire o topónimo **Fonte de Ons** “xente morena” (sic), nativa e procedente da illa de **Ons** que portando cestos ían “cara á ría”, polo que o lugar hoxe coñecido como **Fonte de Ons**, puido ser chamado nun principio a ***Fonte (dos da illa) de Ons** ou a ***Fonte (por onde pasan e/ou paran os da illa) de Ons** ou algo similar, desaparecendo posteriormente por elipse a expresión que nós poñemos entre paréntese, co que se chegaría ao actual hidrónimo **Fonte de Ons**.

Á parte de a nivel físico de veciñanza ou proximidade, a relación entre a illa de **Ons** e a parroquia de Noalla, onde está o lugar chamado **Fonte de Ons**, tamén existe a nivel mitolóxico, pois, cando a Santa Compañía visitaba a illa (non sabemos se o seguirá a facer), sempre saía ou procedía da parroquia de Noalla.

Con todo, e malia as devanditas relacións entre a parroquia de Noalla e a illa de **Ons**, a presenza no lugar noallés chamado **Fonte de Ons** dunha fonte lévanos a pensar que o topónimo **Fonte de Ons** sexa un hidrónimo antigo procedente, na súa segunda parte, **Ons**, da devandita base indoeuropea **aunes*, hoxe **Ons**, á que se lle puido agregar en tempos históricos posteriores a palabra *fonte*, caso que non ocorreu co topónimo

Ons referido á illa, lugar no que, ao non haber ocupación humana continuada no tempo e non ser utilizada a fonte en épocas históricas intermedias, non debeu haber a necesidade nin a oportunidade de rebautizar o acuífero illán coa palabra románica *fonte*, cando a voz **aunes*, tamén “fonte”, se volveuse inintelixible e opaca polo paso do tempo, o que si puido suceder co hidrónimo continental **Fonte de Ons**, nun principio ***Ons**, da parroquia de Noalla, que parece ser, como indicamos antes, unha repetición ou tautoloxía de fonte ou manancial formado polas voces **aunes* e *fonte*, ambas as dúas de igual ou moi parecido significado.

Decantámonos, pois, pola posibilidade de que o topónimo **Ons**, nome da illa, e **Ons (Fonte de)**, referido a un punto xeográfico próximo a ela no continente, sexan dous hidrónimos prerromanos contemporáneos entre si, creados polos mesmos axentes humanos, que se referirían en ambos os dous lugares por eles frecuentados a cadansúa fonte coa palabra da lingua de seu **aunes*, suposto que parece concordar co devandito relato da Santa Compañía, que sempre chegaba á illa de **Ons** procedente de Noalla; lazo imaxinario entre estes dous lugares, que talvez non sexa tan imaxinario como parece, pois podería estar reproducindo en clave mitolóxica as primeiras viaxes por mar que os antigos




Fonte - lavadoiro de Perciró, Ons 1990.

habitantes de Noalla facían dende esta parroquia á illa que tiñan ao seu carón, o que concorda ou parece facelo co feito -este perfectamente documentado- de que a maior parte dos colonos modernos que se asentaron na illa de **Ons** procedían da parroquia de Noalla; fluxo migratorio que quizais recolla e sexa unha continuación dunha vella tradición de viaxes ou intercambios migratorios entre os dous lugares, feito posible ou, polo menos, probable, aínda recoñecendo a devandita interrupción da ocupación da illa en épocas históricas intermedias.

Á parte do **Ons** referido á illa dese apelativo, do **Ons** contido no topónimo próximo no continente **Fonte de Ons**, e do lugar chamado **Ons** (hoxe **Ons de Abaixo**) do concello coruñés de Brión, existe entre a toponimia maior un cuarto lugar chamado **Ons**. Referímonos ao nome da parroquia de San Simón de **Ons**, hoxe chamada San Simón de **Ons** de Cacheiras, do concello de Teo (A Coruña), que no ano 1182 era só "...Sancti Simeonis de Aonis" (*Codolga*) e nos primeiros de 1600 San Simón de **Ons** (Hoyo, del, 1607, (edic. facsím.): 197), topónimo que debe volver recoller o tema hidronímico prerromano **aunes*, "auga, fonte, manancial, auga, auga que xorde ou brota", actualmente evolucionado a **Ons**.

En canto á posibilidade de que o topónimo **Ons** referido á illa así chamada se refira a un antigo colono ou posesor romano ou romanizado chamado *Aunios*, temos que dicir que esta hipótese nos parece altamente improbable, posto que dende a base *Aunios*, que ademais só aparece en Plinio, sería esperable, en perfecta e sistemática evolución fonética histórica galega, un inexistente **Ouños**, do que se desprende que Plinio debeu cambiar o nome orixinal e verdadeiro da illa, que puido ser o devandito **Aunes* ou **Aones*, polo similar de *Aunios* (Plinio, IV, 111), adaptándose á súa fonética latina e, seguramente, pola atracción do nome de persoa latino *Aunios*, que existiu na época do Imperio romano, pois este antropónimo aparece coa forma *Aunius*


na lista de nomes persoais latinos de Schulze (Schulze, 1966: 73), estando o resultado actual **Ons** perfectamente encarreirado dende o século IX, pois na doazón de Afonso III da illa á igrexa compostelá no ano 899 o topónimo aparece coa forma *Aones* con *-n-* intervocálico, e non co *-ny-* da forma errada *Aunius* ou *Aunios*, que é a falsa latinización do topónimo dada por Plinio. Así, co documentado "Aones" do ano 899 (López Ferreiro, ap. 1: 47), que, como comentamos ao principio do artigo, e o segundo paso evolutivo a partir do **Aunes* primixenio, teríamos a secuencia evolutiva: **Aunes* > *Aones* > **Ones* > **Oēs* > **Ōds* > **Ons**, con restitución da nasal orixinal intervocálica. Fenómeno fonético que se debeu dar tamén dende a base **Aunitiam*, que, a través dunha forma intermedia **Ōeça* daría o actual **Onza**, co que vemos que os topónimos **Ons** e **Onza** deben ser da mesma raíz hidronímica e contemporáneos entre si, creados pola mesma comunidade protohistórica, en alusión ao vital e imprescindible elemento auga.



BIBLIOGRAFÍA E FONTES DOCUMENTAIS

- CABEZA QUILES, F., 1992. *Os nomes de lugar. Topónimos de Galicia: a súa orixe e os seu significado*. Edicións Xerais, Vigo.
- CABEZA QUILES, F., 2000. *Os nomes da terra. Topónimos galegos*, Editorial Toxosoutos, Noia.
- CABEZA QUILES, 2008. *Toponimia de Galicia*, Editorial Galaxia, Vigo.
- CABEZA QUILES, 2011. "A hidronimia da illa de Ons na cartografía", en *Aunios*, núm. 16, Asociación Cultural Pineiróns, O Grove.
- CALO LOURIDO, F., 2005. "Ons, Onza, Louxo e San Xulián de Arousa no Catastro", en *Aunios*, núm. 10, Asociación Cultural Pineiróns, O Grove.
- CASAS A. das, 1987, (edic. facsím.), "A illa do Ons", en *Nos*, t. 6, Xuntanza Editorial, A Coruña.
- Corpus Documentale Latinum Gallaeciae* (Codolga), Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Accesible en internet.

- HOYO, J. del, 1607, (edic. facsím.), *Memorias del arzobispado de Santiago*, Porto Editores, Santiago de Compostela.
- LÓPEZ FERREIRO, A., 1983, (reed.), *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago*, ap. 1, Editorial Sálvora, Santiago de Compostela.
- MARTÍNEZ LEMA, P., 2010. *A toponimia das comarcas de Bergantiños, Soneira e Xallas na documentación do Tobo de Toxos Outos (séculos XII-XIV)*. Accesible en internet. Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago de Compostela.
- POKORNY, J., 2005. *Indogermanisches Etymologisches Wörterbuch*, 5ª edición, 2 tomos, Francke Verlag, Tübingen und Basel.
- ROMERO MASIA A. M. E POSE MESURA, X. M., 1987. *Galicia nos textos clásicos*, Museo Arqueolóxico e Histórico Provincial "Castelo de San Antón", A Coruña.
- SCHULZE, W., 1966. *Zur geschichte Lateinischer Eigennamen*, Berlín, Zurich, Dublin.
- WIKIPEDIA, voz *Ons*



O BUSCAVIDAS

Por: José Taboada García

Eran os anos cincuenta, anos aínda de bloqueo, de racionamento e de miseria, naquela España na que, para poder sobrevivir, había que aguzar o enxeño, uns emigrando, outros co estraperlo e algúns facendo co trabando con Portugal.

Luís “o Pimpín” chegou ao seu pobo licenciado do servizo militar que cumprira na Lexión, no “Tercio do Gran Capitán” no Aaiún. Era un presumido de coidado, sempre contando aventuras e fazañas que nin el mesmo se cría. Calzaba botas militares que trouxera da súa estancia no exército, tatuárase unha cabeza de tigre no peito cos dentes á vista e vestía sempre camisa aberta para amosar a tatuaxe.

Sabedor que Pedro, un labrego da parroquia do lado, home rudo e forte, lle chamara Pimpín, alporizouno moito e foino buscar. Estaba Pedro labrando as terras e Luís, dirixíndose a el, espetoulle:

- Tes pinta de Pimpín!
- O único Pimpín que hai aquí es ti, ben, Pimpín non, Pimpinciño – Respondeulle Pedro ao mesmo tempo que levantaba o arado de ferro con vacas e todo.

Marchouse Luís co rabo entre as pernas e a paso lixeiro por se acaso. O de Pimpín xa lle quedou, para sempre.

A segunda do Pimpín foi na Moureira, o barrio máis amoroso de Pontevedra. Entrou no bar <Las tres columnas> acompañado de tres paisanos, todos desexosos de darlle pracer ao corpo. Xa dentro, dirixiuse á primeira que viu e meteulle a man debaixo da saia, nada menos que a Lola que estaba acompañada dun señorito capitalino. Era a Lola a número un daquel local, a única que se permitía o luxo de escoller aos clientes. Mon-

toulle semellante número que lle chamou de todo menos bonito. Aínda non escarmentado, xa ía cara a outra coas mesmas intencións, pero atopouse cun chulo que o agarrou por un brazo amosándolle o camiño da porta de saída. O Pimpín púxose farruco e o chulo empezou a mallar nel.

- ¡A mi la Legión! – gritou o Pimpín, e como representante da “Legión” apareceu outro chulo máis e, entre os dous, mazaron nel coma nun polbo e puxérono fóra. Os tres acompañantes ao ver como repartían a xustiza de carballeira, fixéronse o sueco.

Ao entraren os chulos marcharon sen dicir nada. Foron a buscar ao Pimpín que se atopaba a uns dez metros da porta, tirado no chan e feito un cristo. Levantárono e limpáronlle un pouco o sangue da cara.

- Nin unha man me botastes! – dixo o Pimpín con voz forzada.
- Claro, e que ti pediches “A Legión” e nós somos da mariña! – respondeulle o Pequerrecho.

Xa curado da malleira e do pouco éxito que tivera no seu pobo, em-

prendeu o camiño da emigración. Pasaron dez longos anos sen ter noticias súas, ata que apareceu un día vestido de traxe e zapato fino, fanfurriñando de Alemaña, das máquinas, dos coches,... E, en Alemaña debería ter estado pois marcos traía.

Empezou a mercar fincas e cambiando marcos fíxose con moitas terras. Sabedor disto Pedro “o Sansón”, foi ver a leira do seu curmán, emigrado xa hai tempo na Arxentina. Topou os marcos cambiados de sitio. O estremeiro díxolle: - Quen ía ser, o Pimpín!

Foino buscar á taberna, mirouno de arriba abaixo e díxolle: - Non terás por aí un marco para cambiar?

- Non, xa os cambiei todos. – Respondeulle.




- Fáltache un. – Díxolle Pedro ao mesmo tempo que o collía polo peito botándoo cara arriba con tanta forza que tropezou coa cabeza no teito e caendo no chan co cu.

A cousa ben puido acabar en traxedia se non fose porque o taberneiro tiña fardos de unto colgados na viga que lle aliviaron o golpe. Levantouno Pedro dicíndolle: - Vamos! E levouno á finca do seu parente e, xa alí, díxolle:

- Pon todo como estaba.
O Pimpín tivo que arrincar o marco e poñelo no seu sitio.
- Se este marco se volve a mover, de marco vas a facer ti coa cabeza par abaixo. – Díxolle Pedro cando se ía.

Xa casado o Pimpín montou unha taberna no baixo da casa. Na parte de fóra puxo un barril vello, unha caixa de gasosas baleira e dúas argolas na parede para atar os cabalos. Dentro catro barrís con táboas enriba que facían de barra, uns estantes de madeira para poñer as botellas e catro mesas con cadeiras. Na parte da esquerda montou unha pequena tenda, que soía atendela a súa muller. Tiña unha balanza de pratos, un medidor de aceite e tres medidas de litro, medio litro, cuarto de litro e pouco máis.



Vendía pan, fariña, azucre, sal, viño, bacallau, caramelos, figos pasos, vasoiras, lixivia,... O chan era de terra, aínda que ninguén o sabía pois nunca varría. Alí había de todo, caixas de manises, de noces, de castañas, paquetes de tabaco, caixas de mixtos, cabichas, papeis de caramelos,... Os clientes metíanse con el:

- A ver cando corres esa cortina – dicíanlle por unha ventá que cubrira con tela de saco.
 - Se aínda houbera algo que ver. Que vas ver, o monte?. E non estarás cansado de velo.
 - Isto nunca se varre?
 - Se isto está moi varrido, mesmo parece que non entra ninguén, está mellor así.
- Ben, varrer si varría unha vez ao ano, ao día seguinte da festa do pobo, o San Martiño. Se varría, non

era para telo máis limpo, senón para ver se atopaba algo pois, ese día, moitos clientes bebían e gastaban máis do que adoitaban facelo.

O lavado dos cacharos era xa ecolóxico, no chan un caldeiro onde botaba os restos da bebida e encima dúas tallas de cinc, unha con auga e xabón e a outra con auga só. Metía na primeira, logo na segunda e, cunca limpa. Cambiáballe a auga cando se lembraba, mais case nunca, se lembraba.

Un día entráronlle dous mozos que estaban na mili e pedíronlle dúas cuncas de tinto. Púxollelas e saíu a fóra para falar cun paisano Eles, aproveitando que estaban sós beberon lixeiro e volveron a servirse da xerra que estaba dentro do mostrador. Pagaron e marcharon. Cando mirou para a xerra deuse conta da xogada, non

lles dixo nada, máis pensou: - Xa vos collerei.

E vaía se os colleu! Ao cabo de case dous anos alí lle volveron. Era un sábado de noite e tarde; viñan das mozas e traían fame.

- Non terás algo para comer?

- A estas horas! - Espera, teño aquí esta lata de sardiñas que é especial, boísima, vai para as casas reais, para os presidentes do goberno, para a xente moi rica. Non se vende nas tendas. A min tróuxome esta un amigo meu que traballa en Madrid no Pardo. É un pouco máis cara cas outras, pero válevos a pena.

- Pois, pona.

Colleu aquela lata, que nin letras tiña, tan oxidada e chea de po, que máis ben parecía sacada dunha trincheira da Primeira Guerra Mundial. Abriu e púxollela nun prato. O aceite era tan negro que asemellaba aos vertidos do Prestige. Púxolles tamén un cacho de pan que, de duro que estaba, asemellaba unha pedra. Máis como di o dito: “Cando hai fame non hai pan podre” - Comían, mentres o Pimpín lles dicía:

- Mollade o pan nese aceite que é boísimo.

Pediron máis viño e logo a conta. Cobróullelas sardiñas case a prezo de caviar. Xa fóra dicíalle un ao outro:

- Cobrounos os viños da outra vez!

- Si, e ben cobrados!



Para celebrar o quinto aniversario da taberna fixo un concurso que consistía en levantar unha pipa de viño por enriba da cabeza e contar ata dez. O agasallo era unha ola de viño para beber na taberna, De no ser así pagaría o que quedase no intento.

O único que se atreveu a apuntarse foi Pedro o Sansón. Como o levantamento era o día da festa despois da misa, xuntouse alí un montón de xente, ata estaban o cura, o boticario e o sarxento da Garda Civil. Dirixiuse Pedro cara á pipa cun sorriso chulesco, abriuse de pernas, botoulle as mans e empezou a levantalo ao mesmo tempo que dicía: - Vai contando Pimpín...

Levantouna só ata o fociño e caeu para atrás e a pipa enriba do peito. Sacouna de encima, levantouse, pagou a ola de viño e foise. E, non era que Pedro perdesse forza, senón que o Pimpín puxéralle a pipa baleira. O Pedro fixera forza como se estivese chea e, ao non estar, veuse sorprendido pola falta de resistencia do peso do líquido.

Os mozos das sardiñas, aínda non escarmetados da última, volvéronlle á taberna. Viñan en plan vacile, coa idea de meterse con Pimpín, tarefa non moi doada, pois el, coa súa retranca, a súa sorna raposeira, a andaina polo mundo e xa con algúns anos de taberneiro, sempre saía ben parado.

- Que vos poño? - Dixo o Pimpín ao mesmo tempo que poñía ben a gorra e miraba a xerra de viño.

- Eu quero un Brandón. - Dixo o máis baixo.

- O que oh!
- Si, é coñac francés
- Ah si home! O fabricante está na cadea, colléronlle unha partida de metílico. Toma deste que é bo.
- Non, mellor bótame viño.
- E ti, queres algo? - Díxolle ao outro.
- Un konastrón.
- Vas a ter que esperar algo.

Entrou o Pimpín na cociña, colleu unha xerra, botou viño tinto, augardente branca, azucre, café, un pouco de mel e o zume de medio limón. Remexeuno todo ben e tróuxoa coa culler aínda dentro, probouno, logo colleu a botella de Anís del Mono, botoulle un pouco, remexeu e probouno de novo.

- Agora si! - Dixo mentres lle botaba na copa ao cliente.

- Pois está bo! - Dixo medio estrañado.

- Proba. - Díxolle ao seu amigo.

- Vaia cousa boa! - Respondeulle logo de probalo.

- Ponme outro a min.

O do Konastrón empezou a correr de boca en boca. Viñan de todos os lados a probar esa beberaxe, non daba abasto e iso que o facía por garrafóns grandes. Levábano ata para Bos Aires, Montevideo e Venezuela.

Nun papel de estraza, detrás do mostrador, tiña escrito: "TEMOS KONASTRÓN". Cando algún forasteiro lle preguntaba que era iso do Konastrón, sempre lles dicía o mesmo:

- É bo para a cabeza e o corazón.

Ao poñelo tamén como remedio, máis vendía. Converténdose o Pimpín nun dos clientes máis importante do banco do pobo.

Unha tarde entroulle Pedro o Sansón na taberna, o Pimpín xa non sabía onde meterse, máis ao ver que non viña alporizado empezou a sentirse mellor.

- Como ma xogache coa pipa! - Díxolle Pedro.

- Non foi por mal, home, eu sabía que ti a levantabas ben, máis tamén pensei que igual a tirabas con forza e podía romper, xa me entendes, non!

- Si, e ponme un viño que teño sede.

- Bebe o que queiras que convido eu.

E co paso do tempo o Pimpín e o Sansón ata acabaron sendo medios amigos.

(Para todos os taberneiros, en especial, para aqueles que fixeron da taberna algo máis que un sitio onde se vende viño.)

A EXPLOTACIÓN DE ALGAS EN GALICIA

Por: Ricardo Arnaiz Ibarrodo

Tradicionalmente as algas e especialmente as de arribazón, é dicir as que trae o mar ás praias, conxuntamente con cunchas e outros restos recollíanse das praias para fertilizar as leiras e aínda se recollen en algún puntos de Galicia. Había un cartel turístico cunha foto moi boa dun carro de bois cheo de algas na praia da Lanzada.

Conta Celestino Pardellas, Tinón, que a mediados dos anos 1960's recollíase o "marullo" conxunto de dous tipos de algas o "liqui" e o "galirio". A denominación científica destas dúas especies é *Chondrus crispus* (que quere dicir cartilago rizado) e *Mastocarpus stellatus* (ou mamelón pintado). Ambas son algas vermellas que medran na parte superior do nivel inframarino é dicir o estrato que se descobre na baixamar máis forte. A *Mastocarpus* sitúase nunha liña lixeiramente máis alta que a *Chondrus*.




Figura 1.- *Chondrus crispus*
(Con permiso de <http://ian.umces.edu/imagelibrary/thumbnails-61-page-1.html>)



Figura 2.- *Mastocarpus stellatus*
(rz.uni-karlsruhe.de/)

As dúas recóllense mesturadas porque moitas veces é difícil de diferenciarlas. A utilidade destas algas radica no seu contido en carraxén ou carraxeninas, nome que ven do gaélico "carraig" ou pena de cabelos roxos, sustancias moi cobizadas pola industria alimentaria polo seu poder espesante. Este poder espesante permite "xelificar" sustancias líquidas e espesalas sendo moi útil para a elaboración de xeados, cremas, pasteis, batidos, chocolate, conservas, zumes, xelatinas e moitos outros alimentos. A industria tamén as emprega en dentífricos, vernices e colas, cueiros de bebés, e numerosas aplicacións en biotecnoloxía. Ambas especies presentan un contido alto en carrenatos (30 ao 40% do seu peso en primavera e outono e

algo máis baixo no verán e inverno). Na actualidade o representan o 80% das algas extraídas en Galicia segundo as conclusións do proxecto de investigación europeo CARRASEA de Acuarreg III.

A recolección destas algas iniciouse comercialmente en 1967 pola empresa radicada en Porriño, Compañía Española de Algas Marinas S.A. (CEAMSA) e en xeral coñecíase e continúa a nomearse en case todas partes coma "lique" á mestura de ámbalas dúas. Recolle Tinón nalgún dos seus artigos que no 1969 recolléronse en Ons e O Grove 56.000 quilos de ambas algas. Neses anos a produción total de Galicia podía acadar as 1.000 toneladas en peso seco. Hoxe en día a maior parte das algas continúan a subministrarse secas ao comercializador, empacadas en prensas manuais como a que existía en Ons nos almacéns do IRIDA e que xestionaba Checho o alcalde pedáneo segundo ten pescudado Tinón, e producen balas de entre 40 e 70 kg de peso.

Certamente o tradicional considerase "tradicionalmente" como bo porque esas actividades aparentemente son sostibles (quererá iso dicir o que quererá dicir). Pero non atopo que ninguén teña definido canto tempo debe transcorrer para que algo poda ser cualificado de tradicional, 10, 20 ou 50 anos? É bo e tradicional porque é artesanal? E se todo o mundo baixa á praia a recoller algas e como non hai suficiente para todos óptase tamén por arrincar as algas que aínda aguantan vivas adheridas ás rochas? E se mais tarde alguén ofrece diñeiro por apañar algas dunha clase determinada para facer menciñas, unguentos, sopas ou ensaladas? Tamén isto é tradicional? E se as algas dispoñibles na zona entre mareas non son dabondo para todos e se aparelha una




Figura 3.- Empacadora manual de Ons



Figura 4.- Sra. Juanita poñendo algas a secar no peirao. Illa de Ons 1978



Figura 5.- Aurita recollendo marullo das rochas. Puntal de Fedorentos. Illa de Ons 1978.



Figura 6.- Dorna con sacos de marullo. Praia de Fedorentos. Illa de Ons.




Figura 7.- Mestura de marullo e outros restos para aboar as leiras. Casa do barrio de Caño. Illa de Ons. 1978

embarcación para achegarse a zonas onde non se alcanzan a pé? Tamén é tradicional? E se se arrincan todas as algas dunha zona e se deixa pelada tamén é tradicional, artesanal, sostible e boa práctica?

Isto é o que está a ocorrer nos últimos anos en Galicia e en todo o estado español, non só coas algas senón con todo aquilo que se mova, estea quieto, teña patas ou non. Todo o que vale cartos se arregaña. A recollida de arribazón non semella una práctica negativa agás que sintamos pena por todos esas pulgas saltarinas que non poderán atracarse de algas na area. Aínda recordo o agradable de pasear pola area na primavera, especialmente nas praias orientadas cara ao suroeste, cando me enterraba ata os nocellos polo esponxoso da area grazas á cantidade de ocos que tiñan cavadas as pulgas para alimentarse das algas enterradas.

Pola contra a colleita de algas vivas supón unha forte alteración do ecosistema xa que as algas provén de refuxio e alimento a multitude de especies tanto de peixes, crustáceos, ourizos, estrelas de mar, cogombros e multitude doutros organismos. Son os ovos, crías e xuvenís os que máis sofren cando as rochas quedan espidas. Calquera que se teña mergullado entre as algas, nas praderías de laminarias sabe, porque o ten visto, que na auga por riba das frondes das algas mírase pouca vida pero que o espectáculo comeza baixo elas. Alí coma se fora nunha selva está toda a vida entre os “truncos” (estipes) e as “ramas” e “follas” hai miles de animais agochándose comendo e medrando. Na base das algas, entre os rizoides (as algas non teñen raíces) viven

AGRADECEMENTO Á:



XUNTA DE GALICIA

SOCIEDADE ANÓNIMA DE XESTIÓN
DO PLAN XACOBEO




Figura 8.- Frondes de *Laminaria digitata* ou Golfo na marea baixa




Figura 9.- Estipes de *Laminaria digitata* cos seus rizoides na base semellantes en aspecto a raíces.

Créditos destas dúas fotografías: 8-9 http://www.google.es/imgres?imgurl=http://www.ispot.org.uk/sites/default/files/imagecache/preview/images/15156/4865a955aea6e76ffb7cdc217dce7506.jpg%3Fnav%3Drelated&imgrefurl=http://www.ispot.org.uk/node/278275&usg=__V2utx4ENCX-3kZgoMYF8Zr_dYB4=&h=640&w=640&sz=71&hl=es&start=113&zoom=1&tbnid=r4QcEYLuj6K_2M:&tbnh=137&tbnw=137&ei=SDjnUPj3N-mQ0AXeloDoBA&um=1&itbs=1

multitude de animais e non é raro atopar crías de centola e outros cangrexos entre elas. Polas frondes, que non follas, e os estipes é frecuente ver pastando os ourizos. Os caramuxos e moitos outros caracois e peixes depositan os seus ovos e tras a eclosión as crías resgárdanse entre elas protexéndose dos depredadores. Algúns estudos contabilizan as especies atopadas nestes ecosistema en preto de 1.000.

Dende a colleita manual e “tradicional” de antes dos anos 1960’s temos pasado a recoller en 1972 1.200 toneladas, en peso seco destas algas, cantidade que progresivamente decaeu ata a actualidade en que se extraen unas 300 toneladas anualmente durante os últimos anos. Se temos en conta que a porcentaxe de contido en auga destas especies rolda o 25-33% esas cantidades mencionadas convértense en 5.000 toneladas en peso vivo nos anos en torno a 1972 ou 1.000 t na actualidade.

É coñecido que as manchas máis ricas de lique ou marullo acadan ata 5 kg de alga viva por metro cadrado o que supón que para acadar 5.000 toneladas de algas vivas (cinco millóns de quilogramos de algas vivas) hai que deixar peladas un mínimo dun millón (1.000.000) de metros cadrados de rochas o equivalente a 800 piscinas olímpicas (de 50x25 metros ou 1.250 metros cadrados) ou máis de 100 campos de fútbol regulamentarios (125 campos como Balaídos ou 143 coma o de Riazor). Esta algas distribúense nunha estreita franxa na costa que pode ter en torno a 0,5 a 1 metro de anchura polo que en realidade para recoller as mencionadas cantidades habería que pelar as rochas nunha lonxitude de 1.000 km seguindo todas as anfractuosidades e recunchos das rochas. Estes cálculos están feitos coas densidades máis altas observadas, sen embargo a media adoita ser de só a décima parte ou 0,5 kg de marullo ou lique por metro cadrado. En 1987 declarouse pechada a explotación destas algas por sobreexplotación. É de estrañar?

Acadada esta situación foi necesario, ao igual que para o resto dos recursos naturais, establecer o que se viñeron en chamar Plans de Explotación anuais que cada colectivo, xa sexa Confraría de Pescadores ou empresa privada deben elaborar e presentar ante a Administración onde planifican as cantidades que queren extraer de cada especie, que son entre 28 e 30, cantos e qué días irán traballar e en que lugar da costa. Deben comunicar qué persoas e cantas van a recoller algas e a qué pretenden dedicalas e cal será o método de colleita, a pé, dende embarcación, mediante mergullo e con que ferramentas. Así mesmo deben indicar entre outras cousas un plan de viabilidade económica.

Na actualidade as algas en xeral son explotadas en Galicia por máis de 20 entidades, entre empresas e Confrarías que subministran ás primeiras. Os recolletores poden acadar entre 150 e 300 kg de algas ao día, dependendo das zonas e os plans de explotación, mais de media pode calcularse que os recolletores actuais varían ano a ano pero sitúanse entre 57 e 75 que acadan uns 2.250 a 3.000€ por ano. As vendas totais en 2005 roldaron os 170.000€.

Qué ocorre cando se arrincan as algas? A vida desaparece e as rochas semellan un deserto. Nas costas asturianas algunha organización ecoloxista apunta que os bosques de laminarias teñen descendido nun 90% nos últimos 5 anos. As causas, non están claras, puideran ser ocasionais altas temperaturas que interfirían na reprodución, cambios de correntes que afasten das costas as plántulas, coincidencia dalgúns destes factores con extracción masiva? Quén sabe? Polo momento non hai datos concretos referendados por estudos científicos e dada a crise económica imperante semella difícil que se inicien en breve proxectos que tenten de dilucidar as causas e permitan tomar medidas ao respecto.

Doutra parte as algas funcionan coma depuradoras de auga absorbendo as sales minerais e dióxido de carbono (o famoso CO₂) e producindo osíxeno durante o día. Son coma os vexetais de terra os primeiros chanzos da vida e os primeiros produtores, sen eles non existirían o resto das especies animais que conforman a cadea alimentaria. As algas tamén se encargan de protexer da intensidade luminosa, daniña para moitas especies animais, os fondos. Baixo elas tanto das grandes (Laminarias ou golfos) como das pequenas (Marullo) numerosas especies deféndense da insolación que alí, á sombra, descende nun 99%. Ademais cando a marea baixa as algas protexen a toda esa fauna da insolación e do desecamento diminuindo a temperatura en 10°C e mantendo una humidade baixo as frondes do 100% o que permite soportar aos animais os períodos de baixamar.

O certo é que as algas tamén producen efectos negativos pero ese aspecto sería obxecto doutro artigo.

Teño entendido que fai anos que a humanidade “superou” a fase de cazador – recolledor e entrou coa agricultura e a gandería, as veces penso que me engano. Creo que isto ten ocorrido fai xa uns 4 a 5.000 anos. Sen embargo no que atinxe ao mar semella que as cousas van un pouco mais retrasadas, aínda que no caso dos peixes e dalgúns moluscos a gandería destes animais en granxas mariñas está desenvolto en menor ou maior grado, as producións maiores seguen dependendo da “caza” que neste eido chamamos “pesca” de poboacións salvaxes. No caso das algas o asunto está se cabe en estadios aínda mais atrasados. As menciñas, cosméticos, aditivos alimentarios, dietética, aceites etc extraídos das algas dependen principalmente da extracción directa do mar. Polo momento non existen sucedáneos artificiais economicamente rendibles.

Se os produtos orixinados polas algas son “necesarios” para a nosa civilización e tamén é necesario o coidado do medio ambiente parece claro que non se pode seguir na mesma liña de estragar o mar para obter algo que pode ser cada día mais escaso e que depende do *albur* da natureza. É preciso planificar doutro xeito a produción para obter cantidades programables dunha calidade fixa. E iso só pode facerse desenvolvendo o cultivo controlado de algas tal e como se vén facendo coa agricultura en terra dende hai una chea de anos.

Xa se cultivan microalgas ou fitoplanctos, algas dun tamaño individual non observable ao ollo espido, pero que se fai en grandes contedores ou reactores e altas concentracións nunha sopa de abono que optimiza a súa reprodución. Estas microalgas serven de alimento a outro “gando” mariño como as larvas de ameixas, ostras e peixes producidos en cativeiro; delas tamén se extraen aceites esenciais xa que elaboran este produto por fotosíntese en lugar de amidón. E mesmo ultimamente está a producirse biodiésel a partires deses aceites. Algúns estudos indican que se poden producir de 5 a 18 litros de aceite/diésel por metros cadrado o que representa de 7 a 30 veces ás mellores producións dos maiores cultivos terrestres. Poderían obterse 100 millóns de barrís de biodiésel nunha superficie de 50.000 quilómetros cadrados e a un prezo moi inferior ao do petróleo actual (o cal tampouco é moi difícil tal e como van as cousas). Todas estas cantidades sonche difícilmente imaxinables pero para facerse una idea aproximada pode pensarse en que é o mesmo que una produción de 20 toneladas de biodiésel por hectárea.

Unha certa cantidade de especies macrofitas ou sexa algas de tamaño visible, están xa cultivándose tanto no mundo coma en Galicia. Fai anos que está tentándose o cultivo de marullo-lique en países coma Canadá pero polo momento o sistema non logra consolidarse. Outras algas que se teñen tentado de cultivar son a *Undaria pinnatifida* ou “wakame” e a *Saccharina latissima*, coñecida coma kombu de azucre e tamén moi apreciada na cociña asiática. O wakame é una especie alóctona, isto é invasora, procedente do Pacífico que emprégase habitualmente na cociña xaponesa e que entrou en Galicia fai uns anos probablemente nas augas de lastre de algún barco mercante. Difícilmente poderá erradicarse, pero pola contra podería explotarse para tentar de controlar a súa expansión, cousa por outra banda pouco realista. Unha vez que una especie invasora prospera noutro ecosistema non semella probable poder erradicala nun medio tan vasto coma o mar.

Na actualidade o sistema multitrófico de acuicultura no que se combinan varias especies nas plantas acuícolas para aproveitar os residuos de unas para potenciar o cultivo integrado de outras está en pleno desenvolvemento. Os restos de pensos e refugallos do cultivo de peixes empréganse para alimentación de bivalvos (ameixas, ostras, mexillón) e os refugallos de todos eles potencian o crecemento de diferentes especies de algas.




Figura 10.- *Undaria pinnatifida* o “wakame”.

(Con licenza de <http://ian.umces.edu/imagelibrary/thumbnails-61-page-1.html>)



Figura 11.- *Saccharina latissima* o kombu de azucre

(greenlandseaweed.com)

CABOTAXE DE BUQUES DAS RÍAS BAIXAS A NOVA YORK

Por: Emilio Ferrer Jaureguizar

Este artigo é un resumo das viaxes realizadas ao porto de Nova York por buques armadores da Ría de Arousa (Caramiñal e Ribeira), Vigo e Noia entre os anos 1871 e 1900. Todos os datos están recollidos do Rexistro de Lloyds's do porto de N.Y. Pode que en datas anteriores ou posteriores se levaran a cabo outras viaxes pero, desgraciadamente, non figuran en ningún outro arquivo ao noso alcance.

Dito Rexistro aporta datos interesantes como o tipo de barco, a eslora, as toneladas, o capitán, o armador, a data e lugar de construción e o porto base ou de matrícula. A propiedade dos barcos non corresponde unicamente aos nomes que figuran en ditos documentos xa que, raramente, eran propiedade dunha soa persoa ou compañía; polo que intentaremos completar eses datos, na medida do posible.

Aparte disto, dispoñemos da imaxe dalgúns dos barcos, que incluiremos aquí¹.

A serie de singraduras comezan dende 1871-72 ata 1877, coa **Goleta "J. Barreras"**, de 113 toneladas, sen rexistro de código internacional ata 1877 na que aparece co código HPTL (o que suscita dúbidas pola nosa parte e nos pode crear confusión con outro barco o José Barreras, como veremos máis adiante). Este buque construíuse en Blanes (Girona) en 1868, o seu armador é **J. Barreras do Caramiñal**, o seu capitán **J.M. DIOS**. O seu porto base ou de matrícula é Barcelona, non así ano 1877 en que procede de Vigo.

Construído en madeira de piñeiro (O,P) forrado en ferro-cobre (Icf, iron cooper fastening). Aparece todos os anos rexistrado con 113 toneladas, excepto en 1877 no que lle asignan 142 toneladas^{2,3}.

Outro barco que nos aparece en dita relación é o **Medio Bergantín "JOAQUINA BARRERAS"** ou **"JOAQUINA DE BARRERAS"**, de 130 toneladas, construído en Blanes en 1870 e con código internacional

HPSR. Comeza as súas estancias portuarias en NY dende 1872-73 ata 1890 ininterrompidamente. O seu armador **MARCELINO BARRERAS CASELLAS**⁴ e o seu capitán **J. LESTÓN**. Tamén matriculado en Blanes, está rexistrado con 130 toneladas e en 1880 aparecen as súas dimensións como 86,8 pés de eslora (25,8 m.), 21 de manga e 12,2 de puntal. Construído como o anterior en madeira de piñeiro e forrado en ferro-cobre.



Fig.1. Joaquina Barreras con Nápoles al fondo.

De 1878 a 1892 rexístrase a entrada da **Goleta "JOSÉ BARRERAS"** con código internacional HPTL, con 142 toneladas, 83,6 pés de eslora, 22,6 de manga e 10,8 de puntal, con distintos capitáns: **J. ABAT** ata 1886 e dende 1887 ata 1892 o capitán **MARTÍNEZ**⁵.

Construído en Blanes en 1868 en madeira de piñeiro e forrado en ferro-cobre. Este ano coincide coa construción do J. Barreras.

Da mesma familia rexístrase tamén entre os anos 1871 a 1888 a entrada do brikbarca **"NUEVO BARRERAS"** con código HWRJ, construído en Blanes⁶ en 1870, tamén en madeira de piñeiro e forrado

1 Imaxes recompiladas por D. Ramiro Villoch Herrera do Caramiñal, sen cuxa inestimable axuda non se podería realizar este artigo.

2 Quero recordar aquí, que as toneladas de rexistro varían dun porto a outro e incluso dun ano a outro dentro de cada nación; xa que son toneladas fiscais, a efectos de dereitos portuarios.

3 Este feito de cambio no número de toneladas suscita unha controversia con outro buque el "JOSÉ BARRERAS", que se rexistra con igual cantidade de toneladas (142), pero con outros capitáns.

4 Ramiro Villoch Herrera "Tiempos de Vela".

5 Temos documentado outro capitán Martínez (José), que comandou o bergantín "Rápido" e a polacra "Joven Pepita" do armador José Ferrer Marlés. Non sabemos se se trata do mesmo.

6 A familia Barreras, afincada nun primeiro momento no Caramiñal, procedía de Blanes (Girona) como outras moitas instaladas nas rías baixas galegas con motivo da salga e outros negocios. En Blanes

de ferro-cobre. O seu armador é **J. BARRERAS**, ten 225 toneladas e 97 pés de eslora (29 metros), 26,2 de manga e 9,8 de puntal. Ao longo destes anos foi comandado por tres capitáns:

M. ROMERO (71,72,73,74,75,76,77), **SANTOS** (75,76,77,78) e **LESTÓN** (78,79,80,81,82,83,84,85, 86,87,88). Dáse a circunstancia de que nos anos 1875 a 1878 este buque realiza dúas viaxes anuais, cousa inusual.

Atopamos tamén en 1880 e 1891 o rexistro de entrada del Vapor **"TERCER BARRERAS"** con 521 toneladas (en 1891 aparece con 322), **171 pés de eslora** (57 metros), 25,9 pés de manga e 15,7 pés de puntal con código **PWQC**.

O seu armador **D. JOSÉ BARRERAS**. Foi construído en **NEWCASTLE** en **1868**, en ferro procedente de **Vigo**. O seu capitán **D. ANDRÉS SANTOS**⁷. Son os seus consignatarios en N.Y. Natividad e Leckwhit.⁸ (?)

O seguinte buque que nos ocupa é a **Corbeta "ROSA"** de 416 toneladas e 117 pés de eslora (35 metros), 28 de manga e 15 de puntal. Construído en Muros⁹, porto base en **Muros** e matrícula de Vilagarcía; o seu armador é **J. ROMANÍ**¹⁰. Foron os seus capitáns **D. M. OTERO** nos anos 73,74 e 75; e **D. JOAQUÍN LLORENS** dende 1876 ata 1883. Construído en madeira de **alerce** e forrado de ferro-cobre. Na imaxe apréciase dito forro un pouco por encima da liña de flotación.

existían no século XIX varios estaleiros entre os que destacaba a familia Vieta, de gran renome. Non é de estrañar que a familia Barreras encargara alí a construción dos seus barcos.

7 En 1891 aparece como armador D. José Barresa y Cassealas, probablemente debido a un erro. O nome real é de José Barreras y Casellas.

8 Cada certos anos cambia a lista de abreviaturas, supoño que para adaptarse aos cargamentos dos buques. Non posúemos todas as listas.

9 Este barco construíuse nos estaleiros do Freixo.

10 Este buque noutros documentos aparece como pertencente á familia Ferrer Marlés do Caramiñal. O armador salientado máis arriba José Romani y Cruz, estaba casado con Cándida Ferrer Casellas que era filla de José Ferrer Marlés. Nesta familia era normal que os buques foran de propiedade compartida entre irmáns e irmás.

Curiosamente, non aparece rexistro do código internacional. Quizais fora **JJRW**, lendo as bandeiras da imaxe¹¹.




Fig.2. Corbeta "Rosa"

Outro barco que nos interesa é a **Corbeta "TULA"** que realiza esta travesía dende 1884 ata 1900 ininterrompidamente. Medía 428 toneladas y 135 pés de eslora, 29,2 de manga e 16,6 de puntal. Construída en **Ferrol** en madeira de piñeiro e forrada de ferro-cobre, o seu código era **JSNQ**. O seu armador **D. LÁZARO FERNÁNDEZ**¹² e o seu capitán **D. JOSÉ PIÑEIRO**.




Fig.3. Corbeta "Tula"

COLABORA
ACTIVIDADES:

Concello de
BUEU



A **Corbeta "MARÍA LUÍSA"** realiza viaxes a N.Y. entre 1895 e 1900, con 640 toneladas e 158,7 pés de eslora (47 metros), 32,4 de manga e 20,5 de puntal. Construída en Varazze (Italia) en piñeiro amarelo e forrada de ferro-cobre, con matrícula de Vilagarcía. Tiña como armadores a **DEL RÍO & CARRERÓ (D. ANDRÉS HIGINIO DEL RÍO GONZÁLEZ de Palmeira e D. MARCELINO CARRERÓ MASCATO de Cambados)**. Os seus capitáns foron **ALONSO** entre 1895-99 e **ROSENDO** en 1900.

Despois desa última viaxe, no mesmo ano 1900, xa ao mando do capitán **D. JUAN RERIZ SÁNCHEZ** ábrese no seu casco unha vía de auga en medio dunha tempestade e naufraga a cincuenta leguas do Cabo Esposende, salvándose o capitán, o seu fillo piloto en prácticas que o acompañaba e toda a tripulación¹³

Existe aínda un último buque nesta relación, trátase de **Medio Bergatín "JOAQUINA"** que realiza viaxes dende 1886 ata 1900, con 155 toneladas, 93 pés

de eslora (27,5 metros), 23,9 de manga e 13 de puntal. Ten o **código HPSQ**. Construído en Noia en madeira de piñeiro amarelo e forrada de ferro-cobre. Porto base tamén en Noia. Era o seu armador **D. WENASTAO M. GÓMEZ (?)** e o seu capitán **D. MANUEL DE DIOS**.

Facendo un pequeno resume podemos dicir que, dos dez buques, sete son propiedade de arma-




Fig.4. Corbeta "María Luisa".

Outro barco que realiza estes viaxes é a **Corbeta "MARLÉS"** entre 1895 e 1900 con medidas de 395 toneladas, 133 pés de eslora, 27 de manga e 17,5 de puntal. Foi construída segundo este rexistro nos estaleiros Denton & Co de Hartlepool (Inglaterra) pero debe existir un erro en dito rexistro (aínda que cometido durante cinco anos consecutivos) porque outras fontes dan como certo a súa construción nos estaleiros do Freixo (Muros). Estaba matriculado en **Vilagarcía** e o seu armador era **D. JOSÉ FERRER CASELLAS** do Caramiñal. Sempre ao mando do capitán **SANTOS** durante esas travesías. Construída en madeira de teca, forrada en cobre e calafateada por enteiro (*clk : caulked all*).

dores do Caramiñal. Un deles propiedade de armadores de Ribeira e Palmeira. Outro de armadores de Palmeira e Cambados e outro de Noia.

No intre de escribir este artigo descoñecemos o tipo de carga que estes buques transportaban a N.Y.

¹³ Aparecen neste rexistro dúas embarcacións Corbeta "Princesa Dagmar", Corbeta "Josefa Formosa" que pertenceron á familia Ferrer (José e Ventura) do Caramiñal, pero rexistradas a nome doutros armadores. Parece ser que os buques foron comprados despois de 1900. Outro buque que aparece no rexistro é a Fragata "Perla de Sitges" cuxa propiedade está aínda por dilucidar, aínda que é probable que pertencera á familia Marlés.



A ILLA DE ONS: - O VOCEIRO DO CUCORNO, UN PERIÓDICO FUGAZ. - UN "TALENTO" CHAMADO DELMIRO.


Por: Xoán Xosé Pérez Labaca

Celestino Pardellas de Blas, Tinón, é un home ao que non lle gusta presumir, nin gabarse, nin nada, sendo a súa forma de ser tan sinxela que raia na humildade franciscana. Digo isto a modo de preámbulo porque no seu dilatado currículo, como adalid, paladín, defensor de todo o relacionado con Ons, non figura para nada o seu eficaz e fecundo labor como director dun periódico editado na Illa, chamado "O Voceiro do Cucorno", no ano 1988.

Este "rotativo" era editado en papel reciclado, naqueles tempos precarios, por medio dun ciclostilo ou multicopista (daquela coñecido como "vietnamita") e vendíase ao prezo de dúas pesetas (para viño dicía a "coletilla") cunha tirada, en números correntes, de 20 exemplares e do dobre en números extraordinarios (1 ao ano que saía pola festividade de San Xoaquín). O recadado pola venda e pola publicidade (daquela non había subvencións oficiais) daba para soportar estoicamente as duras xornadas laborais periodísticas nocturnas na discoteca do *Jarulo*, no Chiringo de Mino ou xa, pola alta madrugada, no Bar "O que Faltaba" que era o último en pechar.

Traballo que Tinón facía voluntariamente, sen pedir nada a cambio, aguantando imperturbable a lería de Manoliño da Caixa ¡Unf!; a obstinación insufrible de Miguel José o de Valladolid; a charla inesgotable de Manolo "Carallo", pintor con can; ou as novas de Melide que traía o "Perrenco". Como notas de sociedade recollía os novos amores de Camilo "de Aurita" ou tamén, "casualmente", o que lle contaba Antonio, "o Ruso" que era moito e variado e as frescas novas de terra en boca de "Fatxecas". Sempre acompañado polo extraordinario fotógrafo de prensa internacional "el Manzanita" que era o alias de Miguel o ourensán. Días, semanas, meses Tinón "o Mergullador de Fondo", inasequible ao desalento, aguantaba todo e a todos como a José "o Conguito", a Juanjo o "Barriguiña do Condado", a Suso Maquieira, "o Pescador de copras", a Manolo de Mellide, "O Guillermo Cubillo" (pola piragua), a Ramón de Zas, "O Sudaca do Xallas", a José Luis "O Halcón Callejero" e a outros, como un tal "Roxo" que tiña un barco veleiro; ademais de aos seus amigos como o Profe Domingo, por desgraza xa finado, e outros máis como un

tal "Fandiño" desaparecido en combate e outro que era xefe de zona de Caixa Pontevedra e que tiña un barco con motor, e que cantaba aquilo de "¡Ay la botella de ron!". Tamén sen esquecer a Carlos Franco, "o Flores", que cando lle petaba tamén falaba bastante alto e claro, aparte do cocinar cousas con xeito e sapiencia como arroces, empanada de peixes varios e a salsa oli-oli. Ademais era portador, para ledicia das nosas gorkas, dun viño branco extraordinario da súa propia colleita.



Manolo Feijóo, no seu refiro ourensán

A redacción estaba composta por Manuel Feijóo, Celestino Pardellas e Domingo Costas e contaba cos colaboracións especiais do Maracas, do neno debuxante Arturo Reiriz, do fotógrafo Miguel de Ourense e de Suso Maquieira que facía de "Sacarino" pois ía aos recados e levaba as reseñas deportivas como as regatas de dornas, concursos de pesca con cana, lanzamento de pedras con zomba ou así. A dirección desde o principio caeu na man de Celestino Pardellas, sendo subdirector Manolo Feijóo e actuando como Xefe de Redacción Domingo Costas.

Naquela época no Voceiro do Cucorno apraceron artigos moi singulares asinados por firmas de categoría relevante como as que formaban o equipo de redacción sobresaíndo un artigo titulado "A illa de Ons declarada República Independente" do que non aparece sinatura, pois debía ser o escrito editorial xa que viña indicar claramente a liña, opinión xeneralizada, maila filosofía a seguir da publicación, penso eu.

Nesta ocasión e para que este traballo nos se alongue demasiado vou a transcribir soamente o comezo e pouco máis, deixando para traballos posteriores o resto. Comeza así (sic): "Fai pouco que nun pequeno planfeto saleu a nova formación dunha República Independente da Illa de Ons e o que sería o seu primeiro goberno: Líamos como no primeiro pleno saían nomeados os seguintes ministros:

Candiño: Almirante en Xefe do Mando unificado das dornas de vela e motor.

Garulo: Ministro de Facenda, Contrabando e Defraudación.

Arturo: Ministro da Guerra.

Ramiro: Ministro de Impostos e Consumo de Alcooles e Champús.

O Terco: Foi nomeado por aclamación Primeiro Ministro.


Delmiro: pola súa voz en estereofonía foi nomeado Portavoz Oficial.

Presidente da República: Foi nomeado o can de Manolo Feijóo, chamado Carallo.

Despois do suceso de formación do goberno atopáronse na necesidade de liberarse do enorme traballo que supoñía levar eles sós o goberno e administración de toda-la Illa, entón o Consello de Ministros celebrado no Pazo da Laxe do Crego, en area dos Cans, decidiron dividir a Illa en dous Concellos. Un pequeno ó norte que collera as parroquias de Melide e o Centolo e outro máis grande ó sul coas parroquias do Cucorno, Chan da Pólvora, Caño, Curro, Canexol e Pereiró. Tamén se decidiu que ditos concellos foran ocupados por persoas que non sendo da Illa, levaran indo a ela a veranear polo menos oito anos.

Polo Consello de Ministros se mirou ós posibles candidatos para os dous concellos e mandáronse circulares a todo-los que podían seren. Ós poucos días escomenzouse a notar xa un pequeno ambiente preelectoral."

Ata aquí hoxe este anaco da editorial nese día de total importancia para Ons. Quero deixar para o vindeiro número de "Aunios", si a sorte nos favorece e os tempos cambian para ben, a constitución e formación dos dous concellos así como tamén o proceso electoral.



Miguel "Manzanitas". O retratista - mergullador

Antes de rematar cómpre sinalar que O Voceiro do Cucorno tiña distintas seccións. Tiña unha relixiosa que tanto abranguí a da relixión católica como a dos evanxelistas que cantaban a rabiarse a todas as horas, no almacén diante da de Checho, onde agora gardan tractores, e que bautizaban aos seus catecúmenos na praia do Canexol metidos na auga ata máis arriba da cintura. Outra sección era a de sucesos que sempre explicaba que e como se mancou alguén, así como das liortas coa xente que botaran fóra das Illas Cies que pensaba que en Ons todo o monte era 'orgasmo'. Tamén tiña unha de notas necrolóxicas que, por sorte, nunca foi utilizada e outra de anuncios por palabras na que sobresaía o apartado de "contactos" onde se ofrecía, entre outros, o seguinte. "Lorcha. Sempre a túa disposición. Casa, praia ou campo. Cariñosa. Atópame na terraza de Checho na chegada do barco da unha" (daquela non había móbiles). En definitiva, un periódico como Deus manda, hoxe obxecto de museo. Ah, xa me esquecía, tamén posuía unha sección de Cartas ao Director da que tamén falaremos cando cadre.

A Illa de Ons foi, é e será sempre unha República Independente, iso si, hoxe baixo a "tutela agarimosa" do Pradoado das Illas Atlánticas e así continuará "si Deus non o remedia" polo que, de momento, a foderse tocan.

Como dicía ao primeiro, Tinón é humilde de máis e todos os que estamos a seu arredor temos que ir pensando, tempo temos para elo, en facerlle unha pequena homenaxe porque, se entrar en matices como este da dirección do Voceiro do Cucorno, ben o merece. ¡Non, si! ¿Ou como é?

Delmiro podería ser un personaxe illán digno de figurar nas páxinas do "Voceiro do Cucorno" **UN "TALENTO" CHAMADO DELMIRO**

Antes de achegarnos ao "meollo" deste relato compre dicir que foi escrito no ano 1985, polo que a situación dos feitos están narrados nas datas daqueles tempos.

Delmiro Patiño non se chama Delmiro que se chama Avelino, pero desde pequeno todo o mundo deu en chamarlle Delmiro polo que o seu nome Avelino soamente ven a usalo para asuntos oficiais, o que non deixa de ter o seu aquel xa que, segundo trate o asunto e segundo lle conveña aos seus intereses, di que se chama dun xeito ou do outro,

Delmiro ou Avelino Patiño Otero é un mariñeiro xubilado da illa de Ons que navegou polos sete mares, que hai arredor da Illa, porque, no dicir del, non hai máis mares no mundo se non por eles tamén navegaría e, penso eu, se non navegou neles é como si o fixera pois pasou e pasa a vida na mar que ata semella que a nai pariuno a bordo dunha dorna. Puido navegar en cruceiros, paquebotes, mercantes, pesqueiros, etcétera, segundo o tipo de faena ou tarefa a que se

dedicara a embarcación e tamén en barcos de altura, litoral ou cabotaxe segundo fose o sistema de navegación, pero decidiu, acertadamente, navegar en dorna. Afirmo que sabe navegar a motor, a vela ou remo segundo a propulsión e na pesca de baixura, no dicir del, é “*un talento*”.

O famoso pintor ourensán Manolo Feijóo, “Feijut”, máis coñecido na Illa por Manolo ‘Carallo’, grande coñecedor das xentes, di, no limiar do catálogo das súas obras pictóricas no libriño editado co gallo da exposición que se celebrou, no pasado ano 1984, na Sala da Caixa de Aforros de Ourense, de Delmiro Patiño que fala en ‘*estereofonía*’. É certo ou polo menos parece que fala dese xeito, pois ten a voz tan grave e cadenciosa que mesmo parece que lle sae don fondo da ialma. Cando, de parranda, quere cantar faino con moita seriedade e para poder oílo hai que estar moi pretoño del, xa que dá a impresión de que canta para dentro:

Chámase Catuxa	Eu tamén teño outra
a miña dorniña	que se chama a Manoela
e por todos estes mares	e por todos estes mares
non hai dorna como a miña.	non hai dorna coma ela

E coma estas máis...

É un grande bebedor de anís. Ao vir do mar, pola mañanciña mete entre o peito e as costas unha ou dúas, ou se cadra tres ou catro copas de anís. Na súa dorna, que se chama a Catuxa, non leva anís pero leva viño e cando lle entra a sede pégalle uns ‘*safonazos*’ que lle axudan para facer mares e mares na pesca do polbo co bicheiro ao visto, é dicir, con espello ou mirafondos.

Antes, hai un ano ou así, saía na dorna co ‘Carabicho’ pero este marchou para a pesca de altura, ao calamar, alá polas Malvinas, cara á Arxentina, e agora vai con Manolo ‘O Terco’. Di, el mesmo, que como Delmiro Patiño non hai outro tan bo neste difícil oficio e cando os outros collen catorce quilos de polbo, el colle vinteoito, o dobre sempre que os demais. De tanto repetirme estes feitos xa non me queda a menor dúbida de que é realmente ‘*un talento*’.

Estando nunha ocasión xantando na súa casa comezamos a falar dos naufraxios na Illa de Onza, dando cada quen a súa opinión e os seus recordos, cando xa despois de xantar contounos, aos que compartiamos a mesa, coa súa voz profunda e sentida, a seguinte lenda que, segundo el, contárala un sarxento contramestre durante o seu servizo militar no barco ‘Galatea’, na Mariña alá no Ferrol, xa hai bastantes anos. Dixo así:


“Vou contar algo do que non me gusta falar pero de cando en vez teño que botalo fóra, pois xa non aguanto calado máis tempo. Esta lenda recolle moi ben a maldade das persoas pois trata dos habitantes de certos lugares da chamada Costa da Morte, cara ao Norte, máis alá de Fisterra, que con artimañas facían naufragar aos barcos para saquealos. O lugar é moi perigoso para as embarcacións, pois son moitos exemplos que o confirman e por iso había xente que non podía crer na falta de destreza e habilidade mariñeira de capitáns e patróns que neses lugares embarrancaron, e pensaban, acertadamente, que ademais da costa traizoeira tiña que haber algo máis.

O motivo deses naufraxios estaba que as xentes deses lugares, aproveitando as noites de temporal, levaban unha vaca cun farol acendido e colgado de un dos cornos para paseala, dese xeito, por determinados lugares da costa que xa tiñan eles estudados. Entón, o movemento da cabeza da vaca remedaba, na noite, o cabeceo dun barco sobre as ondas navegando próximo a terra e, por elo, situado a maior resguardo do vendaval. Este feito, facía que barcos que se atopaban algo distantes de terra, mar adentro, buscaran na costa refuxio precipitándose contra as rochas e, claro, sucedía a traxedia. E a cousa non remataba aí pois despois de que o barco naufragara saían de onde estaban agachados para lanzarse ao asalto da presa e aproveitar todo o posible, no tendo nin o máis mínimo reparo en pasar a coitelo á tripulación que se salvara”.

Patiño, rematou o relato con infinita tristeza sen dar ningunha outra opinión nin opción a falar do tema pois entendeu que non facía falta. A min esta lenda quedoume gravada por vida.

Delmiro Patiño ten un corazón que non lle cabe no corpo, contar coa súa amizade é, sen dúbida, un *manjar*, que diría Francisco do Crol, ou unha fortuna, como digo eu. Dando a súa palabra non fan falta papeis, pois como ben di: ‘a miña palabra vai á misa’. É todo un *cabaleiro*.

Agora, pasado moitos anos só nos quedan del recordos, polo que facendo unha reflexión podemos dicir que mereceu a pena tratalo, respectalo e apreciálo, si señor, porque en todos os aspectos Delmiro ¿ou Avelino? Patiño foi, sen dúbida, todo ‘*un talento*’.



Delmiro Patiño, todo un “talento”.

ACTIVIDADES REALIZADAS POLA ASOCIACIÓN AO LONGO DO ANO 2012

FESTA DOS MAIOS

Debido a problemas de saúde do noso Presidente, Laureano Mayán, non puidemos celebrala á altura que se merece, pero os que ata a Illa nos desprazamos ese 1º de maio, cantamos unhas pequenas coplas argalladas o día anterior co fin de que non quedara sen celebrar esta data tan sinalada no noso calendario.

Poucas foron as coplas e pouca a xente que nos escoitaba, pero saímos satisfeitos do deber cumprido.



RUTA XACOBEA

Como agrupación inscrita no Censo de Asociacións Promotoras dos Camiños de Santiago, realizamos anualmente algunha actividade con respecto a este eido. Este ano intentamos darlle máis importancia a unha "nova Ruta" que poderíamos dicir que é paralela á Ruta Marítima, pois consistiu en percorrer a Ruta Marítima bordeándoa por terra.

En diferentes etapas, varios membros da Asociación e algúns amigos e colaboradores, decidimos saír de A Garda e percorrer a pé, e tamén hai que dicilo, en coche, toda a costa que bordea a Ruta Marítima ata Pontecesures. A idea partiu da Directiva co fin de potenciar a Ruta Marítima dende a Garda ata Pontecesures e dende alí seguir a ruta Portuguesa ata Santiago, pero, tanto por mar como por terra.

É por iso, que estamos a preparar unha serie de traballos neste senso co vistas ao próximo Ano Santo.



**Xuntanza gastronómica da Asociación.
Concierto de guitarra dos membros de
Pineiróns. Presentación do nº 17 da revista
cultural AUNIOS en O Grove**

EDICIÓN DA REVISTA CULTURAL "AUNIOS" Nº 17

De novo con grande esforzo económico logramos sacar adiante un novo número de AUNIOS. En 22 artigos, este ano foi o Grove o que se levou a palma con 12 colaboracións que falan do seu Aeródromo, dos contos e lendas desta vila meca, da fame e da adhesión ao Montepío, do nome das aves que a habitan, da fala de San Vicente, do arte do gata, da fala grovense en clave de humor, sen esquecer a constitución da Toxa como Sociedade Anónima, dos pupilos que a visitaban e do contrabando de armas que houbo en San Vicente.

Da Illa de Ons houbo desta vez 6 artigos que nos falan dos instrumento humorísticos utilizados nesa Illa, das sinais de aviso, do problema da súa propiedade, de, Camilo, o fillo do axudante dos fareiros, dos seus gravados rupestres e da escola coas súas saídas arqueolóxicas.

Xa por último sobre as Rías Baixas e Galicia en xeral, tratouse os temas do Enterro da Sardiña en Marín, do recentemente creado Museo naval de Noia, do conflito da traíña nas Rías Baixas nos anos 1887 – 1902 e sobre as áncoras de pedra atopadas ao carón das costas galegas.

Todos os artigos formaron unha revista de enorme interese histórico, etnográfico, paisaxístico e naturalista.

ALGUNHAS ANTIGAS CRENZAS TRADICIONAIS DA ILLA DE ONS


Por: Fernando Alonso Romero

Ás xeracións novas descendentes dos nativos de Ons, coa esperanza de que non se esquezan nunca da súa historia, nin do respecto que deben aos seus antepasados.

Durante unha das miñas primeiras estancias na illa de Ons tiven a sorte de poder falar con varios dos illeiros que por entón, fai disto máis de 40 anos, vivían permanentemente nesa fermosa illa da costa galaica. Eran tempos difíciles pois en España a ditadura franquista aínda nos tiña a todos sumidos nesa “noite de pedra” da que fala Celso Emilio Ferreiro; e en Ons carecíase de moitas cousas que hoxe en día consideramos imprescindibles para poder vivir dignamente. As carencias que se sufrían na illa soportábanse como boamente podíase, coa ilusión de poder dispoñer, cando chegasen tempos mellores, de todo o que, por entón, soamente existía na imaxinación e nos sonhos dos illeiros que se esforzaron sempre por mellorar as súas condicións de vida. Algúns deses sonhos realizáronse, pero outros continúan aínda no mundo da fantasía esperando que algún día se fagan realidade. Pero non é a miña intención falar deses sonhos, que espero que se cumpran, senón dos sonhos de outrora, das crenzas milenarias que aínda se conservaban en Ons en 1970. Na actualidade escribir un artigo sobre esas crenzas pode parecer a algúns unha antigalla, é dicir, un tema pasado de moda e sen cabida nos tempos da telefonía móbil, dos ordenadores e doutros enxeños difíciles de concibir nas nosas mentes de fai corenta anos. Con todo, o seu recordo axúdanos a respectar máis aos nosos antepasados; a admirar o seu valor e a súa resistencia fronte á adversidade en condicións moi difíciles de vida, como cando non se dispoñía das medicinas adecuadas para superar unha enfermidade, ou o tempo atmosférico non permitía que as dornas alcanzasen o continente próximo sen risco de afundirse.

Ante as numerosas carencias que se tiñan entón na illa de Ons, os seus habitantes víanse obrigados moitas veces a recorrer aos coñecementos milenarios que se utilizaban nesa illa, do mesmo xeito que noutros territorios do continente europeo, para protexerse contra as enfermidades, contra os malos ventos e temporais que esnaquizaban as colleitas e facían naufragar ás dornas, e contra un sen fin de seres imaxinarios; como trasgos, nubeiros, mouros, meigas e bruxas que naqueles tempos aínda convivían cos illeiros; aínda que non se levaban nada ben con eles porque os acusaban de ser os responsables de todos os males que se sufrían na illa. Pero, xamais, nin a suposta existencia deses

seres, nin as penalidades que se sufrían, conseguiron acabar coa alegría e coa ilusión que conservaron sempre as xentes de Ons; virtudes que lles axudaron a superar as dificultades, co estímulo envexable do agarimo e apego que sentían pola súa illa.



Sr. Juanita Otero recollendo Solda para curar os catarros.

Malia as carencias que se sufriron en Ons durante moitos anos, tamén había épocas do ano nas que se gozaba dos sinxelos praceres da vida, como en calquera outro sitio, sobre

todo durante a tempada do bo tempo Así, polo menos, quedou reflectido este sentimento nunha cantiga de Maio escrita en 1973 por Julio Santos, que entón era o mestre da illa de Ons:

A todos invitamos
nos meses de vrán
a vir a nosa illa
que moi ven o pasarán.

Pero lamentablemente non sempre era verán na illa de Ons, e no inverno non había visitantes, e moitas veces nin tampouco médico, nin sacerdote, nin luz eléctrica, nin... Pero si que había bruxas, como as había tamén nas Illas Británicas, en Bretaña ou en Alemaña, e non me refiro ás “bruxas” de agora: a eses seres misteriosos que desbaratan os bens dos nosos días empobrecendo ao pobo, e que ninguén sabe onde se esconden, senón ás bruxas de antes, ás de escoba voadora, nariz aguileña, mirada torva e rostro engurrado e cincento. Botadoras do “mal de ollo”, “meigas chuchonas”, que causaban enfermidades ás persoas e ao gando. Non era fácil evitar as súas malas intencións, pero afortunadamente dispúñase, do mesmo xeito que en tempos dos romanos, de varios talismáns, amuletos, ensalmos, feitizos e oracións; algunhas cristiás, outras máis próximas ao paganismo que á fe católica. Pero case todas eficaces. E un dos recursos aos que se adoitaba acudir para evitar que as bruxas fixesen dano aos animais domésticos consistía en protexer as entradas das cortes cun corno de carneiro, que se introducía entre as pedras dunha das xambas da entrada. Este procedemento non era exclusivo da illa de Ons, pois tamén se facía noutros países; por poñer soamente un exemplo, digamos que na comarca de Silesia (Polonia) os campesiños adoitaban poñer na porta das cortes das vacas un corno de cabra como protección contra as bruxas (Frazer, J. G. 1990, 162). Dese modo, os poderes sobrenaturais que tiñan esas temidas mulleres, do mesmo xeito que as persoas ás que se lles atribuíu a facultade de botar o “mal de ollo”, quedaban anulados. E o gando de Ons podía descansar tranquilo; pero non todos os animais domésticos

posto que ás vacas o corno de carneiro non as protexía contra cobra mamadora, que ás furtadelas polas noites agarrábase á ubre do pobre mamífero para “chupar” o seu leite e deixala seca. Así, polo menos, isto é o que me contou un día Eugenia Otero, que en certa ocasión observou arrepiada como a tal cobra era a causa de que a súa vaca non dese o leite esperado. Cando isto ocorría adoitábase peitear a ubre da vaca cun peite, facendo o sinal da cruz mentres se recitaba o seguinte ensalmo, que tamén se aplicaba ás persoas en calquera parte do corpo que estivese afectada por algún mal:

*Por aquí pasó Jesucristo
Antes de que este mal fuera visto.
Muera este mal y viva Cristo.*

Pero non eran só as cobras as que danaban ao gando vacún, pois contábase tamén que certo día formouse un estraño remuíño de vento no que viña oculto un diaño que fixo desaparecer a un dos bois que había na illa. O rechamante deste relato, ademais de ser un fenómeno sorprendente, é a súa coincidencia coa crenza nun traveso trasgo galego, o chamado polvoriño, ao que en Asturias chaman ventolines, que é unha poeira. É un ser que se adoita aparecer nun remuíño de vento, do mesmo xeito que o temido nubeiro, tronante ou negrumante, pois cos tres nomes adoitábanse referir a el os campesiños galegos, e tamén doutras zonas de España, cando atemorizados víano ascender cara ás nubes virando vertixinosamente nun refacho de vento, para despois desde os negros nubeiros soltar a súa carga de pedrazo, ou de choivas torrenciais, no medio da atronadora lostregada da tormenta. Cando o escritor británico George Borrow realizou o seu famoso itinerario ata Fisterra, no ano 1837, contáronlle os desa comarca que o nubeiro era un home que andaba polas nubes e que, ás veces, se trasladaba nun sopro de vento (Borrow, G. 1905, 420). En Palas do Rei (Lugo) dicíase no século pasado que o nubeiro subíase ás nubes creando coa súa propia ouriña un remuíño de vento, cuxa forza ascensional ía aumentando progresivamente ata que o levantaba do chan. Unha vez arriba, dirixía as nubes ao seu gusto (Fraguas Fraguas, A. 1969, 374).

Relacionado coas vacas contábase tamén en Ons, nos tempos da miña primeira estancia entre os illeiros, que baixo un camiño que ía en dirección a unha casa que chamaban “La Puebla” (que, por certo, non puideron pescudar a que lugar referíanse), estaba enterrado o corno de ouro dunha becerra. Polo devandito camiño adoitaban pasar os carros, e unha das súas rodas sempre pasaba por encima dese, botado de menos, corno que nunca ninguén atopou. Esta lenda ten tamén paralelos noutros lugares da Península Ibérica, polo que un estudo comparativo levaríanos a ver a súa relación cunha antiga divindade montaraz, cuxo recordo pervive en numerosos pobos de España.



Eugenia Otero, vindo dunha casa no lugar do Cucorno, Illa de Ons 1980.

Para terminar, aínda que sobre as crenzas de Ons poderíanse escribir centos de páxinas, voume a referir unicamente á crenza na Santa Compañía, pois a versión de Ons é, sen dúbida, a máis interesante de todas as descrições coñecidas sobre esta mítica procesión de mortos, debido precisamente ao seu parecido coa doutras comarcas da área atlántica europea, cuxos mortos, do mesmo xeito que en Ons, van en busca da lendaria illa do Paraíso céltico, como tiveron a sorte de oír relatar fai xa moitos anos, cando en Ons vivían aínda durante todo o ano varias familias de illeiros (Alonso Romeu, 1981, 2009); eran tempos nos que os raparigos subíanse a unha gran pedra, semellante a un vello menhir, desde onde se entretiñan en lanzar pedras aos corvos para evitar que esnaquizasen os milleirais (Foto 1). Descoñezo si aínda se conserva esa pedra; de ser así, sería interesante comprobar a súa orientación con respecto ao desprazamento do Sol ou da Lúa ao longo do ano, pois é moi posible que fose utilizada como calendario. O seu uso práctico consistiría en tomar como referencia unha aliñación con algún punto do horizonte sobre o que se realizaba o orto ou o ocaso de calquera deses dous astros. Aos antigos habitantes do castro de Ons interesáballes moito coñecer as datas dos equinoccios e dos solsticios, non soamente con fins prácticos: como saber cando debía realizarse sementeira ou a recolección, cal era a época máis adecuada para iniciar a tempada da navegación, e ata para a celebración dos seus ritos pagáns: como os que efectuaban o día do nacemento do Sol no solsticio de inverno. Data que daría lugar a partir do século IV d. de C. á súa cristianización, transformándoa no día de Nadal. Ata ese século os cristiáns adoitaban celebrar o nacemento de Cristo na primavera, pero ao comprobar que os pagáns seguían

celebrando o nacemento do Sol con máis entusiasmo que o de Cristo, a Igrexa decidiu acordar que Cristo en realidade nacera no solsticio de inverno. Con todo, a verdade é non se sabe con certeza cando con seguridade naceu Xesucristo. De todos os xeitos a decisión da Igrexa foi moi acertada pois conseguiu converter ese día nunha das celebracións máis importante da humanidade.

Con respecto á importancia que han ter as crenzas dos nosos antepasados galaicos no establecemento dun calendario, non debemos esquecer tampouco que a celebración da Semana Santa cristiá ten igualmente unha importante orixe astronómica, pois debe celebrarse sempre na semana na que se produza a primeira Lúa chea despois do equinoccio de primavera (o 21 de marzo). E para terminar, non esquezamos tampouco que a coñecida festa galega da noite de San Xoán, coas súas fogueiras e plantas medicinais e os seus ritos máxicos, celébrase precisamente no solsticio de verán, a partir de cando o Sol empeza progresivamente a declinar, acurtándose os días e alargándose as noites. E así ata o día no que se produce de novo o seu nacemento no solsticio de inverno. Por todo iso, non estaría de máis comprobar si esa pedra na que se sentaban os nenos para defender os cultivos tería algunha relación co que aquí comento. Pero tamén sería importante pescudar si alguén reconece a esa rapariga da foto que fixen en 1973. A fotografía é mala e o rostro da nena aparece en negro; non é posible distinguir os seus trazos faciais. Estou seguro de que si alguén a reconece, poderá contarnos moitas cousas da súa mocidade en Ons, daqueles tempos nos que na illa aínda se conservaba un tesouro de crenzas e de lendas que hoxe xa son historia.



Rocha dende a que os nenos espantaban aos corvos. Illa de Ons. 1973




O Estraño das Illas é que Haxa Pescadores

Por: Francisco Calo Lourido

Se a asociación editora desta revista se autocris-mou como “Pineiróns”, conxugando o nome da illa que pecha a bocana da ría de Pontevedra co do molusco *Haliotis tuberculata* (L. 1758), coñecido na costa galega como “pe-neira” -aínda que na miña vila do Porto do Son somos máis orixinais e preferimos dicir “sués”- e se a propia revista retrotrae o nome de Ons aos tempos nos que se coñecía como Aunios, non é preciso ser moi agudo para supoñer que existe unha fonda relación entre os fundadores da asociación e do seu órgano escrito de comunicación coa devandita illa.

Faro de Touriñán



Ao longo dos xa 18 números editados, son abondosos os artigos que tratan temas relacionados ou específicos sobre Ons, Sálvora, A Toxa, Arousa, Cíes ou Tambo, illas todas elas incluídas no territorio de proximidade da asociación, como denotan con rotunda evidencia os anunciantes que fixeron posible a publicación da revista ata o presente número. A súa continuidade pasou por intres difíciles, agravándose hoxe pola terrible e estendida penuria económica. Por esta razón e, aínda co desexo de que as augas volvan ao rego e sigan fluíndo os números moitas primaveras máis, por se hai que facer un descanso obrigado, quixen rematar esta etapa retomando o tema das illas de xeito teórico, englobando as xa citadas e incluíndo no lote todas as galegas, aínda que podería facer extensibles os comentarios a todas as comprendidas nas nosas latitudes.

Poderíamos incluso dar un paso máis e engadir as numerosas illas do litoral galego que, desde hai uns séculos, poucos, deixaron de selo para se converter en penínsulas. Galicia, e España tamén, está absolutamente falta de traballos de xeografía histórica, na liña seguida por historiadores como

Samarkin, da escola rusa, ou Leroy Ladurie, da francesa, ou, por non multiplicar as citas, sempre foráneas, polos traballos de Pounds desde a Universidade de Cambridge. A ignorancia que sobre esta grande parcela da investigación hai en boa parte de moitos historiadores peninsulares fainos ler cousas realmente increíbles, pois, sendo a historia algo dinámico por definición, choca comprobar que estes investigadores traballan sobre un territorio físico que, para eles, permaneceu estable e inmutable, cando menos dende a súa concreta etapa de estudo ata hoxe. Esta sincrónica visión da xeografía dificultalles a comprensión da insularidade que figura nos documentos, onde se nomea como illas lugares que, hoxe, son penínsulas, caso de Monte Louro, Touriñán, etc., sen minusvalorar que, ás veces, certas penínsulas, observadas desde o mar, puideron ser tomadas por illas. Aínda no século XVI se dicía que a característica morfolóxica principal da Coruña era “el ser casi una isla” e, das repetidas veces que o mar atravesou o istmo, a máis sonada foi a do 12 de novembro de 1685, cando, entre as dúas e as tres da tarde, as augas do “mar de Orzán” varreron o mariñeiro barrio da Pescadería ata se xuntar coas máis tranquilas do “mar de la playa”, onde hoxe está o porto, pola zona de recheo do Obelisco. Disque os coruñeses se dedicaron a apañar fanecas e sanmartiños, que quedaron ciscados polas rúas tralo paso das augas.

Fálase moito, desde hai uns anos, dun cambio climático que ameaza coa subida do nivel do mar por mor da progresiva desaparición dos xeos boreais. Se os xeólogos nos falan das enormes e repetidas oscilacións que o mar sufriu ao longo do Cuaternario, con períodos nos que as Cíes ou Ons non eran máis que montes en plena terra firme e varios quilómetros afastados do mar, e outros nos que as praias fósiles indican que o océano, por exemplo na Coruña, lambía o que, moitos milenios despois, sería o baseamento da torre de Hércules, os historiadores podemos falar de subidas e baixadas do nivel do mar, así como de movementos epiroxenéticos, isostáticos, que ocasionaron afundimentos ou elevacións da costa de varios metros de altura desde que os habitantes dos castros viron chegar as lexións romanas ata hoxe. Aínda poderíamos referirnos aos aportes sedimentarios dos ríos, facendo avanzar a costa a base de marismas ou xunqueiras, esteiros e deltas, areando e inutilizando portos que foron importantes, como Noia ou Pontevedra, aínda que a acción dos ríos foi aquí insignificante, se a comparamos cos máis de cinco quilómetros que afastan a populosa cidade romana de Ostia do actual porto, Lido de Ostia, e non digamos, se pensamos na cidade de Adria, porto de mar en época de Augusto e, hoxe, a uns 35 quilómetros de distancia do Adriático, mar que

posiblemente herdou o seu nome. Camiñando pola chamada Vía Portuaria de Éfeso, importantísimo porto comercial na antigüidade, non vin trazas de mar, sendo informado de que, agora, batía uns seis quilómetros máis alá.

Nas costas volcánicas, pensemos en Pozzuoli, preto de Nápoles, temos aínda lentos episodios de ascenso e descenso da terra, fenómeno coñecido como bradisismo, que nos permite admirar un fermoso e curiosísimo exemplo no mercado romano ou, máis comunmente, templo de Serapis. Fíxose esta edificación portuaria no S. II d. C. e 200 anos despois xa estaba somerxida varios metros. Volveu emerxer séculos máis tarde, mostrando desde aquela a acción erosiva de moluscos litófagos nas tres columnas que sempre permaneceron ergueitas. Cambios de dirección das correntes mariñas, combinados ou non con algún dos factores anteriores, transformaron moitas illas en penínsulas, como Cádiz, Donostia, Peñíscola, Xibraltar ou, amais dos xa citados Monte Louro ou Touriñán, en Galicia, por non facer un listado, o paradigma do Grove, co seu extenso tómbolo da Lanzada, no que a capela e a torre protexían o acceso sur á Ría de Arousa.

Se as terras interiores están sometidas a cambios xeomorfolóxicos, as costas, por unhas causas ou outras, sofren continuamente mutacións significativas e, en ocasións, catastróficas, e todo o que antecede non é máis ca unha sin-

concertante. Para un mariñeiro da época dos descubrimentos eran inexplicablemente reais.

Pero centrémonos agora non nas ilusións ópticas, senón nas illas reais do noso mar galego.

Cómpre principiar dicindo que as nosas illas estiveron durante a maior parte dos tempos históricos totalmente desertas. Hai nelas restos prehistóricos e protohistóricos, con castros que demostran unha ocupación estable; pero a partires de aí comezan as sombras. Cando a mesma Historia Compostelá nos di que a inseguridade é tal que nin tan sequera podía haber labregos vivindo na costa, por teren que fuxir das incursións dos piratas e se refuxiar en montes e covas, e así todas as primaveras, debemos pensar que a permanencia estable nas illas resultaba imposible. Por iso, só temos restos de ocupacións por parte de eremitas ou monxes. En Ons, doada ao cabido compostelán, en 899, por Afonso III, contamos coa chamada laxe do Crego, un sepulcro escavado nunha rocha que, actualmente, vela na costa oriental, o que denota un evidente cambio do nivel do mar. En 1152, o rei Afonso VII concede a illa central das Cíes (Santo Estevo) ao mosteiro de Celanova, e Afonso VIII de Galicia-León e IX de Castela doa a do sur (San Martiño) ao Mestre Pedro, un crego, pasando á súa morte ao mosteiro de Oia. Todas as illas da nosa costa, amais das citadas, contaron con eremitas e ermidas, e mesmo algunhas con mosteiros e monxes, caso de Tambo e Illa do Santo na ría de Pontevedra, A Creba na de Muros e Noia, San Simón na de Vigo, Sálvora na da Arousa, etc.

Chegou un intre no que as continuadas incursións de berberiscos e luteranos, con escala nas illas para repouso, reparación de avarías, facer augada, preparar ataques ás vilas costeiras e controlar o paso do noroeste, obrigado para tódolos navíos que fosen ou viñesen do continente americano, ocasionaron o despoboamento absoluto. Cómpre indicar que a Illa de Arousa, de grande extensión, no interior da ría e moi próxima a terra, estivo habitada de xeito ininterrompido desde a prehistoria ata hoxe. No número 10 de Aunios fixen notar que a mediados do século XVIII estaban despoboadas as illas de Ons, Onza e Louxo, rozando toxo os veciños de Noalla e Bueu e ceibando gando, de xeito esporádico, nas dúas primeiras, mentres que a illa

de Arousa se atopaba moi poboada por labregos puros, mariñeiros puros e labregos que complementaban a súa economía cun traballo estacional no mar. Haberá que agardar á relativa tranquilidade do século XIX, trala francesada, para que se establecesen colonos nas diferentes illas. Para un profano, a ocupación exclusiva dun illán tiña que ser necesariamente a pesca, cando en realidade ao que se dedicaron inicialmente foi á agricultura e ao pastoreo. É obvio que apañarían polas praias e zona intermareal todo aquilo que puidesen, e que pescarían lábridos desde as pedras; pero este aporte proteínico non sería máis ca un complemento alimenticio. O que si

Carro de vacas en Canexol. Illa de Ons 1977



tética panorámica dun mar e dunhas costas cambiantes, nas que hai illas que están e non están, que emerxen ou deciden apegarse a terra firme. Se a esta realidade tanxible sumamos os relativamente frecuentes espellismos que se producen no mar, non admira que os mariñeiros cresen en illas maravilosas que mudaban de lugar, como a de San Brandán, ao que se representaba celebrando misa á sombra dunhas palmeiras sobre o lombo dunha balea. No Porto do Son dicimos que *ourea o mar*, cando se produce un destes fenómenos ópticos; eu, que tiven a fortuna de presenciarlos con total nitidez en dúas ocasións, podo asegurar que son dun realismo des-

facían os labradores era apañar para as terras o argazo que o mar deixaba nas praias.


Nun bo documental sobre unha das illas do Exeo, dicíase que sempre estivo habitada por pastores, que seguían os seus rabaños de cabras ata que estas, en chegando á beira do mar, retrocedían, facendo o pastor o mesmo. Hai abundosa documentación que fala da ausencia de mariñeiros nas illas do Mediterráneo, e o mestre Braudel, no seu *El Mediterráneo y el mundo mediterráneo en la época de Felipe II*, insiste nesa realidade. No *Breviario Mediterráneo* de Predrag Matvejevic temos moitas alusións a esta carencia, como: “Ao afastarse da costa cara ao centro da illa, a relación co mar varía gradualmente, o interior domina sobre o litoral, o litoral sobre o propio mar. Os habitantes son máis agricultores que mariños, menos pescadores que pastores. Estes fenómenos tamén se atopan fóra das illas”, e máis adiante engade: “Leonardo Sciascia revela, sen ningunha concesión, que os illáns adoitan se subtraer ao mar e que Sicilia non é tanto illa como semella”. Cheguen estas notas para apoiar o que tento dicir sobre a non dedicación á pesca dos habitantes das nosas illas. Agás que nos traslademos á Polinesia, habitada por verdadeiros homes de mar, o habitual era a práctica de traballos agrícolas e gandeiros.

Cando se fala dos mariñeiros de dorna de Ons, estase a falar dun fenómeno moi recente, non anterior á instalación na illa dun almacén de salga na época do Marqués de Valadares e, a partires de aí, xa no século XX, baixo a posesión de Riobó e o seu monopolio do polbo. Outro tanto poderíamos dicir das Cíes, onde, malia tentativas no século XVIII, houbo tamén

que agardar ata o XIX para que se instalasen os almacéns de salga e os seus moradores deixasen de vivir exclusivamente do campo. Antes eran labregos e pastores, non sendo o mar máis ca un cativo complemento alimenticio.


Teño escrito que o home se fixo mariñeiro por absoluta necesidade e que, unha vez que deixou de ser labrego e se volveu mariñeiro entrou nun mundo móbil que foi modelando un novo carácter, un novo temperamento e unha nova cosmovisión: o que diferencia un labrego dun home de mar. Se a meirande parte da costa está orfa de pescadores, moito máis as illas onde por haber non había nin madeira, elemento indispensable para construír embarcacións. A escaseza de madeira constituíu un verdadeiro problema na Europa occidental xa desde as fins da Idade Media, vén-dose na obriga de importala desde a Europa oriental. E se imos ao Mediterráneo, presenciamos o mesmo, pero máis agravado, o que impedía que os habitantes da costa puidesen exercer a práctica da pesca ou do comercio marítimo. Non admira, xa que logo, que o Senado de Venecia decretase, en 1520, que tódolos bosques da República pasasen a ser monopolio do Arsenal, onde se construían os barcos do estado. Nos montes que bordean o noso mar, temos as devesas, chamadas en castelán “dehesas”, do latín “defensa” ou couto pechado. Pertencían ao rei, polo que se coñecen tamén como devesas reais, e a súa función era abastecer de boa madeira os estaleiros que fabricaban os barcos da real armada. Como as árbores do rei non chegaban para a enorme demanda que había, téñense ditado ordes polas que ningún particular podía facer cortes nas súas propiedades sen autorización expresa do Ministro Provincial de Mariña (hoxe chamariámoslle delegado) ou do seu Intendente Xeral.

Nas illas non había árbores, en terra firme había dificultades para se facer con madeira e, se algún illán tiña a tentación de mudar o oficio e se dedicar á pesca, carecía de cartos para mercala, polo que a carencia de barcos impedía que os labregos deixasen de selo e se iniciasen nas actividades haliéuticas. Os mariñeiros de Ons, traballando en dornas ata hai pouco tempo e, hoxe, tripulando barcos desde Bueu, hai cento e pico de anos eran exclusivamente labregos e ata hai dous días aínda se lles podería aplicar aquela cantiga que, hai moitos anos, escoitei en Noia: “O noso patrón é bravo / sabe remendar as redes / ca chavella do arado”. Proceden dunha illa e aínda non chegaron a ser mariñeiros totalmente puros.



Dornas e aparellos en Canexol. Illa de Ons.

Traballando as terras. Camiño de Canexol. Volta do Prado. Illa de Ons 1979



O GROVE: Os contos do tarno (III)

Por: O.A.

Seguimos a recoller contos do tarno de tradición oral recollendo neste caso unha historia real. Dende aquí quixeramos facer un chamamento para que, se sabedes algunha máis, no las fagades chegar para que este tesouro cultural non se perda.

Todos temos oído contar algunha vez algunha historia do tarno. O que mais e o que menos coñeceu algunha das súas falcatuadas. Pero, sempre que as oímos, fálannos de tarnos, por así dicilo, “bos”. Eses que agachan as cousas, rompen vaixelas, revolven todo o que estaba ordenado... Pero hai outros, dos que apenas se fala, que son capaces de amargar a vida das persoas. Iso é o que imos comprobar con esta historia de hoxe.

- “A ver meu filliño. Xa me comentou a miña neta o teu e heiche dar eu un remedio.....”

Quen así falaba era a señora Ascensión, unha muller *desas*, que sabía de *certas cousas* e a que moita xente acudía para solucionar todo tipo de problemas: que si mal de ollo, que si mal de aire, que si un neno entangarañado, que se o meu home ten un algo que ninguén lle da con el, que se a ...

A siña Ascensión era a avoa de Margarita, unha moza moi guapiña que estaba encamada por unha pulmonía. Eu andaba a facerlle as beiras naquel tempo á Margarita e ía visitala con frecuencia pois estaba moi a gusto na súa compañía. Pasábame as tardes falando con ela e, como non, contáballe todo o que me pasaba ao igual que ela a min. Foi así como ela soubo do meu problema co tarno e como ela llo comentou á súa avoa.

Eu levaba tempo con aquel problema. Ao primeiro non lle fixen caso pensando que fora un pesadelo meu, pero ao repetirse varias veces comprobei que non era tal.

O caso é que pola noite, cando estaba na cama adormecendo chegaba o tarno (que eu cheguei a pensar que era o demo) a posuírme. Apertábame o peito afogándome. Eu pelexaba con todas as miñas forzas pero era inútil; e el seguía ata que se cansaba e marchaba. Eu vía que nunha destas quedaría de vez sen respiración pois tal era a forza

coa que me apreixaba.

...Verás- seguiu a siña Ascensión- *Ainda que eu de tarnos sei máis ben pouco e o que coñezo é dos outros, dos que se adican a argallar, non destes outros. Pero supoño que o que serve para uns ha valer para os demais. Cando chegues á noite á casa tes que poñer nunha cunca trece fabas. Ao tarno encántalle contar nelas e ha parar para facelo; pero como só sabe contar ata doce, cando vexa que non pode seguir tolea e marcha para sempre.*

Apliquei o remedio pero... non funcionou. O tarno seguía visitándome de tempo en tempo e a repetir a operación. Era algo que xa non podía aturar e que estaba a volverme tolo.



Durante anos, con máis ou menos frecuencia seguíu padecendo aquel pesadelo. Fun a menciñeiros e meigas pero o único remedio que chegaron a darme era o mesmo de siña Ascensión e sen resultado ningún. Algún chegou a darme remedios contra o demo pois dicía que tiña que ser o demo pero todo foi inútil.

A miña relación con aquela moza tan feitiña seguiu durante un tempo. Na miña casa, insistían en que a deixase pois “*ti es un mozo con todas as posibilidades do mundo e ela é unha muller enferma..*” “*vas ter que coidar dela todo a túa vida*” “*non ves que isto non pode durar*”... Todo isto se repetía continuamente na familia e tamén cos amigos e así un día e outro, e outro...ata que aquilo, quizás por covardía miña, quizás por comodidade, foi esmorecendo e apagándose pouco a pouco. As visitas foron cada vez máis escasas ata que a relación morreu de vez.

Tempo máis tarde botei outra moza coa que casei. Pensei que o asunto remataría aí, ben por cambiar a miña situación ou ben porque mudara de casa. Pero...

...Estaba errado. Aquelas visitas do tarno non cesaron. Era un martirio o que eu estaba a padecer e con trazas de nunca acabar. Aquel pesadelo non paraba e a miña desesperación era tal que tremía só con pensar no intre de chegar á casa. Nunha das ocasións nas que o sentín

e non vin nada. Boteille a culpa ao vento e a choiva e entrei sen reparar en máis. Xa todos estaban durmindo. Tiña a cea alí preparada e mentres ceaba pareceume sentir algo revolvendo pola casa. Fun mirar e non vin nada. Pensei outra vez que o vento sacudiría algunha contra ou algo fóra da casa e non fixen máis caso. Rematei de cear e fun para a cama. Deiteime amodo para non espertar á muller. Adormecín pero ao momento espertei sentíndome apreixado e afogando. O tarno volvera!! Coma sempre pelexei canto puiden sen conseguir nada. Solo cansar e sentir que o aire me faltaba cada vez máis. Ao fin marchou.

Comenteino con varios amigos e algúns riron pensando que fora un mal pesadelo. Sen embargo un deles, Antón, cando xa marchabamos cada un para a súa casa, colleume a un lado e díxome:

- *Xa sei que vas pensar que me burlo de ti pero vouche falar moi en serio. Coñecín outro caso coma o teu e a única solución que funcionou é a que che vou a dar. Cando o tarno che veña agárrao con todas as túas forzas e dille estas palabras que che vou a dicir...*


Marchei tomándoo por un tolo e pensando que estaba a rirse de min. O tarno non me molestou nun tempo. Pero un bo día no que estaba a durmir tranquilamente á carón da muller, sentín que alguén me agarraba. Empecei a bracear para safarme pero non fun quen. Entón foi cando recordei o que Antón me dixera.

Así foi que...botei os brazos e agarreime a el con todas as miñas forzas ao tempo que berraba:

- *Agora son eu o que che vai a dar polo cú !!!*

Escoitouse un alarido que parecía saír do mesmísimo inferno, safou de min e botou a correr berrando coma un tolo ata desaparecer. A muller espertou moi alarmada e calmeina dicíndolle que fora un pesadelo pero que xa pasara todo.


Dende aquela nunca mais volveu a molestarme.



erguínme antes de que el me collera e cunha lanterna, para non espertar á muller, púxenme a buscalo por todo o cuarto. Nestas estaba, mirando debaixo da cama cando...”*Pero home, a que andas?*”. A muller espertara. Acendín a luz pero nada, xa marchara o moi.....

Nunha noite desas de forte invernía na que eu volvía á casa, ao chegar pareceume sentir algo na porta. Mirei

Aínda que vos pareza un conto, isto é unha historia real e aquí está escrita tal e como nola contou o protagonista. Eu limiteime tan só a poñela no papel. Os nomes, claro está, son supostos, pero todo o demais foi certo.



ONS, O MEU PARAÍSO DE ONTE (XII) ADEUS ONS, MISIÓN CUMPRIDA

Por: Julio Santos Pena

Pasaran xa case tres cursos dende aquela soleada mañá en que chegamos á Illa coa incerteza no corazón, o barco de Pancho cargado cos nosos poucos enseres e unha gran ilusión profesional na que sería a miña primeira escola oficial. Agora, no solpor da tardiña do mesmo mes pero tres anos despois, sentado na popa do mesmo barco, miraba con tristeza cómo a Illa se afastaba de min mentres a quilla do buque con rumbo a Bueu, rachaba a prateada superficie do mar arrincando espuma branca a un lado e outro e debuxando estrañas formas que o sol do serán pintaba coas cores do arco da vella. A decisión estaba tomada e o novo compromiso profesional sacábame daquel paraíso onde o meu corpo e a miña alma crecieran naquela fermosa etapa da vida a carón da natureza pura e das xentes daquel enclave da ría que desde ben pequeno tiña visto con certo misterio na distancia, dende as praias do meu Marín natal, como un enorme lagarto defendendo dos perigos do mar a todos os habitantes de terra dentro e dando aviso das súas intencións co refulxente ollo do seu faro que lanzaba, de catro en catro, os raios de luz inequivocamente ameazadores.

Mentres o barco, indiferente, internábase na ría,

Saída de Ons do Azor (O barco de Pancho).
Principio dos anos 70 do pasado século.



na miña cabeza bulían os recordos de tantas historias e anécdotas vividas ao longo daquel curto pero intenso tempo alí vivido que colmara as nosas previas ilusións dende que chegamos un día de finais do mes de outubro sentindo aquel rexeitamento dos poboadores da Illa resentidos por malas experiencias con algún mestre anterior ao que o réxime político lle esixía exercer como “delegado gubernativo”, ata o último día en que, contrariamente, sentira o cariño que os illeños me tiñan reflectido nas

bágoas dalgúns deles no momento da despedida e nas apertas como a de nai ou de avoa que a señora Lola, a nai de Elvira, me dera expresando o seu sentir pola miña definitiva marcha e tamén os seus mellores desexos para o meu futuro alá onde me atopase.

O barco de Pancho afastábase indolente, alleo aos meus sentimentos, e descubría, minuto a minuto, toda a magnitude da Illa na compañía da súa filla a “Onza” que tamén parecía despedirse de min como unha boa amiga. Atrás deixaba a aquel grupo de rapaces e rapazas cos que aqueles tres cursos pasados compartira momentos inesquecibles nun recuncho no que a liberdade de acción escolar era total e onde podíamos cambiar ao noso antollo por mellor conveniencia, contidos, horarios e datas de traballo escolar. Deixaba atrás a aquel grupo de mozos xa fóra da idade de ir a escola que, en cambio, accederán a vir cando llelo permitía o traballo aos que ían ao polbo cos seus país ou irmáns maiores, para recuperar catro coñecementos de lectura e sobre todo de contas coas que puideran conseguir facer os cálculos máis elementais no labor diario, ou mesmo calcular o reparto dos cartos gañados coa pesca da semana entre os mariñeiros. Con varios daqueles mozos conseguira estreita amizade e moitas veces acompañábanme nos adestramentos que facía choutando polas corredeiras ou invitábanme a percorrer as pedras de Curro, Canexol ou Area dos Cans na procura de nécoras, polbos despistados ou dos camaróns que se deixaban ir coa subida da marea a rente as pedras e acababan nos ganapáns para pasar aos caldeiros que acumulaban o resultado da “marea” que faciamos con troula.

A illa facíase agora mais pequena mentres o barco ía gañando mar no medio da ría afastado das referencias de terra. Lembrei entón aquela primeira sensación vivida cando chegamos tres anos antes e nos dixeron onde se atopaban a vivenda do mestre e a escola. Tiñamos pensado previamente que sería unha casa ruínosa como estaban case todas as escolas unitarias galegas daquel tempo, pero a nosa sorpresa foi toparnos cunha vivenda moderna, instalada preto de Curro, con dúas plantas e situada xustamente fronte á escola que tamén era de recente construción e con dependencias cómodas e luminosas. Aquela primeira sorpresa acrecentou a nosa ilusión pola nova vida que nos esperaba e só saír ao balcón da vivenda topándonos coa fermosura da Ría, con Marín ao fondo, encheunos de satisfacción. Cada mañá ao


espertar, abría a porta do balcón e saía para observar os diferentes espectáculos que se nos ofrecían gratuitamente: Os amenceres nos que o sol asomaba lentamente tralos montes do fondo da ría e os distintos estados de ánimo do mar que, unhas veces, acorde co do ceo, amosábase tranquilo e azul sen unha engurra para que as gaivotas e os cormoráns se puideran ver reflectidos no espello da superficie, e outras ofrecían mostras do seu poder coa permanente das ondas producidas polas grandes nortadas ou a furia que o vento do sur lles impoñía para rachar con inusitada violencia contra as rochas, sobre as peneiradas areas das praias ou choutando de lado a lado por riba do peirao facendo inútil calquera aproximación dos barcos mentres as dornas observaban inqedas no alto de Curro os ameazantes movementos do mar que parecía tentar chegar a elas en cada impulso como se quixeran arrebatadas de vez.

Sentado na popa e coa mirada perdida na liña superior que marcaba o límite da illa co ceo mesmo, víñanme as imaxes dos alumnos máis pequenos os primeiros días de escola para eles nos que chegaban con caras de verdadeiro medo advertidos como estaban de que “a letra con sangue entra”, e o mestre era o que tiña que facer boa aquela máxima aprendida polos adultos doutros tempos. Aqueles mesmos nenos días despois amosaban a súa felicidade cada vez que entraban no recinto escolar conscientes de que o perigo non era tal e que alí tiñan á súa disposición un mundo cheo de novidades, color, imaxinación e xogos cos compañeiros no tempo do recreo, actividades que rachaban co seu facer habitual. Aqueles rapaces verdadeiras esponxas de novos coñecementos facían unha festa con cada letra nova que aprendían e deixaban fuxir o brillo polos seus asombrados ollos cada vez que acababan comprendendo o significado dunha palabra ou unha frase escrita no encerado despois de xuntar varias sílabas lidas con certa dificultade. Era para eles un mundo novo e aberto a maior exploración.

No medio daquela viaxe de retorno, empecei a dubidar si sería boa a decisión de abandonar aquela escola e a colectividade de veciños da Illa cos que tan boa sintonía acadéi naquelas anos e decateime de que tampouco me custaría moito desfacer o feito e volver, consciente de que o meu novo traballo nun importante e gran colexio sería radicalmente distinto especialmente dende o punto de vista social pois converteríame nun compañeiro máis do claustro e o meu labor non ía pasar das paredes da aula. Pesaba no outro pratriño da balanza a progresiva deslocalización dos veciños de Ons que tiñan xa decidido na práctica totalidade, abandonar aquel enclave para integrarse nas zonas de Bueu, Beluso ou Portonovo polo que cabía a posibilidades de que máis cedo que tarde, acabaría pechando a escola por falta progresiva de alumnos. Para máis preocupación estaba a miña filla nacida un ano antes, que podería ser

outra damnificada nun espazo de tempo reducido se se chegaba a cumprir aquela negativa previsión pois perdería posibilidades dun proceso educativo axeitado no seu albor vital, algo tan importante para o futuro de calquera neno.

A Illa estaba xa moi lonxe e o sol desaparecerá deixando tras ela un críptico brillo que tinxiu de negro a súa paisaxe recortada agora sobre o fondo celeste debuxando ámbalas dúas partes como sendas manchas ennegrecidas ao fin dun mar que aínda se apreciaba azul. O Azor seguía co seu acompasado “traque - traque”



Espectaculares e belos amenceres dende a Illa de Ons.

fendendo a superficie mariña e, á miña esquerda, apareceu o primeiro cabo de terra. Consciente de que en efecto era a última viaxe asaltáronme recordos doutras travesías moito menos cómodas nin pracentiras na navegación como a daquela madrugada de febreiro cando despois de case dez días de internada en Marín decidimos que era momento de intentar acceder á Illa para o que nos puxemos en contacto co patrón do “Cuatro Vientos”, un pesqueiro que tentaría chegar a Illa para recoller aos mariñeiros e saír a faenar a pesar do mal tempo que aínda persistía sobre todo pola forma do mar de fondo que nos días anteriores impedira o ataque ao peirao. Facendo un exercicio de case irresponsable valentía e coas dúbidas do patrón do pesqueiro, acabamos embarcando rumbo a Ons cando era aínda noite pechada. O “Cuatro Vientos”, un dos barcos máis potentes do porto, saíu ao mar enfrontándose a ondas para min nunca vistas que me fixeron pasar moito medo. A miña dona suxeitaba a nosa filla e apertábase contra min no estreito habitáculo da ponte do barco mentres observabamos a aparente tranquilidade do patrón curtido naquelas batallas do día a día pero que, aínda así, movía a cabeza de cando en vez e dicía:


-Non sei, non sei se poderemos atracar na Illa

Xa no medio da ría o mar parecía máis embravecido e comezamos a sentir verdadeiro pánico

porque o “Cuatro Vientos” montaba sobre as ondas e, dende o cumio delas, apreciabamos as sinais luminosas do faro de Ons pero, inmediatamente despois, o barco sumíase nunha verdadeira cova cunha enorme parede de auga diante da proa que parecía querer derrubarse sobre nós, para volver a empoleirarnos de novo no cumio cun balanceo que semellaba os últimos movementos do buque antes de afundirse de forma definitiva.

-Non teña medo – dicía o patrón tratando de tranquilizarnos co seu natural sorriso – isto é normal.

Os temporais e as marusías deixan impracticable o peirao de Ons.



Así fomos aproximándonos á Illa e o patrón volveu a expresar as súas dúbidas de que puidera facer a manobra para atracar no peirao onde un grupo de persoas, a maioría mariñeiros, e algunhas mulleres, esperaban na escuridade para incorporarse aos barcos que conseguirán chegar.

Chovía e aínda era de noite cando arribamos ás proximidades do peirao. O mar parecía ter algo máis de tranquilidade pero as oscilacións das ondas seguían sendo un problema. O patrón, que decidiu que non era día de pescar e volver a Bueu fixo, en cambio, unha primeira aproximación polo norte do peirao para tratar de deixarnos a nós na Illa, e volveu a intentalo pouco despois ata conseguir que os mariñeiros de terra recolleran os cabos. O barco acercou a banda de babor que subía e baixaba con respecto a escala. Un mariñeiro saltou a terra case sen dificultade e a min pareceume que non estaba todo perdido. Aquel mozo quedou na escaleira para axudarnos a desembarcar mentres o patrón mantíñase na ponte manobrando as aproximacións. Outro mariñeiro colleu o vultiño que formaba a miña filla de poucos meses envolta no mantón para entregarlle ao seu compañeiro en terra mentres lle dicía:

-Agora se che parece que che caía ao mar e non vaía a ser que collas só o mantón.

Aquelas palabras ditas en broma asustáronme, non obstante, e estiven a punto de dicirlle ao patrón que retornábamos con el a Bueu. Non me dou tempo porque

a nena estaba xa en terra no colo dunha muller que a ecollera de mans do mariñeiro e decateime de que non quedaba outra que saltar tamén nós. O mar non estaba moi de acordo coa decisión pero finalmente, grazas a os esforzos da tripulación do “Cuatro Vientos”, conseguimos saltar, primeiro a miña muller e finalmente eu. O barco tomou novo rumbo a terra e, xa recuperada a tranquilidade, puidemos oír uns aplausos que os mariñeiros e as mulleres reunidos en terra nos dedicaban

-“Valientes”, “Valientes” - dicían mentres chocaban as palmas das mans estrañados pola nosa chegada en aquelas condicións.

Agradecín aquelas mostras de apoio pero para os meus adentros pensei que nunca máis me vería en semellante circunstancia porque valía unha primeira vez para aprender.

O Azor superou a Pedra Cabalo cando anoitecía. A imaxe da Illa desapareceu cando fixemos entrada no porto de Bueu e decateime de que, durante a hora e cuarto que durara a viaxe, non me moverá do sitio. Naquel tempo de travesía pasaron pola miña cabeza centos de recordos e de imaxes dos anos vividos na Illa. Recordei nun intre como se pasase lista as caras dos illeños cos que compartín centos de conversacións e algunhas partidas de tute: Checho, Avelino, Cesáreo, Francisco, Delmiro, Manolo “O Pequeño”, Olegario “Cambados”, Quiano, Eugenio, Benito, Ramiro, Manolo Otero, Antonio, Manolo “O Terco”, Estrella, Lola, Elvira... e un sinfin de amigos que para sempre han quedar gravados na miña memoria



Algúns dos illáns cos que compartía centos de conversacións: Manolo Reiriz, Manuel, Francisco, Antonio, Cesáreo, Méndez....

Aquela extensa páxina da miña vida profesional deixárame verdadeiramente marcado e sospeitei que sería unha das máis felices, se non a mais da miña vida. Atrás quedou a Illa e a súa xente, a miña xente. Por diante o resto da vida con novos retos e responsabilidades.

Cando Pancho arrimou o costado do Azor ao peirao erguinme do meu asento na popa. O motor parou e fíxose o silencio só rachado polas ordes do patrón para o amarrado do barco. Na miña cabeza repetíase como un exercicio de conformidade: **Adeus Ons, misión cumprida!**

O YAPEYÚ

Por: Lolita Aguín

O mar forma parte da vida dos groveses, non podía ser de outra maneira posto que nos rodea. Sen embargo non somos insulares aínda que si o foron os nosos antergos ata que o mar se apartou xenerosamente para nos ceder o paso a través dun camiño amplo onde, por un lado, morre mansamente a ría de Arousa e, polo outro, está o Atlántico profundo. Así, desta maneira, ao xuntarnos coa Revolta convertémonos en continentais. Coido que este lugar debe ser un dos máis fermosos do mundo.

Este quixera fora un relato que recolla as vivencias dun rapaz do Grove que ao longo da súa vida foi gardando nalgunha parte da súa memoria feitos sen relevancia aparente, pero que, sen que se saiba a razón, as máis das veces son os que permanecen. Imaxes inconexas, instantáneas non recollidas polo obxectivo dunha cámara van aflorando e a memoria, que é selectiva, fai o seu labor reescribindo as historias ao seu xeito, unhas veces resaltando, outras esquecendo



Istmo da Lanzada. camiño amplo onde, por un lado, morre mansamente a ría de Arousa e, polo outro, está o Atlántico profundo.

Espertei cedo, polo ruído que facían as *sequeiras* falando sen parar debaixo da miña ventá, mentres esperaban que baixara a marea.

Prestei atención ao que dicía Concha - así puiden oír que lle chamaban - que estaba a contar unha historia que lle tiña escoitado a unha veciña no río cando foi a lavar a roupa o luns cedo:

Xa estabamos na cama o meu home e mais eu e oín un ruído de pasos na cociña. Asusteime. - Non oes ese ruído?- gritei.

Tamén o meu fillo espertou: - Vou baixar. - dixo- Teño que saber quen anda aí a estas horas, a quen pertencen esas pisadas.

O meu fillo é un mariñeiro alto e forte que se adica a arte do espello.

-Non baixes ti só fillo, podente mancar. - dixeron os pais moi asustados.

-A quen, a min? -argallou, encoraxado.

Baixou a toda prèsa pero, contra a súa vontade, empezou a tremer. Armándose de valor, acendeu a luz. Daquela as luces alumeaban pouco polo que así de pronto non veu a

ninguén pero, guiado polo ruído, descubriu aos causantes do seu espertar e do susto que veu a continuación.

Dous enormes centolos que collera o día antes escapáranse do salabardo que deixara na cociña e paseábanse pesadamente polo chan da sala. O mozo non daba creto, pero... De verdade que o grande susto viña causado por semellantes “inimigos”?

-Que está pasando aí!! - berraron os pais-. A contestación foron grandes gargalladas.

-Mi madriña de Dios!! O rapaz toleou co medo! - exclamou a nai ao oír aquelas risas que non viñan a conto.

-Baixade, baixade! Xa atrapei aos ladróns, xa están presos... E tanto que estaban presos. Agarrounos polas patas dianteiras e alí apareceu diante dos pais cos centolos erguidos ao ceo a modo de trofeo. Acabaron os tres tirados polo chan coa risa.

- ...Poñede auga a ferver, estes “ladróns” xa non nos dan mais sustos.

Carioca” e “Se va el caimán” que por certo son as miñas preferidas.

Cando entrei no salón xa estaba medio ás escuras e empesaban a se acender as luces de cores. Cando era pequena encantábame andar da riba pa baixo polo corredor pa ver como todo cambiaba de color, o escenario, as lámpadas “cuncha” das paredes e ata as caras da xente... E así ían pasando dunhas cores a outras ata que soaba o último timbrado pa empesar a función. O primeiro era o Nodo -bastante aburrido porque sempre saían os mesmos- e por fin a película, que era sempre boa (pa iso se anunciaban como: Cine O Marino “La sala de los máximos triunfos”...) A película que puxeron onte foi moi bonita “La mujer marcada”. Foi de chorar.

-Pois a min -dixo Amelia- a que mais me justou foi a do domingo: “Rebeca”. A semana próxima botan: “Lo que el viento se llevó”, se queres vela hai que ir sedo a sacar a entrada, senón temos que estar no corredor e, se se acaban as sillas... xa sabes, de pé.

-E por certo, con quen fuches de parella pa entrar de balde?

-Levoume Curelas, non me gusta ir con el, porque sempre saca a entrada pa general, nunca pa butaca ou sillón, pero era o único que estaba libre, senón ía con el, tiña que pagar as tres pesetas da entrada...

-Pois valeríache a pena por iso, porque Robert Taylor non é dende logo. - dixo Marina a Meca, a mais nova do grupo

-Mira quen saíu, e quen es ti pa opinar destas cousas que aínda es unha tatana? Cala a boquiña, senón non vés máis con nós.

-Oistes, mecas, vaia leria que tedes ... Ímonos xa pa praia -Non teñas tanta présa Mucha, onte fomos máis tarde e eu inda collín dous bioles a bordincar, ou a cajulo, se che cadra mellor dicir, de ameixa, e mais unha cacharreta de birbirichos, ata que o mar nos botou fóra.

-E logo, ti colles os birbirichos? Polo que dan por eles non vale a pena nin pañalos.

- Pero eu apáñoos pa comer, gústanme de todas as maneiras, non os distingo das ameixas.

-Por certo, onte non viñeste á seca, a onde foste?


-Tiven onde ir ...

-Tiven onde ir...mira que contestación – iso chámase falar pra feira, con claridade, vaia.

-Pois por iso

-Non teño janas de leria, esta que se chama Dorinda vai pa seca xa. Hoxe non espero a que o mar me bote fóra. Á tarde vou axudarlle a miña nai a coser no forno (Risas)... -Porque vos rides as da Revolta ?

As sequeiras no Grove. Anos 50



Eu tamén me estaba a rir co conto cando miña nai veu a levantarme para ir á escola.

- Déixame un pouco mais mamá que inda é cedo a ver se as sequeiras contan mais historias. As conversas entre as sequeiras non paraban:

-Dorinda, onde fuches onte? Vinte pasar á tardiña por diante da miña casa, toda repeiteada e cos zapatos novos -Pero Concha, onte era venres. Non sabes que o venres hai función Fémina no sine Marino?

-Pois mira, non me din de conta, como non salgo polo loito, nin me acordo en que día vivo.

-Onte fun sedo para o cine -estaba a contar Dorinda- aínda os altavoces se oían na rúa, estaban tocando “José

-Porque nós dicimos cocer no forno e a vós ás mecas dávos igual coser a roupa ou coser o pan.

-Mira, en todas as partes cosen fabas. -dixo a do Grove- O outro día unha mosa da Revolta disíalle a unha señora, que falaba castelán, que as cebolas que estaba a vender na praza "te eran de La Revuelta".

-Xa me amolastes, meca do demo -pero iso non quita que siga sendo certo que as fabas non se cosen, co-cen-se....

De repente todo quedou en silencio. Parecía que se foran todas xa. Mirei o mar a través da ventá mentres me vestía. De que cor está o mar hoxe mamá?

-Estará azul supoño

-Pois eu non o vexo azul. A miña avoa dicía que ninguén o ve da mesma cor, porque o mar non se ve só cos ollos...

Oín que me chamaban desde a rúa. Era o Xouba que me estaba esperando. Levaba tempo sen velo. Estaba moi peiteado, levaba unhas zapatillas novas -el que

sempre ía descalzo- e vestía a roupa dos domingos.

-Vas o médico?, pregunteille.

-Non, voume con meus pais pa Bos Aires, voume pa sempre.

-Pa sempre?

-Si, nun barco moi grande que se chama Yapeyú. O Yapeyú sale de Vigo pero de aquí saímos no *coche de línea*.


-Entón irei a dicirche adeus ao *coche de línea*.

-Non, non veñas alí, que se chora moito. Choramus cando se foi meu tío tamén no Yapeyú. Case todos os de aquí que se foron pa Bos Aires embarcaron no Yapeyú en Vigo e nunca volveron, porque din que alí hai unha fartura para comer: carne todos os días, leite, pan branco..., e por iso meu tío nos mandou as pasaxes po Yapeyú, nos vamos pa sempre pa Bos Aires.

- Oíches Xouba, limpa os ollos, telos mollados .

-Non teño pano da man

-Espera que chos limpo eu co meu.



COLABORA:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

INTRODUCCIÓN Á FALA DA ILLA DE ONS

Por: José Manuel Dopazo Entenza

Dende 2010, levo recadando textos orais da Illa de Ons para a realización da miña Tese de Licenciatura sobre a fala deste lugar. Para ese fin, entrevisteime con preto de 50 persoas, ben na propia Illa, ben nos lugares de residencia actuais de illáns e/ou descendentes de illáns. Con este traballo quero dar a luz os trazos distintivos desta comunidade no ámbito falado e a persistencia ou non que teñen determinados trazos fonéticos, morfolóxicos, sintácticos e entonativos.

Do amplo corpus oral que posúo, fixen unha pequena escolla que fose suficientemente representativa (30 textos de 24 informantes). Eses textos fun pasándoos dun formato de audio ó escrito de xeito semifonolóxico, é dicir, o máis aproximado posible á realización fonética, sen perder de vista nunca a norma escrita. Unha vez transcritos os textos, xa teño unha imaxe das realizacións lingüísticas de persoas entre 19 e 97 anos que crean unha liña de continuidade que se poderá apreciar ó ler este traballo.

Estes 80 anos de diferenza entre o falante máis vello e o máis novo contribúen á división en xeracións. Unha vez feitas e transcritas as gravacións, a cohesión lingüística entre os diversos informantes permítiume distinguir tres grupos claros de falantes: un primeiro que abrangue as persoas nadas antes dos anos 1950; outro grupo é o das persoas que naceron entre os anos 1960 e 1970; e, por último, o grupo de persoas nadas dos anos 1980 en diante

O grupo de persoas nadas antes dos anos 1950 abrangue os informantes dende 1915 ata 1959, un período temporal moi vasto (cerca de 45 anos), mais que presenta unha uniformidade lingüística enorme. Todos estes informantes naceron na Illa de Ons, pasaron a súa adolescencia e mesmo casaron alí, o que potencia esa uniformidade e cohesión lingüística.

Coido que esta xeración debería reunirse baixo a etiqueta de Xeración Primixenia xa que, como dixen máis arriba, son un grupo amplo e a caracterización case pode vir só de ser a primeira das xeracións por orde de nacemento.

O segundo dos grupos é o comprendido por persoas nadas nos anos 1960 e 1970, un período temporal menor có anterior (a metade: 20 anos) e que presenta unha vacilación lingüística moi grande. Todos estes falantes naceron en Ons (salvo algúns que xa naceron “en terra”, como eles mesmos din), pero viviron moi pouco tempo alí, pasando a súa mocidade e, na maioría dos casos, casando con persoas que non son oriúndas da Illa.


Cabe destacar que esta foi a primeira xeración que accedeu a un estudo medio e superior (algúns informantes teñen carreira universitaria). O feito de teren un nivel de estudos maior cós informantes do grupo anterior fainos máis propensos á variación diafásica. Amais, foron dos primeiros que comezaron a ter estudos de galego e en galego na escola, o que reforza o feito de empregaren variedades lingüísticas propias da norma, mais sen abandonaren nunca as súas propias.

Xa que este grupo xeracional naceu na Illa e, posteriormente, marcharon vivir lonxe dela, mais sen perderen nunca o contacto con ela, coido que a etiqueta Xeración do Exodo pode ser a que mellor recolla a súa situación.

O terceiro grupo fórmalo aquelas persoas nadas nos anos 1980 e 1990, fillos ou netos de illáns asentados en Beluso, Cangas, Portonovo e, maioritariamente, en Bueu. Estes informantes non naceron ningún deles na Illa e as súas relacións sociais viron un maior incremento no tocante ó lugar de

orixe, é dicir, que están máis en relación con xente que non é de Ons do que con xente da propia illa.

Ademais, todos eles son persoas que accederon a un estudo medio e superior ou que inda o están a cursar a día de hoxe. O galego normativo e o estándar oral, como eles mesmos din, “papárono en boca”, é dicir, que o tiveron sempre presente a través dos medios de comunicación, dos libros de lectura e de texto, das clases, dos actos públicos, da publicidade... medraron nun entorno no que hai unha norma definida e, máis ou menos, explícita. Isto fai que estes falantes teñan en todo momento presente esa normativa e ese estándar oral á hora de se veren gravados,



é dicir, no momento en que se atopan ante unha situación máis formal e menos distendida.

Isto deu pé ó intento de ocultar realizacións, por exemplo, gheadófonas, seseantes, evitación de fenómenos fonéticos e morfolóxicos que poidan estar mal connotados socialmente, como poden ser a prótese, a aférese ou as formas non hipercharacterizadas do demostrativo neutro.

Tamén se percibe no léxico en tanto que procuran empregar formas normativas (*avó, polbo, tradicionais*) e mesmo evitar fenómenos propios da zona e que, curiosamente, si gozan de prestixio entre os falantes non só de galego, como pode ser o uso do arquilexema *mirar*, o cal tentan alternar co verbo *ver*.

A esta xeración, pola súa xénese (todos nados fóra da Illa de Ons, con relacións sociais con xente non colona a pesar de ter forte relación coa sociedade da illa e seren descendentes de illáns), coido que se identifican ben coa etiqueta de Xeración Alóctona.

1. TEXTOS ORAIS DE ONS

A continuación presento tres textos (un de cada unha das xeracións antes descritas) e un breve comentario lingüístico a respecto de trazos fonéticos por todos coñecidos como a gheada e o seseo. Tamén farei algo de fincapé na morfoloxía e léxico. Estas tres liñas de estudo son as máis perceptibles e, precisamente por iso, penso que son as máis axeitadas para exemplificar a distribución que fago en tres xeracións.

Xeración Primixenia (muller, 80 anos)

È máis adiante, alí ê O Caño, iso, máigh p'adiante. Un, un, un, un, un nòmbre, com'outro, O Caño; è'nriba chámaml'O Chan da Pòlvora, onde vivia[mos], onde vivimos, onde nos naçémor nòs. Aquí estaba meu pai, miña nai. È dispois nôse, cando nos cazamos, tiñámose, tiña meu paie, unha cort'è arreghlámola è'ntónçese, mentres nòs non topabamos outro çitio, pois, viviamos èlì. È inda'stá èlì, rapaç.

Xeración do Éxodo (muller, 50 anos)

Por iso èu cando vin que viñ'aquí a vivir miña cuñada, dixen èu: -A min deprímeme vir en setièmbre á Illa. Marchamos pá parte de atrás è pasou un trasatlántico, sabes? Empeço èu a chamar! Como deçindo: -Marcha tod'o mundo è'u quedo aquí, sabes? Mi má, chorei, recòrdo... Por iso odio en setièmbre vir á Illa porque, si, de verdade! È tiña dèç anos daquèla, però deprímeme, è melancòlico, no-me gust'a Illa en setièmbre porque è triste, verdá? Mira, sa se mira.

Xeración Alóctona (home, 20 anos)

Meu avó inda conserva moito material de, de pesca tradicional, inda pesca coas canas tradicionais è tèn a raña, co, co que se pescaba o pòlbo coa dòrna, non tèn dòrna, però tèn a ves[es], a veces déixalle algún[s] veciños d'alí déixanlla, como favor, è, pch, [o que] pasa, claro, agora coa idade vai perdendo un pouco, non, non lle deixamos ir tanto ás pèdras porque ê peligroso.

2. ESTUDO LINGÜÍSTICO DOS TEXTOS

Na primeira das xeracións vemos un uso constante da gheada, non atopamos ningún exemplo no que caiba a posibilidade de non gheada, feito que mostra a estabilidade que esta xeración ten. Na segunda, a gheada é un elemento circunstancial e que, neste exemplo, nin aparece (*no-me gust'a*). A última das xeracións está moi guiada polo estándar oral, o que fai que este rapaz non presente en ningún caso gheada.

En canto ó seseo, a Xeración Primixenia presenta o seseo tradicional e propio da zona (fricativo laminal). Na Xeración do Éxodo, ese seseo vese modificado substancialmente (fricativo apical) e mesmo transmutado nunha fricativa interdental (é dicir, non seseo); neste exemplo, temos aparición de seseo na súa variante tradicional (fricativo laminal) en casos como (*deçindo, Empeço, dèç*). Por último, a Xeración Alóctona presenta maioritariamente a fricativa interdental (*tradicional, veces, veciños*) e, nos casos de seseo, aparece case exclusivamente a fricativa apical (*ves[es]*).

Entrando xa no tema do léxico, podemos observar a influencia da normativa tanto oral coma escrita xa desde a Xeración do Éxodo. Como mencionei máis arriba, esta xeración foi a primeira en acceder ó galego como materia de ensino e este feito potenciou pequenas modificacións na súa fala e na fala tradicional, neste caso, da Illa de Ons. Como exemplo temos o uso de *verdade* no canto de *verdá*, que sería o esperable tradicionalmente. Tamén poderíamos citar o termo *melancòlico*, xa que é unha innovación léxica que dificilmente atoparíamos na Xeración Primixenia.

Mais certamente é a Xeración Alóctona a que se mostra máis propensa a esta variación ou innovación. Neste informante atopamos, igual ca na anterior, o uso de *idade* no canto de *edá*, motivado pola norma. Amais, tamén aparecen formas restablecidas e aceptadas socialmente como son *avó* ou *pòlbo*. O feito de que as clasifique como formas innovadoras non indica que sexan formas novas ou conceptos semánticos que non existisen anteriormente, senón que me estou a referir a que son formas que perderon o seu uso habitual (normalmente entre as últimas persoas da Xeración Primixenia e na maior parte da Xeración do Éxodo) e que, a día de hoxe, están a ver unha implementación que favorece o seu uso.

Sería, do mesmo xeito, interesante comentar a forma de plural *tradicionais*, xa que é unha construción completamente allea na Illa de Ons mais que, por mor do potencial que ten a normativa, estase a converter nunha forma culta para a creación dos plurais das palabras oxítonas rematadas en -l.

Na liña destes elementos comentados, podería continuar pois, pese a seren pequenos os textos, teñen moitos trazos lingüísticos verdadeiramente interesantes como para comentar en varias decenas de páxinas. Por causas de espazo, esta vez o artigo remata aquí, coa posibilidade de continuar explicando máis características da fala de Ons en artigos posteriores.



ONS: FRAGMENTOS DE LA MEMORIA ROTA

Por: Ana Liste*

Fue en 1973. Estudiaba en París Antropología y Comunicación y aquella Isla desconocida para mí hasta entonces de alguna forma me llamó. Seguí aquella llamada. Envié desde París una carta apenas dirigida a un imaginado Señor Maestro, Isla de Ons, Pontevedra, solicitando mi acogida en una casa de pescadores y el maestro, que se llamaba Don Santos, respondió afirmando que me recibiría en una vivienda humilde la familia de Manuel Reiriz Otero, alias El Terco

Desembarqué en Ons en Marzo de 1973 con la firme intención de fotografiar y observar aquella comunidad, sus costumbres y su cultura. Tenía 20 años y en la Isla se había corrido la voz de mi llegada. Por alguna causa que nunca entendí esperaban una viuda de cierta edad y les rompí los esquemas como ellos me los rompieron a mí, seguramente por eso aquellos colonos y yo mantuvimos durante dos años una relación de profunda amistad, basada en una comprensión solidaria, en el respeto recíproco y en la mutua sensibilidad.

La Isla de Ons fue decisiva en mi vida. En ella aprendí a amar al planeta y las gentes que lo habitan con el corazón, eso me enseñaron los isleños pero mi estancia fue breve, después creo que llegó el invierno, ellos forzados a abandonar aquel lugar amado hasta las trancas y yo en la misma situación emprendimos viajes diversos.

Los isleños conservaron su lengua y su cultura libres de toda influencia hasta que fueron forzados a abandonar Ons.



Al otro lado del mar los colonos se fueron instalando lejos de la isla amada y yo, tras aquel aprendizaje dulce y cortante, me

fui desplazando como ellos hasta llegar al país africano donde he vivido los últimos 18 años de mi vida, cuyos bosques defendiendo como antes defendí aquella comunidad que con su rudimentario y bellissimo lenguaje, muerto para siempre en su expresión pero no en su sentimiento, me mostró una humanidad que ninguna universidad habría podido enseñarme.

En Marzo de 1973 embarqué en El Cro, que era el valiente capitán de los barcos pesqueros de la Isla. La travesía de Bueu a Ons fue pacífica, creo recordar que eran dos horas intensas de navegación en la cubierta del barco, a la altura de las olas.



La familia de Francisco Martínez Sampedro hizo de la vieja escuela que habitaba un lugar de encuentro fascinante.

La primera imagen que recuerdo de Ons fue la bandera de la República pintada en las chimeneas que había pasado desapercibida hasta el final del franquismo, porque la Isla misma era una pura República, no había policía, no había estructura de gobierno, apenas había un pedáneo isleño, Checho, el enemigo común que cobraba el alquiler de aquellas casas humildes para el Icona, que tenía la llave de la luz y de la gestión dudosa del combustible de la dínamo, que tenía el único teléfono en su bar donde servía *caldeirada* de pulpo a turistas, visitantes y caciques y había habilitado el local médico convirtiéndolo en pensión, arruinando así la última esperanza de aquellos colonos sabios, humildes y dignos.





MAQUIEIRA
PESCA DEPORTIVA

Plaza de España, 4
Teléf.: 986 851 814

PONTEVEDRA





La falta de un puerto dificultaba gravemente el transporte de la ganadería. Las dificultades de embarque afligía hasta tal punto a las mujeres que llegaron a pedir que alguien inventase algo para prescindir de las vacas. Al contrario de los isleños, que no entraban en el mar donde muchos habían perdido la vida, las vacas sabían nadar.

La penúltima esperanza ya la había arruinado poco antes el Plan Badajoz, que en vez de destinar su presupuesto a la construcción del puerto de abrigo que necesitaban imperiosamente para su supervivencia los habitantes de Ons, formidables pescadores, construyó en su lugar construyó una iglesia para aquella comunidad donde el cura llegaba de tierra sólo para los funerales, construyó un teleclub y un dispensario para el médico que jamás tuvieron en la Isla.

Con aquella obra faraónica e innecesaria fulminaron la esperanza de los isleños que clamaban por un puerto de abrigo desde décadas atrás, provocando así el abandono de una comunidad que había conservado un patrimonio étnico, cultural y humano de valor incalculable.

Posteriormente, hacia 1980 elaboraron un anteproyecto para declarar a Ons Paraje Natural Singular, no se tomaron la molestia de leer el proyecto que presenté con fundamento en el apoyo que aquella comunidad necesitaba y apenas regularon la conservación del paisaje y de la fauna olvidando la protección que necesitaban los seres humanos que habían habitado y conservado aquel lugar desde tiempo inmemorial, manteniendo viva contra viento y marea una cultura de valor incalculable que se perdió para siempre.

HABITANTES DE ONS

Conservo los trabajos sobre Ons de Alvaro das Casas y de Salustiano Portela Pazos. En ellos se identifica Ons con la Aunios de Plinio y con la Aones que donó Alfonso III el Magno al cabildo de Compostela en el 899.


Portela Pazos apenas menciona a Didio Riobó, el último "amo da ilha" como todavía le llamaban con total naturalidad los colonos cuando llegué a Ons en 1973, como le llamaba Cachote, al que también menciona de pasada Alvaro das Casas, el carpintero de ribera que Didio Riobó, el "señorito", había contratado en la Illa Arousa hacia 1920 para ayudar a los colonos en la construcción de sus propias dornas.

Cachote, con una expresión de pez mítico trajinando en su taller al cielo abierto al pie del muelle me contó que Didio Riobó, el "amo", había sido republicano y justo; que cobraba apenas de los colonos lo que podían pagar; que vestía, calzaba y socorría a los desprotegidos; que pagaba la pesca con dinero y bonos canjeables en el almacén siempre provisto; que "algo" había pasado entre la esposa de Don Didio y una familia de conserveros de Bueu y que finalmente aquel "amo" que tanto les apoyó supo que un paseo falangista se dirigía hacia la isla y aquella misma noche se despidió de la gente antes de ahorcarse en el viejo almacén de salazón, por la mañana, la criada que tenían, lo encontró.

Nadie hablaba en la Isla de Don Didio más que con medias palabras pero conservaron el recuerdo del "amo" con un respeto reverencial, todavía en 1973 esperaban una señal de su esposa, residente en Madrid, que jamás se produjo y conservaron, pintándolas cada año en las chimeneas, la bandera de la república y con ella conservaron, unidos, el desapego y la indiferencia por las cosas del Régimen y de la religión con la que contaban apenas para los funerales substituyendo la falta de un Dios que no parecían necesitar con una intensa tradición que, esta sí, mantuvieron viva y palpitante hasta 1973.

Durante mi convivencia con los colonos de Ons censé 92 casas y 400 vecinos que aquel mismo año se preparaban a regañadientes para salir de a Isla hacia lugares próximos de la costa.

El Terco era un verdadero maestro en el arte de capturar pulpos, cuyos "laños" o escondrijos conocía mejor que su propia casa.



Avelino Patiño y su esposa Carmen Sampedro que como única mejora pretendía que alguien inventase algo para no tener vacas -ni necesidad de ellas decía agobiada por el trabajo- compartían el lugar de Caño con Manuel Reiriz y Lucía Sampedro, habitantes de la casa que me alojó repartida como todas en cocina, sala y dos alcobas, una de las cuales compartí con Juanita, su hija, hermana de Manolo, el chaval que años después se acurrucaba por las noches llorando junto al horno de la panadería de Bueu porque no soportaba la dureza del trabajo de pescador.

En Canexol vivía Francisco Martínez Sampedro, esposo de Rosario Patiño, propietarios del "Cro" donde me enseñaron el arte de trabajar con nasas, pescadoras a destajo, habitantes de la vieja escuela de la Isla con los que compartí mesa y mantel durante tantas veladas a la luz de los candiles.

En Cucorno Celso Otero y María Vidal propietarios del "Volador", Emilio Pérez Patiño y Josefa Lopez Otero, con 20 años en 1973, joven esposa de armas, representante del matriarcado dominante en la isla que entonces ya era capaz de subir a su marido en volandas desde el puerto al faro porque había "mirado" a una viuda en Bueu.

Con ellos vivían los inolvidables Eugenia y Candiño, en teoría con alguna debilidad que en mi opinión nunca fue tal dada su rebelión contra la invasión de incongruentes que sufrió la isla a finales de la década de 1970, excéntricos que paseaban su desnudez entre los isleños seriamente ofendidos también por el mal uso que aquellos intrusos hacían de las fuentes y lavaderos, sagrados y respetados por los habitantes de Ons que veneraban el agua dulce desde tiempo inmemorial.

Eugenia controlaba a los okupas y Candiño incendiaba sus casas, las incendiaba con tal escrúpulo y calculada minuciosidad que el fuego llegó a ser para él como la esposa que nunca tuvo

pasando este amor tardío a incendiar, después de las casas ocupadas, los rastrojos y los pinares.

Carmen Pérez Otero, 26 años, viuda, madre de siete hijos, substituyó a su esposo en el trabajo del percebe.



En Cucorno vivía también Carmen Pérez Otero, viuda, 26 años, madre de siete hijos. Alumbró a los cinco primeros con la ayuda del hijo de la señora María. Su esposo recogía percebes para alimentar a su numerosa prole. Recuerdo como si fuera hoy el día que el mar se lo llevó porque los niños comenzaron a correr en absoluto silencio los caminos de Ons, recuerdo el funeral, el ataúd iluminado, el miedo a la Santa Compañía en la Curva de la Mano al regresar del velorio. Y recuerdo los trabajos de la joven madre que por tradición y embarazada tuvo que substituir a su esposo en la dura faena del percebe que se lo había llevado.

Recuerdo el quejido de la señora María cuando aquel percebeiro, su único hijo, se perdió, todavía llevo ese quejido clavado en el alma, "meu filliño meu amor..." Carmen, la esposa viuda de Cucorno, dio a luz completamente sola a sus dos gemelos póstumos.

También recuerdo a Ramiro y a su mujer, Aurita, que recorría la isla pidiendo como un mendigo cuando sus hijos

BAR LONXA

PORTONOVO

Teléf: 986724333

* ALBARIÑO

ESPECIALIDAD

*PESCADITOS

*MARISCOS

EL PUERTO. CÓMODA TERRAZA

enfermaban, conservando y transmitiendo la esencia de la cultura celta, que tanto sabe de rituales de humildad ante lo adverso.

A pesar de mi insistencia en contra, los pescadores de Ons me dejaban “el quiñón” dos veces por semana cuando dejé la casa del Terco para instalarme en otra casa que me atribuyó el Icona. El “quiñón”, una porción de la pesca destinada a la alimentación de las familias de los marineros de los barcos, era extensivo a las mujeres con marido ausente por acuerdo tácito de los patronos isleños, cuyas mujeres distribuían la paga semanal a las respectivas tripulaciones con las ventanas echadas por pudor matriarcal.

La misma tradición empujaba a las esposas de los marineros enfermos a sustituir a sus maridos en las faenas de pesca, generalmente nocturna, trabajo al que acudían furtivas en el silencio de la noche como queriendo ocultar la enfermedad de sus esposos y el relevo que de ellos hacían en los durísimos trabajos a bordo de los barcos, tareas que ellas asumían

Manolo El Terco y Lucia resistieron hasta el último momento en la isla por la que sentían un intenso apego.



discretas pero orgullosas de una supremacía matriarcal que sus compañeros reconocían y respetaban.

Ellos me mostraron “a cova dos mouros”, de entrada angosta y largas galerías, al pie del Castro, donde, me dijeron, un intrépido isleño que penetró en tales profundidades encontró un gran toro de cuernos de oro que le embistió causándole la muerte, el Minotauro de Ons, un laberinto que guardaba

***Ana Liste es el pseudónimo de Ana Fernández Alonso, escritora y periodista que actualmente dirige una concesión forestal en Mozambique.**

*** Imágenes: Ana Liste. Prohibida su reproducción a todos los efectos legales.**

*** Este artículo va en castellano por expreso deseo de la autora.**

celosamente tres barriles de pólvora, veneno y joyas, léase el camino intrincado y violento que delimita el difícil acceso al Grial, al Conocimiento.



Los isleños cultivaban y amaban la tierra defendiéndose con hondas de las plagas de cuervos que la asolaban.

Ellos me enseñaron a manejar la honda contra los cuervos, arte antiquísimo que dominaban con maestría para defender sus cultivos y seguramente en el pasado su propia vida ante las agresiones normandas y vikingas.

En Octubre del 73 se inició el largo éxodo hacia la costa y abandonaron la isla agobiados por la falta de un puerto de abrigo para sus barcos, necesidad que separaba a las familias por largos periodos de incomunicación invernal cuando tras la venta del pescado en tierra el temporal imposibilitaba el atraque de los pesqueros que debían regresar a la Isla.

Así, provocado por el falso imperativo de conservar la flora y la fauna olvidando el factor humano, una comunidad que supo mantener su lengua pura y viva, conservado su cultura y sus tradiciones con un profundo humanismo y sobre todo, una comunidad que amaba su tierra, la tierra de sus antepasados desde tiempo inmemorial, perdió su espacio para siempre llevándose con ellos su conocimiento y su cultura que, como el barril de joyas “oculto” en la legendaria “cova dos mouros”, no pudo sobrevivir a la proximidad del veneno y de la pólvora.

ACTIVIDADES “Pineiróns”

Agradecemento á:

Colabora



CONCELLO DE O GROVE
CASA DE CULTURA DE O GROVE

QUE FUTURO LLE ESPERA AO COMPLEXO ONS-O GROVE?

Por: Cosme D. Romay Cousido, Emilio Martínez Sabarís

O Complexo Ons-O Grove é unha zona legalmente protexida encravada no extremo suroeste galego, a cabalo das rías de Arousa e Pontevedra. Comprende parte dos territorios municipais do Grove, Sanxenxo, Meaño, Cambados e A Illa de Arousa, ademais das illas de Ons e Onza, pertencentes a Bueu. Este contorno natural comprende as seguintes figuras de protección: (a) Lugar de Importancia Comunitaria (Complexo Ons-O Grove, código ES1140004, 7507 ha), proposto para integrar a Rede Natura 2000 a nivel europeo. (b) Zona Húmida de Importancia Internacional (Humidal Ramsar “Complejo intermareal Umia-Grove”, 7ES011, 2561 ha). (c) Zona de Especial Protección para as Aves (Complexo intermareal Umia-O Grove, A Lanzada, Punta Carreirón e Lagoa Bodeira, ZEPA ES0000087, 2813 ha). (d) Humidal Protexido (Complexo intermareal Umia-O Grove-A Lanzada, 2477 ha).

Ademais, o arquipélago de Ons, incluíndo dentro do Complexo Ons-O Grove, tamén se inclúe dentro de: (e) Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia e (f) Zona de Especial Protección para as Aves (Illa de Ons, ZEPA ES0000254, 924 ha).

O Complexo Ons-O Grove posúe unha inmensa variedade de hábitats, con produtivos intermareais (refuxio de milleiros de aves acuáticas), cordóns dunares dunha extraordinaria diversidade botánica, zonas húmidas de auga doce de grande interese faunístico e florístico, bosques de ribeira, pequenas masas de carballos (*Quercus robur* e *Q. pyrenaica*) e rochedos litorais entre moitos outros, cunha biodiversidade das máis ricas e valiosas de toda Galicia.

Así, o istmo da Lanzada acubilla unha vexetación dunar única en Galicia (*Alyssum loiseleurii*, *Linaria polygalifolia*, *Centaurea polycantha*, *Atriplex laciniata*, *Iberis procumbens*, *Scilla merinoi* e *Viola kitaibeliana*), así como masas de *Salix repens*.

As pradeiras de *Zostera noltii* e *Z. marina*, a xunqueira de *Schoenoplectus pungens* e a asociación de *Suaeda vera* e *Cistanche phelypaea* caracteriza á praia e marisma do Vao. *Linaria arenaria* medra no litoral de Ardia. *Ruppia maritima*, *Ranunculus baudotii* e *Elatine macropoda* son propias, por exemplo, da lagoa da Bodeira. Na Illa de Arousa atópanse poboacións importantes de *Salix repens* e de *Linaria arenaria*. En Ons medra o endemismo *Cytisus insularis* (únicas poboacións mundiais en Ons e A Vionta), *Rumex rupestris*, *Linaria arenaria*, *Angelica pachycarpa*, *Armeria pubigera*, *Leucanthemum merinoi* e *Silene uniflora*.

A única poboación galega de *Lupinus micranthus* medra nos cantís de Faxilda (Sanxenxo). A orquídea *Spiranthes aestivalis* é vulnerable en Galicia, e está citada na Lanzada e no Recón (Sanxenxo).

A fauna tamén posúe un gran valor conservacionista, debido especialmente á nutrida invernada de aves acuáticas,

a máis importante de Galicia no tocante a número (máis de 20000 exemplares cada inverno) e diversidade de especies (*Platalea leucorodia*, anátidas, limícolas, gaivotas, entre outras). O amplo elenco de aves (298 especies rexistradas, incluíndo o ameazado *Emberiza schoeniclus lusitanica*) vese complementado cunha excelente lista de mamíferos (presenza de *Tursiops truncatus* e *Rhinolophus hipposideros*, considerados vulnerables en Galicia), anfíbios (incluíndo *Pelobates cultripes* e *Hyla molleri*, tamén vulnerables), réptiles (*Chalcides bedriagai*, poboacións insulares de varias especies, *Caretta caretta*; todos eles considerados ameazados no ámbito galego), peixes (*Anguilla anguilla*, *Gasterosteus gymnuris*, ameazados en Galicia) e invertebrados (entre os mariños, *Nassarius Pfeifferi*, *Ficulina ficus* e *Doris verrucosa*; e entre os terrestres a bolboreta *Euphydryas aurinia*, o coleóptero *Zabrus pinguis*, as libélulas *Coenagrion scitulum*, *C. mercuriale* e *Oxygastra curtisii*) e as chinches *Loxocnemis dentator* (única poboación galega na Lanzada) e *Brachynema purpureomarginatum* (asociada a *Suaeda vera*, quizais a única poboación do norte ibérico).

É necesario un estudo máis fondo doutros grupos de seres vivos (por exemplo fungos, liques, chinches, dípteros e arañas, entre outros), para así detectar especies de conservación sensible e poder encetar así a súa protección.

A pesar disto, o Complexo Ons-O Grove é un espazo que sofre unha abafante presión humana, e de modo recorrente, agresións que alteran ou destrúen os hábitats e as especies que son característicos (e a miúdo únicos) da zona. Con frecuencia estas agresións quedan impunes, aínda sendo moi numerosas as denuncias de particulares que, de modo altruísta, percorren este espazo natural tentando poñer de manifesto a súa riqueza natural e a necesidade da súa preservación.

Ademais das detalladas no anexo fotográfico deste artigo, existen tamén outras ameazas que afectan tanto á zona protexida como ao seu contorno inmediato: campo de golf sobre a faldra sur do monte da Siradella (O Grove), desdoblamento da VG 4.1 (afectando ao humidal do Recón, Sanxenxo), “rexeneración” do Recón (no que está previsto alterar o seu réxime hídrico), paseo costeiro por terras de Cambados e Meaño, crecente eucaliptización do perímetro do Complexo, tendidos eléctricos (con elevado risco de colisión por parte de aves e grande impacto visual), urbanizacións preto ou incluso dentro do espazo protexido, uso de praguicidas nos cultivos, entre un longo etcétera.

Todo isto fai enxergar un futuro incerto sobre un espazo protexido, o Complexo Ons-O Grove, tradicionalmente considerado como unha das xoias naturais de Galicia. Está da nosa man e tamén da man dos nosos gobernantes garantir a súa preservación para as vindeiras xeracións.

Referencias

- Álvarez, A.; Caamaño, V. M.; Rey, X. L.; Rodríguez, Á. & Rodríguez, J. 1991. *A enseada do Umia-O Grove*. Asociación de Ensinantes do Salnés (CANDEA). 184 pp. · Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia. 2007. Decreto 88/2007 do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas. *Diario Oficial de Galicia* 89: 7409-7423. · García, X. R. 2008. *Guía das plantas de Galicia*. Edicións Xerais de Galicia, Vigo. 512 pp. · Martínez, E. 2013. *O Grove, Sanxenxo, Meaño: natureza e biodiversidade*. URL: ogrovesanxenxonaturezabiodiversidade.blogspot.com (con acceso: 28/2/2013). · Romay, C. D. 2009. *100 aves comúns do municipio do Grove e áreas veciñas*. Concello do Grove-Fundación Biodiversidad-Xunta de Galicia. 232 pp. · Vázquez, X. & Romay, C. D. 2011. *Turismo ornitolóxico: Complexo Ons-O Grove*. Turgalicia. URL: www.turgalicia.es/observacion-de-aves-no-complejo-ons-o-grove (con acceso: 28/2/2013).

Foto 1.-Problema: construción de infraestruturas públicas. **Impacto:** alteración do hábitat (incluíndo o veciño intermareal), con eliminación da vexetación autóctona e aumento do risco de erosión; perda de continuidade de hábitats naturais; aumento de molestias humanas e por animais domésticos na zona. **Fotografía:** novo paseo litoral en Dena (Meaño), dentro do espazo protexido, a carón do esteiro do río da Chanca; marzo de 2012.

Foto 2.-Problema: construción de infraestruturas privadas. **Impacto:** dano de zonas de interese natural (regatos, ríos, charcas, brañas), afectando a zonas de vexetación autóctona e alterando a dinámica natural das augas. **Fotografía:** rego de Baltar (Sanxenxo), maio de 2011.

Foto 3.- Problema: recheos en zonas húmidas. **Impacto:** destrución de formacións vexetais e especies singulares; alteración da dinámica hídrica natural do terreo; introdución fortuíta de sementes de especies de plantas foráneas. **Fotografía:** O Recón (Sanxenxo), obra que contou, paradoxalmente, co permiso da Xunta de Galicia, e que danou un xunco protexido (*Schoenoplectus pungens*) e destruíu case completamente unha poboación excelente dunha orquídea escasa en Galicia (*Epipactis palustris*); febreiro de 2012.

Foto 4.- Problema: falta de claridade na delimitación do espazo público marítimo-terrestre. **Impacto:** imposibilidade de percorrer o litoral e as ribeiras sen entrar en propiedades privadas, algunhas lindantes co límite da marea alta e dentro do espazo protexido. **Fotografía:** Arnosa (Sanxenxo), marzo de 2012.

Foto 5.- Problema: residuos industriais (sólidos e gasosos). **Impacto:** alteración da fisionomía natural do litoral do espazo protexido, cun notable impacto visual; emisión de gases resultantes da queima de aceites. **Fotografía:** Arnosa (Sanxenxo), marzo de 2012.

Foto 6.- Problema: residuos urbanos (sólidos). **Impacto:** presenza de pequenos vertedoiros incontrolados de lixo e entullos de obra en varios puntos do espazo natural. **Fotografía:** esteiro do río da Chanca (Sanxenxo), febreiro de 2012.

Foto 7.- Problema: verteduras urbanas e de conserveiras (líquidas). **Impacto:** ausencia de salubridade na zona, e en especial dos lodos circundantes; diminución da calidade da auga do contorno mariño próximo. **Fotografía:** esteiro do río da Chanca (Meaño), dentro da zona protexida; xullo de 2012.

Foto 8.- Problema: obras públicas en zona protexida. **Impacto:** importantes danos na vexetación dunar; noutras obras houbo unha afección importante en pequenos redutos de vexetación arbórea autóctona, como no humidal do Recón. **Fotografía:** istmo do Vao (O Grove), 2012.

Foto 9.- Problema: impacto da limpeza mecánica de praias sobre as plantas. **Impacto:** destrución de moreas de argazos na ribeira, cuxo proceso de descomposición é moi importante para o mantemento da biodiversidade das praias; tamén destrución de vexetación dunar da primeira liña do areal, importante para as crías de pillara das dunas (*Charadrius alexandrinus*) e para algúns invertebrados. **Fotografía:** praia da Lanzada (O Grove), abril de 2012.

Foto 10.- Problema: impacto da limpeza mecánica de praias sobre a fauna. **Impacto:** destrución de niñadas de pillara das dunas; eliminación de refuxios para pequenos insectos das praias, como o escaravello *Eurynebria complanata*; molestias ás aves que repousan na praia. **Fotografía:** praia da Lanzada (O Grove), minutos despois do paso de maquinaria que destruíu tres postas desta especie considerada *vulnerable* en Galicia; abril de 2012.

Foto 11.- Problema: incendios. **Impacto:** desaparición da cuberta de vexetación e exposición do chan á erosión; as cinzas son arrastradas polas choivas cara ás lagoas e ao mar ocasionando problemas ás comunidades de zooplancto e fitoplancto. **Fotografía:** barreiras de Rouxique (Sanxenxo), setembro de 2012.

Foto 12.- Problema: rozas nos bordos de camiños na época de cría de aves. **Impacto:** destrución de zonas de cría e alimentación de pequenos paxaros, e a miúdo de niñadas enteiras; tamén sobre poboacións de insectos (bolboretas, sírfidos, chinches). **Fotografía:** O Recón (Sanxenxo), agosto de 2012.

Foto 13.- Problema: talas de amieiros (*Alnus glutinosa*). **Impacto:** alteración dos ecosistemas de ribeira, con elevada perda de biodiversidade asociada a estas formacións forestais. **Fotografía:** rego de Baltar (Sanxenxo), marzo de 2012.

Foto 14.- Problema: rozas incontroladas de xuncos e paso de tractores dentro do espazo protexido. **Impacto:** afección da poboación do escasísimo xunco *Schoenoplectus pungens*, especie considerada en perigo en Galicia; molestias ás aves, pisoteo de vexetación e eliminación de valume da praia pola actividade de tractores. **Fotografía:** praia do Vao (O Grove), agosto de 2012

Foto 15.- Problema: flor de coitelo (*Carpobrotus edulis*). **Impacto:** desprazamento de plantas autóctonas, sobre todo en cordóns dunares, especialmente grave no caso de especies ameazadas como *Linaria arenaria* e *Alyssum loiseleurii*. **Fotografía:** Magor (Sanxenxo), abril de 2012.




Foto 1



Foto 2




Foto 3



Foto 4




Foto 5




Foto 6



Foto 7




Foto 8




Foto 9



Foto 10



Foto 11



Foto 12



Foto 13



Foto 14




Foto 15

Foto 16.- Problema: herba da Pampa (*Cortaderia selloana*), planta alóctona orixinaria de Sudamérica. **Impacto:** desprazamento de plantas autóctonas, debido ao seu extraordinario poder invasivo. Outras plantas invasoras con efectos devastadores no Complexo Ons-O Grove son: *Azolla filiculoides* (lagoa da Bodeira), *Arctotheca calendula* (zonas dunares) e *Tradescantia fluminensis* (cultivos e ribeiras). **Fotografía:** Magor (Sanxenxo), marzo de 2012.

Foto 17.- Problema: bicos de coral (*Estrilda astrild*), especie alóctona orixinaria de África. **Impacto:** posible competencia polo alimento con outras aves autóctonas, así como potenciais vectores de doenzas e parasitos. **Fotografía:** campos do Recón (Sanxenxo), setembro de 2012.

Foto 18.- Problema: violación dos límites das zonas consideradas oficialmente refuxio de fauna. **Impacto:** caza ilegal de aves en zonas protexidas; molestias a outra fauna; perigo para paseantes que percorren a zona protexida. **Fotografía:** Dena (Meaño) febreiro de 2012.

Foto 19.- Problema: redes en cultivos de millo. **Impacto:** mortalidade accidental de pequenas aves. **Fotografía:** liñaceiro (*Carduelis cannabina*) morto nun campo de millo en Rouxique (Sanxenxo), setembro de 2012.

Foto 20.- Problema: pesca dentro do espazo protexido, onde a actividade non está permitida. **Impacto:** molestias (crecentes) ás aves e afección ás comunidades piscícolas protexidas. Paradoxalmente, o Complexo Ons-O Grove converteuse nun referente a nivel galego no que á pesca deportiva se refire. **Fotografía:** pesca desde embarcación nos Leiros (Sanxenxo), febreiro de 2012.

Foto 21.- Problema: tráfico rodado dentro do espazo natural. **Impacto:** atropelos, como o desta lontra (*Lutra lutra*) coa columna vertebral esnaquizada (leva as patas traseiras arrastrando); tamén se ven afectados anfibios, réptiles e aves. **Fotografía:** marisma do Vao (O Grove), 2011

Foto 22.- Problema: cans asilvestrados e domésticos ceibes. **Impacto:** molestias importantes ás aves que se alimentan e repousan, con casos de depredación directa de niñadas e tamén sobre adultos; tamén sobre mamíferos silvestres. **Fotografía:** esteiro do río da Chanca (Meaño/Sanxenxo), xullo de 2012.

Foto 23.- Problema: deportes dentro da zona protexida. **Impacto:** molestias ás aves que se alimentan, repousan ou aniñan en especial en areais da zona protexida e tamén na marisma do Vao; os deportes e vehículos con maior impacto son os quads, o motocross, o paramotor, as motos de auga, o kitesurf e o piragüismo. **Fotografía:** istmo do Vao (O Grove), 2011.

Foto 24.- Problema: ruídos. **Impacto:** molestias causadas pola luz e son de fogos de artificio, bombas de palenque e música a volume elevado, en ocasións dentro do espazo protexido e en épocas críticas para a migración de aves. **Fotografía:** Arnosa (Sanxenxo), setembro de 2012.




Foto 16



Foto 17




Foto 18



Foto 19




Foto 20



Foto 21




Foto 22



Foto 23



Foto 24